

Orzamentos
2017

MEMORIA TOMO I



MEMORIA

TOMO I

CONTIDO

I.	OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017	7
I.1.	ÁMBITO ORZAMENTARIO	9
I.2.	CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	19
I.3.	CONTIDO DOS ORZAMENTOS	22
I.4.	ESTRUTURA ORZAMENTARIA	22
II.	O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL	25
II.1.	INGRESOS	30
II.1.1.	SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO	34
II.1.2.	ANÁLISE POR CAPÍTULOS	41
II.1.3.	O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2016	59
II.2.	GASTOS	73
II.2.1.	ANÁLISE POR CAPÍTULOS	81
II.2.2.	ANEXO SOBRE CONTRATOS COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA	105
II.2.3.	DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓNS ORZAMENTARIAS	106
III.	OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO	143
III.1.	ORGANISMOS AUTÓNOMOS	146
III.2.	ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO	164
IV.	OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	169
V.	CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO	203
V.1.	INGRESOS	209
V.2.	GASTOS	212
V.3.	A CONTA FINANCEIRA	227

VI.	ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	231
VII.	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	237
VIII.	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	241
IX.	SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	245
X.	FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	249
XI.	DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	253
XII.	O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO	259
XII.1.	LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017	261
XII.2.	MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2017.	265



OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes”. En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financeira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integridos por:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orzamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orzamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financieira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que as entidades instrumentais ás que se refire o apartado cinco da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, se adecuarán ao disposto na citada lei para as axencias públicas autonómicas.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia

ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Na elaboración dos orzamentos tense en conta que o día 1 de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello N° 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reempraza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010 no ámbito das contas públicas cabe citar os relativos á capitalización dos gastos de I+D, o tratamento dos swaps de intereses, a asignación dos impostos á unidade das administracións públicas que este habilitada para a súa existencia, de xeito que o IVA e os impostos especiais que anteriormente rexistrábanse nas contas do sector das comunidade autónomas como impostos propios e, simultaneamente, como menores impostos do Estado, pasan a rexistrarse como impostos estatais e impútanse como gasto do Estado ás comunidades en concepto de transferencias correntes entre administracións públicas.

Entre todos os cambios destaca pola súa importancia a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas. Ao respecto introduce importantes modificacións que se dirixen ao reforzamento do criterio de control público da entidade, ampliando os indicadores que deben terse en conta para determinar se unha entidade está controlada ou non polas administracións públicas. Entre estes indicadores teñen especial relevancia os seguintes: determinar se a administración é o cliente principal; avaliar o grao de participación da administración no financiamento da súa actividade; comprobar o control público no nomeamento ou na revogación do persoal directivo; e, finalmente, verificar o control público dos principais comités da entidade.

En consecuencia, no SEC-2010, ademais de aplicar a “regra do 50%”, é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns dos criterios cualitativos adicionais mencionados para asegurar que realmente a unidade opera en condicións de mercado ou debe revisarse a súa clasificación e integrarse no sector de Administración Pública. Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo da ratio vendas/custos que se emprega para aplicar a “regra do 50%”. En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.



Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2016 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

Escola Galega de Administración Pública.

Academia Galega de Seguridade Pública.

Instituto Galego de Estatística.

Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Instituto de Estudos do Territorio.

Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Servizo Galego de Saúde.

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Fondo Galego de Garantía Agraria.

Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:

Consello Económico e Social de Galicia.

Consello Galego de Relacións Laborais.

Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Axencia de Turismo de Galicia.

Axencia Galega de Emerxencias.

Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable.

Axencia Tributaria de Galicia.

Axencia Galega de Infraestruturas.

Instituto Enerxético de Galicia.

Instituto Galego de Promoción Económica.

Axencia Galega de Innovación.

Axencia Galega das Industrias Culturais.

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Axencia Galega de Servizos Sociais.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
Augas de Galicia.
- Consellería do Mar:
Portos de Galicia.

Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

Consortio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento aos Consellos de Cervo e Burela.

- Consellería de Infraestruturas e Vivenda:
Consortio Casco Vello de Vigo.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- Consellería de Política Social:
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.

Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
Corporación Radio Televisión de Galicia S.A.
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.
- Consellería de Infraestruturas e Vivenda:
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

Sociedade do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

- Consellería de Economía, Emprego e Industria:
Sociedade Galicia Calidade, S.A.

Xes Galicia, Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco, S.A.

Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco.

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

- Consellería de Sanidade
Galara, Empresa Pública de Servicios Sanitarios, S.A.

- Consellería do Medio Rural:
Xenética Fontao, S.A.

Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A.

Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
Fundación Deporte Galego.
- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Publicas e Xustiza:
Fundación Semana Verde de Galicia.

Fundación Galicia Europa.

- Consellería de Economía, Emprego e Industria:
Fundación Galega de Formación para o Traballo.

Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

Instituto Feiral de A Coruña.

Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño.

Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

-
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia.

Fundación Pública Camilo José Cela.

Fundación Rof Codina.
 - Consellería de Sanidade:
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 06 I.

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
 - Consellería de Política Social:
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas.
 - Consellería do Medio Rural:
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
 - Consellería do Mar:
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2017							
Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consortorios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
01 Parlamento							
02 Consello de Contas							
03 Consello da Cultura Galega							
04 Presidencia da Xunta			- A mtega - Axencia de Turismo de Galicia			- RETEGAL S.A. - S.A. Xestión Xacobeo - Corporación Radio Televisión de Galicia S.A.	- F. Deporte Galego
05 Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	- EGAP - AGASP		- Axencia Galega de Emerxencias				- F. Semana Verde de Galicia
06 Facenda	- IGE	- CES	- CIXTEC - Axencia Tributaria de Galicia				- F. Galicia Europa
07 Medio Ambiente e Ordenación do territorio	- IET			- Augas de Galicia	- APLU - Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia - C. Xestión e Explot. da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	- Sogama S.A.	
08 Infraestruturas e Vivenda	- IGVS		- Axencia Galega de Infraestruturas		- Consorcio Casco Vello de Vigo	- XESTUR S.A. - SPI Galicia S.A.	
Orzamento consolidado da comunidade autónoma				Entidades públicas que presentan PAIF			

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2017 (continuación)									
Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Avencias Públicas Autónomas	Entidades Públicas Empresariais	Consortorios Autónomos	Sociedades Mercantís Públicas Autónomas	Fundacións do Sector Público Autónomo		
09 Economía, Emprego e Industria	- Instituto Galego do Consumo e da Competencia - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	- Consello Galego de Relacións Laborais	- INEGA - IGAPE - Avencia Galega de Innovación			- Galicia Calidade S.A. - XES Galicia S.A. - Sodiga Galicia - Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.	- Feiras e Exposicións de Lugo - F. Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia - Instituto Feiral de A Coruña - F. Exposicións e Congresos de A Estrada - F. Centro Galego de Artesanía e Deseño - F. Feiras e Exposicións de Ourense - F. Avencia Enerxética Provincial da Coruña - F. Galega de Formación para o Traballo		
10 Cultura, Educación e Ordenación Universitaria			- Agadic		- Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia - Bibliotecas Universitarias de Galicia		- F. P. Cidade da Cultura de Galicia - F. P. Camilo José Cela - Fundación Rof Codina		
11 Sanidade	- Sergas		- Avencia Galega Xestión do Conhecimento en Saúde - Avencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos			- Galaria S.A.	- F. Instituto Galego de Oftalmoloxía - F. Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 - F. Pública Galega de Medicina Xenómica		
12 Política Social			- Avencia Galega de Servizos Sociais		- C. Galego de Servizos de Igualdade e Benestar		- F. P. Galega para a Tutela de Persoas Adultas		
13 Medio Rural	- FOGGA		- Agader - Ingacal - Intecmar			- Xenética Fontao S.A. - Seaga S.A.	- F. Centro Tecnolóxico da Carne		
14 Mar				- Portos de Galicia			- F. Centro Tecnolóxico do Mar		
20 Consello Consultivo de Galicia									
21 Transferencias a CC.LL.									
22 Débeda Pública da CA									
23 Gastos de diversas Consellerías									
Orzamento consolidado da comunidade autónoma			Entidades públicas que presentan PAIF						

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orden HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

Presidencia da Xunta de Galicia				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Deporte Galego	FUNDACION	SI	AP	SI
Corporación Radio Televisión de Galicia S.A.	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Sociedade de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A	SOCIEDADES	SI	ENF	SI
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Galicia Europa	FUNDACION	-	-	SI
Fundación Semana Verde de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio				
Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Augas de Galicia	EPE	SI	AP	SI
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	CONSORCIO	SI	AP	SI
Centro Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia	CONSORCIO	SI	AP	SI
Consortio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	CONSORCIO	SI	AP	SI
Sociedade Galega de Medioambiente S.A	SOCIEDADES	SI	ENF	SI

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Consortio Casco Vello de Vigo	CONSORCIO	SI	AP	SI
Sociedade Pública de Inversións de Galicia S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	FUNDACION	SI	AP	SI
Instituto Feiral de A Coruña	FUNDACION	SI	P	SI
Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	FUNDACION	SI	ENF	SI
Instituto Feiral de Vigo	FUNDACION	SI	ENF	NON ⁽¹⁾
Fundación Galega de Formación para o Traballo	FUNDACION	SI	AP	SI
SODIGA GALICIA, Sociedade de Capital Risco	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xesgalicia Sociedade Xestión Entidades de Capital Risco S.A	SOCIEDADES	SI	EF	SI
Sociedade Galicia Calidade, S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Sotavento Galicia, S.A.	SOCIEDADES	SI	ENF	NON ⁽¹⁾

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	CONSORCIO	SI	AP	SI
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Rof Codina	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Camilo José Cela	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Sanidade

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	FUNDACION	SI	AP	SI
GALARIA Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Consortio Oncolóxico de Galicia	CONSORCIO	SI	P	NON ⁽²⁾

Consellería de Traballo e Benestar

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería do Medio Rural

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	FUNDACION	SI	AP	SI
Empresa Publica de Servizos Agrarios Galegos S.A (SEAGA)	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xenética Fontao S.A	SOCIEDADES	SI	ENF	SI

Consellería do Mar

Entidades	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Portos de Galicia	EPE	SI	ENF	SI
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	FUNDACION	SI	ENF	SI

(1) Non cumpren a obriga de presentar o orzamento

(2) Sen actividade

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir, dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado o texto articulado, que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2017, e concretase na aprobación dos orzamentos, é dicir a previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.



En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos, cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autónomas, consorcios e fundacións do sector público autónomo.

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan, e tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
 - Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
 - Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha triple clasificación:


1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela, xa que de conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.



Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

1. As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.
2. As demais entidades non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.



O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias, ou indirectamente a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico, e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Polo que respecta aos organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas, estas transferencias configuran a maior parte dos seus recursos.

No ano 2017 destaca, dentro dos organismos autónomos, os ingresos propios do Sergas que conta con mais de 57 millóns de euros no capítulo III correspondentes, principalmente, á prestación de servizos a satisfacer polas compañías aseguradoras como consecuencia da atención médica derivadas de accidentes do tráfico. Tamén, neste grupo de entidades, ten especial relevancia o Instituto Galego de Vivenda e Solo, con 19 millóns de euros, formados fundamentalmente polos procedentes da venda e aluguer de soares e de vivendas que figuran orzados nos capítulos V e VI, e que experimentan un gran incremento respecto ao ano anterior, así como a achega da Autoridade Portuaria de Vigo e do Consorcio Zona Franca segundo acordo da Comisión de Seguimento destinada á realización de obras na Plataforma Loxística - Industrial Salvaterra - As Neves.

Dentro das axencias públicas autonómicas, a Axencia Galega de Turismo conta con 3,2 millóns de euros de prezos procedentes do Centro Superior de Hostalería e a Axencia de Servizos Sociais con 1,45 millóns de euros dos prezos de garderías e xardíns infantís. O Instituto Galego de Promoción Económica con importantes ingresos propios de carácter financeiro que neste exercicio se sitúan por enriba de 7 millóns de euros. Destaca tamén o Instituto Galego de Calidade Alimentaria, cuns ingresos propios que manteñen o peso acadado en anos anteriores e representan case un terzo do seu orzamento con especial significación dos prezos dos consellos reguladores e de ingresos diversos así como de transferencias do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria por proxectos de investigación. Por último, sinalar a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos, que conta cuns prezos por venda de hemoderivados, plasmaderivados e probas analíticas con 4,2 millóns de euros, así como ingresos moi significativos por encomendas do Servizo Galego de Saúde.

Con diferentes matices o papel financiador da Administración Xeral tamén é relevante no caso das entidades públicas empresariais. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia e por outra banda, Augas de Galicia conta, dentro do seu orzamento, con ingresos procedentes de taxas e prestacións de servizos, co Canon de Saneamento, Canon da Auga, e Coeficiente de

Vertedura, taxa creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia que representan a maior parte dos seus ingresos de xestión ordinaria.

Por último, as transferencias das consellerías revisten unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

Respecto do escenario macroeconómico para Galicia, a previsión é de manter unha senda de crecemento nos próximos anos, asentada no incremento da achega tanto da demanda interna como da externa. Neste ámbito destacan:

- i. Un crecemento sostido da demanda interna, aínda que lixeiramente por baixo do correspondente ao 2016.
- ii. Continuidade no dinamismo da formación bruta de capital, que superará á de 2016.
- iii. Minoración do forte impulso das exportacións durante o último ano como consecuencia da desaceleración prevista para España e algúns dos países da nosa contorna.
- iv. Por último, continuará o bo comportamento da ocupación e a taxa de paro continuará caendo, de maneira que diminúa en 2017 case dous puntos ata o 15,6%.

En consecuencia, conforme a este escenario a posición cíclica da economía galega mostra unhas previsións de crecemento para os próximos exercicios que, comparado co previsto para España, presenta un diferencial moi pequeno entre a nosa comunidade e o conxunto nacional.

Este escenario favorable ten a súa repercusión no ámbito dos recursos orzamentarios dispoñibles pola Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017, que permiten manter o cambio de tendencia na orientación do seu gasto público iniciado no ano anterior, de maneira que vai resultar posible unha política orzamentaria máis expansiva e a aplicación dunha rebaixa fiscal nos tributos cedidos á Comunidade Autónoma, que vai permitir devolver aos galegos unha parte substancial do esforzo fiscal soportado en anos anteriores. É constatable o maior crecemento das bases impositivas durante o 2017, tanto a nivel nacional como autonómico, que permitirán non só absorber, senón tamén compensar positivamente, a redución de impostos realizada en anos anteriores e continuada para o próximo exercicio na lei que acompaña a estes orzamentos.

Os recursos que proporcionará o sistema de financiamento manteñen a mellora iniciada no 2016. Nesta área, destaca fundamentalmente o importe da liquidación correspondente a 2015 que se recibirá en 2017, sitúase de novo nos seus importes usuais ao redor dos 350 millóns de euros e reflicte o bo desempeño fiscal que ofreceu o exercicio sinalado froito da mellora na actividade económica, ao superar os dereitos recoñecidos no mesmo as previsións orzamentarias inicialmente consignadas como é constatable á vista dos datos actualmente coñecidos.

En 2017, outro factor que tamén incide positivamente na política orzamentaria prevista. Non debemos esquecer que o xogo dos novos mecanismos crediticios, fundamentalmente as

facilidades financeiras proporcionadas polo Estado, incidíu na nosa carga financeira, de maneira que se vai a xerar un aforro nos gastos de intereses a satisfacer pola nosa débeda viva.

Polo que respecta aos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais, a súa evolución estable vai depender en gran parte do comportamento das súas principais figuras tributarias (Imposto de Transmisión Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e Imposto de Sucesións e Doazóns), ambos vinculados, en gran medida, á evolución do mercado da vivenda.

Este mercado, especialmente no que incumbe á vivenda usada, despois de estabilizarse desde finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias debe favorecer a valoración dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositivas tanto do ITP-AJD como do Imposto de Sucesións e Doazóns.

A conxunción dos factores descritos permite que os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 combinen o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria co reforzo do compromiso co gasto social, así como consolidar retornos a favor de todos os cidadáns galegos, entre os que se reitera, mediante a recuperación da contía do complemento específico, o especial recoñecemento para os empregados do sector público galego que realizaron unha achega esencial á consecución dos obxectivos de consolidación fiscal nos exercicios anteriores.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sustentabilidade dos servizos públicos nun contexto de forte baixa dos ingresos, para iso fíxose un importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico, así como a consecución de economías en gastos de funcionamento. Este control do gasto posibilitou a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dos servizos públicos que lle competen, así mesmo mediante o financiamento das actuacións de fomento dos diferentes sectores produtivos e actuacións tributarias puntuais tentouse dinamizar a economía galega.

En definitiva, no ano 2017, a comunidade vai aplicar unha política orzamentaria na que estará presente unha actividade máis expansiva, unida a unha política fiscal que pon o acento no retorno aos cidadáns orientado ao crecemento da súa renda dispoñible.

Pero ademais, Galicia tamén se marca como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2017-2019, informado para o 2017 polo Consello de Política Fiscal e Financeira nunha necesidade de financiamento do 0,5% do PIB en termos de contabilidade nacional. O cumprimento deste obxectivo determina unha orientación do gasto, que prioriza, unha vez máis, o de marcado carácter social (sanidade, educación, protección e asistencia social, igualdade, vivenda).

Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e no 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación “a priori” do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao amparo do parágrafo un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2017 en 9.063 millóns de euros. Finalmente, o gasto non financeiro recolleito nos orzamentos da comunidade autónoma para 2017 respecta o devandito teito de gasto e supera o importe dos orzamentos do exercicio anterior en máis de 250 millóns de euros.

II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 10.550,7 millóns de euros incrementándose nun 5,1% respecto aos do ano 2016.

Aumentan tanto os ingresos correntes como os de capital e tamén os derivados de operacións financeiras.

Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia

Distribución económica							
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
I	Impostos directos	2.194.298	2.236.274	41.976	1,9	21,9	21,2
II	Impostos indirectos	3.242.799	3.226.456	-16.343	-0,5	32,3	30,6
III	Taxas, prezos e outros ingresos	95.289	95.188	-101	-0,1	0,9	0,9
IV	Transferencias correntes	2.258.976	2.346.663	87.687	3,9	22,5	22,2
V	Ingresos patrimoniais	10.300	4.019	-6.281	-61,0	0,1	-
OPERACIÓNS CORRENTES		7.801.662	7.908.600	106.938	1,4	77,7	75,0
VI	Alleamento de investimentos reais	160	170	10	6,3	-	-
VII	Transferencias de capital	574.869	599.082	24.213	4,2	5,7	5,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		575.029	599.252	24.223	4,2	5,7	5,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		8.376.691	8.507.852	131.160	1,6	83,5	80,6
VIII	Activos financeiros	16.071	22.180	6.109	38,0	0,2	0,2
IX	Pasivos financeiros	1.644.799	2.020.665	375.866	22,9	16,4	19,2
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1.660.870	2.042.844	381.974	23,0	16,5	19,4
Total		10.037.561	10.550.696	513.135	5,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os ingresos por operacións correntes incrementáanse neste exercicio en 106,94 millóns de euros. As causas do comportamento destes ingresos responden a diversos factores:

Os recursos procedentes do sistema de financiamento suxeitos a liquidación incrementáanse en 78,98 millóns de euros.

Por unha parte, aumentan os ingresos a percibir como entregas a conta do exercicio nun 1,14% conforme as estimacións realizadas pola Consellería de Facenda, que se explican no apartado seguinte, sobre o comportamento da recadación por tributos para o ano 2017 e conseqüentemente da participación nestes da comunidade autónoma.

Por outra, no ano 2017 percibirase a liquidación do ano 2015. Tal e como se explica no apartado seguinte, a estimación desta liquidación alcanza unha contía practicamente idéntica á do ano pasado.

O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) case non sofre alteracións respecto ao orzamento do ano 2016 como consecuencia, principalmente, do incremento previsto das transmisións de segunda man de bens inmobles pola evolución do sector inmobiliario, pero tamén pola execución do plan de comprobacións extraordinarias, así como pola diminución reflectida pola posible aprobación dos novos beneficios fiscais incluídos na lei de medidas.

O mercado da vivenda usada, despois de estabilizarse desde finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias debe favorecer a valoración dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositivas do imposto.

Dentro dos impostos directos, o Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito ten unha previsión de recadación para o ano 2017 de case 21 millóns de euros, cifra moi similar á do ano 2016, xa que a previsión de variación dos depósitos bancarios é case nula.

O Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM), tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter ambiental e orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia, orzáméntase cunha recadación mínima para o ano 2017, como consecuencia dos datos esperados sobre as bases impositivas á data que se producirá a devindicación deste imposto que é o 31 de decembro do ano 2016.

O tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos mantén o previsto no artigo 18 do Texto Refundido das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo. O rendemento deste imposto estímase para 2017 en algo máis dun millón de euros con respecto a 2016 como consecuencia do incremento no consumo de combustibles en Galicia.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX) que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo. Por outra parte, inclúese a recadación esperada, case 5 millóns de euros, polo Imposto sobre Actividades de Xogo que recolle aos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos. Este imposto experimenta unha forte subida en consonancia coas elevadas previsións de crecemento do xogo on-line.

As subvencións finalistas a recibir do Estado recollidas dentro das transferencias correntes tamén se incrementan nestes orzamentos, en liña coa recuperación que xa comezou nos orzamentos dos dous anos precedentes. Aumentan o seu importe en 23,6 millóns de euros.

Entre outras, destacan as transferencias do Imserso da Dependencia xa que, a pesar de seguir suspendida a achega do Estado correspondente ao nivel acordado, o 1 de xullo de 2015 completouse a aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a tódolos graos de dependencia, ao facerse efectivo o dereito ás prestacións das persoas valoradas co Grao I Dependencia Moderada, segundo o calendario de aplicación progresiva da lei.

Incrementáanse tamén as de ámbito laboral á vista dos acordos alcanzados na Conferencia sectorial do ano 2016 para o fomento do emprego e as recibidas para a colaboración coas Axencias de colocación.

O convenio de colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establece, en aplicación da LOMCE, a participación do ministerio no financiamento da Implantación da Formación Profesional Básica e da Anticipación da Elección e Novos Itinerarios nos cursos 3º e 4º da ESO, cun importe total para 2017 de 5,07 millóns de euros, aumentando respecto ao importe recibido no exercicio anterior.

Dentro dos fondos europeos deste capítulo figura o Fondo Social Europeo do PO 2014-2020 e a Iniciativa Emprego Xuvenil YEI, con 61,8 e 18,2 millóns de euros, respectivamente. Os obxectivos xenéricos deste período son contribuír ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 de crecemento intelixente, sostible e integrador, o enfoque aos resultados así como maximizar o impacto do financiamento da Unión Europea.

Os ingresos estimados por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos tamén se incrementan, con respecto aos do ano anterior, nun 4,2%, motivado polo incremento dos fondos europeos.

As transferencias procedentes do Estado incrementan o seu importe.

Por unha parte, os Fondos de Compensación Interterritorial elévanse en case 1 millón de euros, orzamentándose no importe previsto pola Consellería de Facenda para o incremento do gasto estatal.

E por outra, as subvencións finalistas que se espera recibir tamén aumentan, fundamentalmente nas que se dirixen ao ámbito laboral. Para o 2017 mantense a tendencia pola redución da porcentaxe de cofinanciamento do Estado do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e a ausencia de cofinanciamento no caso do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

Respecto aos fondos europeos, increméntanse en 21,8 millóns de euros. As axudas procedentes do FEDER, FEADER e FEMP, que se articulan en Programas Operativos acadan nos orçamentos para 2017 un importe total de 463,9 millóns de euros e incorpóranse ingresos do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, FEAGA, similar ás cifras do orzamento de 2016.


Todo isto configura uns ingresos non financeiros de 8.507,8 millóns de euros, que superan en 131,2 os dispoñibles no ano anterior.

Finalmente os ingresos financeiros responden aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública informados polo Consello de Política Fiscal e Financeira que determinaron o límite de gasto non financeiro aprobado polo Parlamento de Galicia no mes de novembro, cun obxectivo para 2017 do 0,5% do Produto Interior Bruto, superior ao establecido inicialmente nos orçamentos de 2016 que se situaba no 0,3%. Deste xeito este tipo de recursos medra nun 23% para este ano.

Como resultado, o orzamento total da Administración Xeral para 2017 é de 10.550,7 fronte ao orzamento aprobado para o exercicio 2016, que ascendeu a 10.037,6 millóns de euros.

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orçamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntanse nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.

Distribución do orzamento de Ingresos por capítulos



II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Trala entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, intégrase o financiamento da totalidade dos servizos traspasados ás comunidades autónomas a través dos tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria, da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global.

Ademais, co obxectivo de aproximar ás comunidades autónomas de réxime común en termos de financiamento por habitante axustado e favorecer a igualdade, así como para favorecer o equilibrio económico territorial, créanse dous novos fondos de converxencia autonómica, o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación, fondo este último no que participa a

Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 24 da antedita lei, dispónse que esta participación farase efectiva no momento en que se liquiden o resto dos recursos do sistema, que para o ano 2017, practícarase aos dous anos seguintes, é dicir, no ano 2019.

CAPACIDADE TRIBUTARIA

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. Recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma, correspondente a unha participación autonómica do 50% no rendemento deste imposto.
3. Cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. Cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcohol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo estatal xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. Cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de vendas a expendedorías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. Cesión do 100% da recadación líquida derivada do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

A Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 deroga o artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social coa conseguinte supresión do Imposto sobre as Ventas Retallistas de Determinados Hidrocarburos e modifica ademais a Lei 22/2009, do 18 de decembro. Desta forma, o tramo estatal do citado imposto quedou substituído desde 2013 polo tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e o tramo autonómico quedou substituído polo tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos.

O financiamento por tributos parcialmente cedidos, polo tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e polo Imposto sobre a Electricidade recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da base de cálculo, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñezan tódolos datos do sistema.

As previsións das entregas por estes conceptos para o vindeiro ano totalizan 4.751 millóns de euros, segundo as estimacións realizadas pola Consellería de Facenda. Ao respecto cabe destacar que en 2017 o marco orzamentario enfróntase cunha situación de incerteza, posto que aínda non se conta cun proxecto de orzamentos xerais do Estado e as comunidades autónomas non dispoñen dos datos que van conformar definitivamente os seus estados de ingresos para o devandito exercicio.

Con todo, cumpre advertir que nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 a determinación destes ingresos realizouse sobre a base da información dispoñible, máis completa no caso da liquidación do ano 2015, posto que os datos globais de recadación das distintas figuras tributarias xa son coñecidos, e moi prudente no caso das entregas a conta anteriormente cuantificadas. Respecto destas últimas tívose en conta o comportamento recadatorio observado polas dúas principais figuras impositivas e, conforme ás últimas informacións publicadas pola Axencia Tributaria Estatal e o Plan Orzamentario para 2017 contido no Informe de Acción Efectiva presentado polo Goberno do Estado a mediados de outubro, establecéronse as contías.

No caso do IRPF, considerando que no 2016 presenta cifras de variación da recadación homoxénea de carácter negativo debidas ao impacto da reforma durante o primeiro semestre do ano, o crecemento respecto do ano anterior é dun 1,9%, un pouco mais da metade do crecemento (3,6%) que, o informe do Goberno, estima para a remuneración dos asalariados no ano 2017 e que é a principal fonte de rendementos deste imposto.

No caso do IVE, posto que o comportamento observado en termos homoxéneos durante o ano 2016 amosa un crecemento do 3,2% e que a previsión, no informe do Goberno, de crecemento do PIB nominal para o 2017 é dun 3,8%, estableceuse unha previsión lixeramente inferior ao comportamento actual, de xeito que as entregas a conta deste imposto supoñen un crecemento do 2,8% sobre ás do ano anterior.

O análise correspondente á evolución recadatoria dos impostos especiais nos últimos exercicios condicionou a previsión da cifra de entregas, de xeito que estableceuse un importe acorde co rendemento definitivo que correspondeu a Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2013 e 2014, situado ao redor de 840 millóns de euros, cantidade que cos datos de peche de 2015 tamén vai a ser a cifra de rendemento definitivo por estes impostos en ese exercicio. Na previsión realizada non se tivo en conta o anuncio dunha posible subida dos tipos dalgún destes impostos, posto que o funcionamento do sistema de financiamento contempla unha cláusula de revisión consistente en diminuír a contía das entregas correspondentes ao fondo de suficiencia como consecuencia das revisións de tipos que se realice no IVE e nos IIEE.

TRANSFERENCIA DO FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS

Ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais, configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, en termos normativos, e o Estado con recursos adicionais.

É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, componse de:

- 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados.
- Achega de recursos adicionais por parte do Estado. Para cada exercicio, esta achega calcúlase aplicándolle ao importe fixado no ano base do sistema, ano 2007, o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) entre este e o ano de cálculo.

No ano base, a achega de recursos adicionais por parte do Estado, establecidos no artigo 5 e 6 da Lei 22/2009, totalizaron 8.055 millóns de euros que evolucionarán segundo a variación do ITE 2017 e o ITE 2007 magnitudes aínda non coñecidas, polo que se estimou un crecemento similar ao previsto no informe de acción efectiva do Goberno para o PIB real no 2017, deste xeito as entregas correspondentes a este fondo medran un 2,2% respecto ás do ano anterior alcanzando unha contía de 1.240 millóns de euros.

Hai que sinalar que cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009, do 18 de decembro: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente distribuída en sete grupos de idade, poboación maior de sesenta e cinco anos e poboación entre cero e dezaseis anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais por doceavas partes e será obxecto da liquidación definitiva correspondente.

FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cobre a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e transferencia do Fondo de Garantía, no ano base 2007. Foi calculado inicialmente

de forma provisional para Galicia por importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do “status quo” establecido na lei.

Por último e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente o correspondente ao ano base.

Para isto, partiuse das necesidades globais de financiamento de cada comunidade correspondentes ao exercicio 2010 unha vez incrementadas cos recursos adicionais establecidos no artigo 6, para Galicia, 7.271,4 millóns de euros, comparándoas coa suma da capacidade tributaria, 5.015,3, e a transferencia positiva do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais en valores do ano 2010 calculada a partir da achega definitiva do Estado a este fondo no ano base, 1.153,1 millóns de euros. Por diferenzas, o Fondo de Suficiencia Global para Galicia no ano 2010 queda establecido en 1.102,9, importe que se converte en valores do ano base mediante a aplicación da variación entre o ITE 2010 e o ITE 2007, 0,9308, regularizándose definitivamente o Fondo de Suficiencia Global para Galicia en 2007 por importe de 1.184,9 millóns de euros.

Sen embargo, para o cálculo da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global realizada no exercicio 2016, segundo información do ministerio, partiuse dese importe calculado en 2010, no ano base, pero reducido en 621,5 millóns de euros polas revisións por variacións nos tipos impositivos estatais en 2011, 2012 e 2013 dos Impostos Especiais de Fabricación e IVE e pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio en 2011. Ademais, descóntanselle as revisións estimadas, neste caso provisionalmente, por modificacións dos tipos de 2014, 2015 e 2016, que totalizan 19,8 millóns de euros, segundo o establecido no artigo 21 da lei 22/2009, do 18 de decembro. Desta forma, a valoración no ano base do Fondo de Suficiencia Global a 1 de xaneiro de 2016, queda provisionalmente establecida en 543,7 millóns de euros. Este importe evolúciónase segundo a variación esperada entre o ITE 2017 e o ITE 2007 e dado que se descoñece esta magnitude e que neste momento tampouco pode establecerse con exactitude cal vai a ser o impacto que sobre este fondo puidera ter a anunciada subida dos tipos impositivos de algún dos impostos especiais, considerouse prudente utilizar como previsión de entrega a conta a cifra fixada como valor deste fondo a 1 de xaneiro de 2014, posto que é o último ano que foi obxecto de liquidación.

FONDOS DE CONVERXENCIA AUTÓNOMICA

Para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, crea dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado.

Polas súas características, Galicia é partícipe do seguinte:

Fondo de Cooperación:

Para completar o sistema de financiamento na busca da mellora do estado de benestar e cumprindo co obxectivo último de equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional estimulando o crecemento da riqueza e converxencia rexional en termos de renda, créase un Fondo de Cooperación das que serán beneficiarias aquelas comunidades autónomas que cumpran as condicións establecidas na lei.

A disposición transitoria segunda da Lei 22/2009 autorizaba ao Ministro de Economía e Facenda para que acordase a concesión de anticipos, a conta deste fondo, que se cancelarían cando se practicasen as liquidacións definitivas, para os anos 2009, 2010 e 2011. Para o resto de anos, sen embargo, a participación neste fondo liquidarase no momento de liquidar a totalidade dos recursos do sistema, cos datos das variables existentes nese momento. Debido a isto, neste exercicio se recibirán ingresos por este concepto que corresponden a participación da comunidade no Fondo correspondente ao ano 2015 e, polo tanto, estará incluído na liquidación a que fai referencia o apartado seguinte.

LIQUIDACIÓN DE EXERCICIOS ANTERIORES

Por unha parte, compútanse o importe das liquidacións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009, -18,9 e -65,9 respectivamente, a reintegrar neste exercicio. Segundo establece a disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012 segundo redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, o prazo de reintegro de estas liquidacións é de 20 anos dende 2012.

Cabe destacar que estas liquidacións son obxecto de axuste positivo, polo mesmo importe que se inclúe como devolución do ano, para conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional.

Respecto a liquidación do ano 2015, que se practicará durante o ano 2017, por diferenza entre o rendemento definitivo dos recursos e as entregas a contas satisfeitas, estímase que alcance 368,6 millóns de euros, que é un importe case idéntico ao do ano 2016.

Esta liquidación realizouse tendo en conta os datos de dereitos recoñecidos a 31 de decembro de 2015 correspondentes a cada un dos recursos tributarios que integran o sistema de financiamento sobre os que se aplica unha porcentaxe de participación da comunidade en base aos datos obtidos da media deles nos últimos anos. O bo comportamento do IRPF permite establecer o importe da liquidación por enriba de 100 millóns de euros. No caso do IVE a liquidación presenta signo negativo que poderá situarse no entorno dos 16 millóns de euros e no caso dos IIEE tamén é negativo e o importe dela se estima en 19 millóns. Polo que atinxe ao Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais a previsión da liquidación é similar á de 2014 cun importe estimado de 67 millóns de euros e para o Fondo de Suficiencia estímase unha liquidación negativa de pouco mais de un millón de euros, algo maior que a correspondente ao 2014, posto que ITE de 2015/2014 e lixeiramente superior ao aplicado na liquidación de 2014.

Finalmente, a previsión da liquidación do Fondo de Cooperación, integrado nos Fondos de Convergencia, retoma a niveis superiores aos do pasado exercicio debido a que neste último produciuse a incorporación dunha comunidade autónoma ao segundo dos subfondos nos que se divide este recurso do sistema de financiamento e minorouse a participación de Galicia. En consecuencia, a previsión polo mesmo ascende a mais de 237 millóns de euros.

Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación				
	2016	2017	Variación 2017/2016	
			Importe	%
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%)	1.873.131	1.909.308	36.177	1,9
Imposto sobre o Valor Engadido (50%)	1.939.865	1.994.237	54.372	2,8
Impostos Especiais (58% e 100%)	865.966	847.840	-18.126	-2,1
Fondo de Suficiencia Global	565.998	540.075	-25.923	-4,6
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	1.212.966	1.240.000	27.034	2,2
Entregas a conta	6.457.925	6.531.460	73.535	1,1
Anualidade Liquidación Exercicio 2008	-18.900	-18.900	0	0,0
Anualidade Liquidación Exercicio 2009	-65.907	-65.907	0	0,0
Liquidación Exercicio 2014/2015	363.197	368.640	5.443	1,5
Liquidacións exercicios anteriores	278.390	283.833	5.443	-2,0
Total recursos sistema de financiamento	6.736.316	6.815.293	78.977	1,2

(Miles de Euros)

No cadro anterior compáranse as entregas a conta e liquidacións presupostadas no ano 2017 coas previstas no exercicio 2016, incrementándose a estimación do importe total a percibir en 78,9 millóns de euros, o que supón que os recursos do sistema de financiamento da comunidade aumenten nun 1,2%, porcentaxe que permite deducir a prudencia coa que se realizaron as previsións por parte da Consellería de Facenda. Así, en termos globais o crecemento do conxunto destes recursos é a metade da previsión do crecemento real da economía española para o ano 2017, realizada polo Goberno no Informe de Acción Efectiva, e conxuga a presenza de elementos con comportamentos dinámicos como o IRPF, IVE e FGSPF coa estabilidade doutros elementos como os IIEE e o Fondo de Suficiencia que tiveron comportamentos moi contidos nos exercicios anteriores.

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 2.236,3 millóns de euros o que supón un incremento do 1,9% respecto aos previstos no ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos

Distribución económica. Variación 2017-2016						
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas	1.974.520	2.007.636	33.116	1,7	90,0	89,8
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	138.391	136.544	-1.846	-1,3	6,3	6,1
111 Imposto sobre o patrimonio	59.171	71.271	12.100	20,4	2,7	3,2
112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito	21.066	20.797	-269	-1,3	1,0	0,9
120 Imposto compensatorio ambiental mineiro	1.150	26	-1.124	-97,7	0,1	0,0
Total	2.194.298	2.236.274	41.976	1,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A recadación prevista polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, 2.007,6 millóns de euros, que aumenta nun 1,7 % respecto ao ano anterior, pódese descompoñer en dúas partes.

Por un lado estaría a entrega a conta do exercicio 2017, 1.909,3 millóns de euros, que é o importe estimado pola Consellería de Facenda para este ano. E superior á entrega recibida en 2016 nun 1,9%, derivado da previsión das cotas líquidas autonómicas dos residentes no territorio da nosa comunidade autónoma minoradas no 50% das deducións por dobre imposición

e no 50% das compensacións fiscais aplicables, fundamentalmente polo incremento das rendas dos fogares. Este incremento está moi por debaixo do crecemento previsto polo Goberno para as remuneracións dos asalariados no 2017 (3,6%) que é a principal fonte de rendemento deste tributo.

Por outra parte, estarían as liquidacións do sistema. Inclúese a parte estimada como liquidación por IRPF do exercicio 2015, que resulta positiva cas cifras de recadación do Estado publicadas, e que é de contía practicamente idéntica á orzada inicialmente en 2016. Minorándoa figura o reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación do sistema do exercicio 2009 segundo o mecanismo establecido pola Lei 2/2012, do 29 de xuño, de presupostos xerais do Estado para 2012 tras a redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, que amplía o prazo de reintegro de esas liquidacións a 20 anos dende 2012.

No seu conxunto e en comparación coas cifras previstas en 2016, o IRPF increméntase en 33,1 millóns de euros.

Polo que atinxe aos tributos cedidos no vindeiro ano vai a levarse a cabo un Plan Especial de loita contra a fraude por parte da Axencia Tributaria de Galicia, o que supón un incremento das previsións orzamentarias inicialmente feitas, estimándose para o ano 2017 unha contía aproximada de 20 millóns de euros nos impostos xestionados pola citada Axencia.

O Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD) redúcese en preto de 2 millóns con respecto ao previsto para o ano 2016. Esta redución débese a medida normativa pola que se establece unha redución de 400.000€ para os descendentes maiores de 25 anos, cónxuxes, ascendentes ou adoptantes posto que no 2016 só afectou a unha parte do ano, a cal vese compensada en gran medida cos ingresos que se esperan obter como consecuencia de actividades extraordinarias de comprobación.

A previsión por recadación do Imposto sobre o Patrimonio (IP) ascende para 2017 a algo mais de 71 millóns de euros, superior á recollida nos orzamentos 2016, debido á consolidación da incorporación de novas bases derivadas da declaración tributaria especial e das declaracións de bens no estranxeiro, pero similar ao importe que se espera recadar neste ano.

Mediante a Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, o Estado prorroga durante o exercicio 2016 a vixencia do Imposto sobre o Patrimonio, que permitirá contribuír ao reforzamento dos ingresos públicos. A deivindicación neste sexto ano de recuperación prodúcese o 31 de decembro de 2016, polo que as declaracións se presentarán ao longo do exercicio 2017.

Inclúense 20,8 millóns de euros da recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real

Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito imponible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto devindicarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2016 producírase ao longo do exercicio 2017. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base imponible do período impositivo anterior.

Por último, recollese o importe da recadación do Imposto Compensatorio Ambiental Mi-neiro moi reducida xa que ven determinada pola situación existente a 31 de decembro de 2016, data de devindicación do imposto.

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 3.226,4 millóns de euros para o exercicio 2017, practicamente nos mesmos niveis que o ano anterior.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Conceptos	Distribución económica. Variación 2017-2016		Variación 2017/2016		Valor Relativo	
	2016	2017	Importe	%	2016	2017
200 Sobre transmisións inter vivos	161.887	170.531	8.644	5,3	5,0	5,3
201 Sobre actos xurídicos documentados	83.791	71.096	-12.696	-15,2	2,6	2,2
210 Imposto sobre o valor engadido	1.968.367	1.953.740	-14.628	-0,7	60,7	60,6
220 Impostos especiais	932.051	931.103	-948	-0,1	28,7	28,9
230 Taxas fiscais sobre o xogo	54.702	53.735	-968	-1,8	1,7	1,7
231 Imposto sobre actividades de xogo	3.000	4.834	1.834	61,1	0,1	0,1
291 Imposto sobre a contaminación atmosférica	4.100	4.200	100	2,4	0,1	0,1
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	12.000	14.318	2.318	19,3	0,4	0,4
293 Canon eólico	22.900	22.900	0	0,0	0,7	0,7
Total	3.242.799	3.226.456	-16.343	-0,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) case non sofre alteracións respecto ao orzamento do ano 2016 como consecuencia, principalmente, do incremento previsto das transmisións de segunda man de bens inmobles pola evolución do sector inmobiliario, pero tamén pola execución do plan de comprobacións extraordinarias, así como pola diminución reflectida pola posible aprobación dos novos beneficios fiscais incluídos na lei de medidas.

O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados na súa modalidade de transmisións patrimoniais experimenta unha suba de 8,6 millóns con respecto a 2016 como consecuencia do comportamento do mercado de vivenda usada. Pola contra a modalidade de actos xurídicos que está máis vencellada ao mercado de primeira man amosa a situación que este experimenta e que se concreta nunha certa demora na súa reactivación. O importe total que se espera recadar alcanza os 241,6 millóns de euros en 2017.

A recadación prevista para o Imposto sobre o Valor Engadido, 1.953,7 millóns de euros debe analizarse desde o comportamento que experimentan os seus compoñentes. En primeiro lugar, as entregas a conta estimadas pola Consellería de Facenda experimentan un crecemento do 2,8% nunha liña de prudencia que as sitúa por debaixo do crecemento da recadación homoxénea no 2016, que segundo os datos publicados pola AEAT é dun 3,2%. Nun segundo lugar, polo importe da liquidación do ano 2015, que resulta negativa en 16,7 millóns de euros como consecuencia da aplicación dun índice de consumo nas entregas a conta dese ano moi superior ao definitivo, cifra á que debe engadirse a anualidade correspondente as liquidacións de 2008 e 2009, que ascenden a 23,7 millóns tamén de signo negativo.

En consecuencia, o importe estimado como entrega a conta do exercicio 2017 é superior ao ingresado no exercicio anterior en 54,3 millóns de euros, de xeito que ascenden a 1.994, 2 millóns de euros. Este incremento débese á previsión xa mencionada e garda coherencia coa lixeira desaceleración do consumo que recolle o escenario macroeconómico formulado polo Goberno do Estado no seu Informe de Acción Efectiva de mediados de outubro de 2016.

Por outra parte, as liquidacións do sistema de financiamento por este concepto de exercicios anteriores, tanto a estimada provisionalmente, correspondente ao exercicio 2015, como o reintegro das liquidacións de 2008 e 2009 ten un impacto global negativo de 40,4 millóns de euros fronte á liquidación de 2014, recollida nos orzamentos do ano anterior cun signo positivo de 28,5 millóns de euros. Dado que nesta última liquidación inclúense tamén, 12 mensualidades das 204, que é o aprazamento permitido, a computar a partir do 1 de xaneiro de 2015, en que o Estado permite a devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 segundo o establecido polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, que modifica a Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, pode observarse como este diferencial entre as dúas liquidación absorbe con creces o crecemento estimado nas entregas a conta deste imposto e determina un lixeiro descenso no importe conxunto orzamentado.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación, o Imposto sobre determinados Medios de Transporte e o tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos.

Os impostos especiais recibidos como entrega a conta son o de Alcohol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos respecto dos que se estima unha previsión de entregas a conta por un importe total de 847,8 millóns de euros, un descenso do 2,1% sobre o presupostado no exercicio 2016.

Esta previsión é o resultado do análise da evolución recadatoria dos impostos especiais nos últimos exercicios que condicionou a previsión da cifra de entregas, de xeito que estableceuse un importe acorde co rendemento definitivo que correspondeu a Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2013 e 2014, situado ao redor de 840 millóns de euros, cantidade que cos datos de peche de 2015 tamén vai a ser a cifra de rendemento definitivo por estes impostos en ese exercicio. Na previsión realizada non se tivo en conta o anuncio dunha posible subida dos tipos dalgún destes impostos, posto que o funcionamento do sistema de financiamento contempla unha cláusula de revisión consistente en diminuír a contía das entregas correspondentes ao fondo de suficiencia como consecuencia das revisións de tipos que se realice no IVE e nos IIEE.

Dentro dos non suxeitos a entregas a conta, o Imposto sobre Determinados Medios de Transporte increméntase respecto as previsións para o ano 2017, polas perspectivas de mantemento das subas nas matriculacións, estimándose un incremento similar ao do IVE, de xeito que alcanza 14,8 millóns de euros.

O rendemento do tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos estímase para 2017 en 88 millóns de euros. Hai que sinalar o incremento no tipo de gravame autonómico por modificación do artigo 18 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que foi xa de plena aplicación no exercicio anterior. A fin de esta modificación radicou na procura da equiparación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos co establecido na práctica totalidade das Comunidades Autónomas, pero mantendo a non tributación polo gasóleo de uso especial e permitindo a devolución de parte do imposto para o caso do gasóleo de uso profesional, consonte ao especificado no apartado de beneficios fiscais, de forma que a tributación efectiva do sector do transporte de viaxeiros e mercadorías non experimentara incrementos na súa tributación. Por outro lado o efecto recadatorio derivado desta equiparación de tipos permite blindar o gasto social e contribuír ao financiamento da sanidade.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran, por unha parte, as Taxas fiscais sobre o Xogo, con 53,7 millóns de euros, que se reducen respecto ao orzamento de 2016, posto que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo. Por outra parte, inclúese a recadación esperada, case 5 millóns de euros, polo Imposto sobre Actividades de Xogo que recolle aos realizados a

través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos. Este imposto experimenta unha forte subida en consonancia coas elevadas previsións de crecemento do xogo on-line.

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA), que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes, ten unha previsión de 4,2 millóns de euros, cifra lixeiramente superior ao orzamento do ano 2016. Constitúe o feito impositivo deste imposto a emisión á atmosfera de dióxido de xofre ou calquera outro composto osixenado do xofre ou a emisión de dióxido de nitróxeno ou calquera outro composto osixenado do nitróxeno.

O imposto sobre o Dano Medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da Auga Encorada, para actividades industriais que a usen cando o devandito aproveitamento altere substancialmente os valores naturais dos ríos e, en especial, o caudal e a velocidade da auga na súa canle natural, axusta a súa previsión de ingresos para 2017 na cifra de recadación esperada de algo máis de 14 millóns de euros, cun incremento fronte ao 2016 polo remate de actuacións de comprobación xa iniciadas.

O Canon Eólico, creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e esixible a partir do 1 de xaneiro de 2010 cuxo feito impositivo constitúe a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, mantense neste exercicio con 22,9 millóns de euros. Do importe correspondente á recadación esperada 11,5 millóns de euros se destinarán aos entes locais cuxo termo municipal se encontre dentro da liña de delimitación poligonal dun parque eólico así como os afectados polas súas instalacións de evacuación.

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 95,1 millóns practicamente nos mesmos niveis que ano anterior.

O conxunto das taxas alcanza os 17,2 millóns de euros en 2017. Isto supón un crecemento do 4% sobre o ano anterior. Ao respecto deber terse en conta que, en primeiro lugar, recollen o incremento previsto no texto do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que incrementa as taxas de contía fixa nun 1%. En segundo lugar, acomópanse ás previsións de recadación do ano anterior e, por último, téñense en conta as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación das vixentes.

Os prezos, considerando tanto os públicos como os privados, redúcense nun 1,1 % que é unha porcentaxe inferior á do ano anterior que alcanzou o 3,9% de redución. No conxunto dos prezos destacan as consellerías de Cultura e Educación e de Política Social que practicamente manteñen as cifras do ano anterior cunhas previsións preto de 8 millóns na primeira e por enriba

dos 16 millóns na última. A suma destes dous importes representa case o 87% da previsión de ingresos por prezos correspondente ao 2017

Os reintegros alcanzan nestes orzamentos os 17,8 millóns de euros, cun crecemento do 1,1% respecto do ano anterior.

Dentro das recargas e multas, destacan, por unha parte, os xuros de demora e as multas e sancións tributarias que, tendo en conta o comportamento experimentado na recadación do 2016, diminúen este ano, fundamentalmente os xuros, cunha minoración do 25%, pola súa vinculación co interese legal que amosa unha senda de evolución a baixa.

Por último dentro deste capítulo, cabe destacar a orzamentación das sancións impostas polas consellerías, con 13,7 millóns de euros, o que representa un crecemento do 16,4% respecto ao ano anterior. Entre elas destacan as da Consellería de Infraestruturas e Vivenda en materia de transporte pola aplicación da Lei 9/2013, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 16/1987, de ordenación dos transportes terrestres, así como as da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto en materia laboral como as sancións do servizo de industria.

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Variación 2017-2016						
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
301 Taxas por servizos administrativos	7.055	7.020	-35	-0,5	7,4	7,4
302 Taxas por servizos profesionais	9.445	10.055	609	6,4	9,9	10,6
303 Taxas por venda de bens	37	57	20	54,1	0,0	0,1
304 Taxas por dominio público	0	61	61	0,0	0,0	0,1
311 Prezos públicos	24.551	24.353	-198	-0,8	25,8	25,6
312 Prezos privados	3.461	3.347	-113	-3,3	3,6	3,5
343 DE SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS DA COMUNIDADE	0	555	555	0,0	0,0	0,6
380 Reintegros de exercicios pechados	17.407	17.595	187	1,1	18,3	18,5
381 Reintegros de exercicio corrente	237	240	3	1,1	0,2	0,3
391 Recargas e multas	17.704	15.251	-2.453	-13,9	18,6	16,0
392 Sancións impostas polas consellerías	11.763	14.022	2.258	19,2	12,3	14,7
399 Ingresos diversos	3.627	2.632	-995	-27,4	3,8	2,8
Total	95.289	95.188	-101	-0,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2017 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 2.346,6 millóns de euros, o que representa un aumento do 3,9% respecto ao orzamento do ano 2016.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución económica. Variación 2017-2016						
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
400 Participación no sistema de financiamento	1.962.218	2.025.710	63.492	3,2	86,9	86,3
401 Da Seguridade Social	88.159	88.159	0	0,0	3,9	3,8
402 De organismos autónomos do Estado	112.878	134.413	21.536	19,1	5,0	5,7
404 Subvencións finalistas da Administración xeral	16.149	18.205	2.057	12,7	0,7	0,8
490 Fondo social europeo. Programa operativo	61.228	61.803	575	0,9	2,7	2,6
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	0	74	74	0,0	0,0	0,0
496 Iniciativa de emprego xuvenil. YEI	18.206	18.206	0	0,0	0,8	0,8
499 Outras transferencias da Unión Europea	139	92	-47	-33,6	0,0	0,0
Total	2.258.976	2.346.663	87.687	3,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

O concepto de ingresos que recolle a participación da Comunidade Autónoma no sistema de financiamento incrementa o seu importe en 63,5 millóns de euros.

Por unha parte, inclúese a estimación da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais para 2017.

O Fondo de Suficiencia Global diminúe o seu importe respecto ao ano 2016. A estimación realizada pola Consellería de Facenda parte da indispoñibilidade do ITE definitivo correspondente ao período 2007-2016. Ademais, está condicionada pola repercusión que neste fondo poida ter a variación de tipos impositivos nalgún dos impostos especiais. En consecuencia, tívose que recorrer ao único dato certo no momento da súa realización que é o valor deste Fondo a 1 de xaneiro de 2014, por ser este o último exercicio que foi obxecto de liquidación. Ese valor sitúase en 540 millóns de euros e é o que corresponde a previsión de entregas a conta no próximo ano. Ao respecto hai que poñer de manifesto que os descontos por todas as modificacións de tipos de IVE e Impostos Especiais efectuadas dende o ano 2011 así como pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio de 2011 cuantificouse en 2016, segundo comunicación recibida do Ministerio de Hacienda, en -621,5 millóns de euros.

A Transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais incrementábase nestes orzamentos en 27 millóns de euros motivado, fundamentalmente, polo incremento da estimación dos recursos tributarios totais do ano 2017 que forman o fondo, ao que se aplica o crecemento do PIB real estimado polo Goberno no seu Informe de Acción Efectiva de mediados de outubro. Este crecemento debe ser matizado polo índice de participación de Galicia nese total, configurado en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada, no que se reflicta a senda descendente observada dende a entrada en vigor do actual sistema de financiamento.

Por outra parte, dentro dos recursos do sistema de financiamento, figuran as liquidacións de exercicios anteriores recibidas como transferencias, equivalentes as do ano precedente. O importe a devolver das liquidacións dos anos 2008 e 2009 é o mesmo que se reintegrou no exercicio precedente. A Disposición Adicional Trixésima Sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012, autorizaba á devolución das liquidacións negativas nun prazo de reintegro de 120 mensualidades, é dicir, en 10 anualidades. Trala modificación da citada disposición pola redacción dada polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, múdase o prazo anterior, ampliándose a 204 mensualidades a computar dende 2015. A previsión de liquidación do ano 2015, conforme aos datos de recadación coñecidos e a evolución esperada dos fondos de converxencia, sitúase en importes practicamente idénticos aos do ano anterior e estímase que alcance un importe de 368,6 millóns de euros.

As subvencións de carácter finalista do Estado increméntanse en 23,6 millóns de euros. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran detalladas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2017 partiuse das cantidades aprobadas para 2016, nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados, revisando estes importes segundo as cantidades percibidas durante o ano 2016.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, que se manteñen respecto ao ano anterior. Estes créditos, que financian o sistema nacional de Dependencia, non integran a totalidade dos conceptos, posto que segue suspendida a achega do Estado correspondente ao nivel acordado. Con efectos desde o 1 de xullo de 2015 completouse a aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a tódolos graos de dependencia, ao facerse efectivo o dereito ás prestacións das persoas valoradas co Grao I Dependencia Moderada, segundo o calendario de aplicación progresiva da lei.

Continúa no 2017 nun importe similar o Plan Concertado, para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, ca fin de manter a rede de servizos de atención primaria e proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas. E de igual forma increméntanse lixeramente ás destinadas ao financiamento do Plan Integral contra a Violencia de Xénero, en aplicación da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro.


O convenio de colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establece, en aplicación da LOMCE, a participación do ministerio no financiamento da Implantación da Formación Profesional Básica e da Anticipación da Elección e Novos Itinerarios nos cursos 3º e 4º da

ESO, cun importe total para 2017 de 5,1 millóns, incrementándose respecto ao importe recibido no exercicio anterior.

No ámbito laboral, destacan as axudas recibidas do Bloque A correspondente a “Accións e medidas de fomento do emprego e de formación profesional para o emprego”, o Bloque B que comprende “Accións e medidas de formación” e o Bloque C “Modernización dos servizos públicos de emprego”, que se incrementan respecto ao previsto nos orçamentos 2016.

Tamén se inclúen as Axudas ao Traballo Autónomo e ao Emprego, Cooperativas e Sociedades Laborais así como o financiamento do Servizo Público de Emprego Estatal a axencias de colocación para a inserción laboral de persoas desempregadas. As Axudas previas á xubilación ordinaria contan con máis dun millón de euros. E se presupostan tamén as Axudas a traballadores afectados por Expedientes de Regulación de emprego que tamén se esperan recibir en 2017.

Distribución das transferencias correntes por conceptos



Dentro dos fondos europeos, inclúese a anualidade prevista na programación do Fondo Social Europeo do marco 2014-2020, con 61,8 millóns de euros.

Os obxectivos xenéricos deste período son cumprir cos obxectivos da Estratexia Europa 2020 de crecemento intelixente, sostible e integrador, o enfoque aos resultados así como maximizar o impacto do financiamento da Unión Europea.

O Regulamento (UE) N° 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE. Así, establece que este fondo promoverá uns niveis elevados de emprego e de calidade do emprego, mellorará o acceso ao mercado laboral, fomentará a mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores e facilitará a súa adaptación ao cambio industrial e a os cambios dos sistemas de produción necesarios para garantir un desenvolvemento sostible, propiciará un elevado nivel de educación e formación para todos e apoiará a transición da educación ao emprego entre os xoves, loitará contra a pobreza, fomentará a inclusión social e a igualdade de xénero, a non discriminación e a igualdade de oportunidades, contribuíndo desta forma a dar resposta ás prioridades da Unión en materia de mellora da cohesión económica, social e territorial.

Podemos resumir os seus obxectivos nos seguintes, en liña coherente coa Estratexia Europa 2020:

- Promoción do emprego e apoio á mobilidade laboral.
- Investimento en educación, competencias e aprendizaxe permanente.
- Promoción da integridade social e loita contra a pobreza.
- Aumento da capacidade institucional e a efectividade da administración pública.
- Procura o reforzo na dimensión social: o 20% das dotacións do FSE, como mínimo, serán para a integración social, faise un maior énfase na loita contra o desemprego xuvenil e impúlsase o apoio xeral e específico para a igualdade de xénero e a non discriminación.

O novo marco inclúe unha axuda comunitaria que se orzamenta por 18,2 millóns de euros para o Programa Operativo Emprego Xuvenil, YEI, destinado a persoas xoves, de entre 15 e 29 anos, que non se encontran empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, dentro do público obxectivo do programa operativo de emprego xuvenil.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

Distribución económica. Variación 2017-2016						
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
514 A empresas públicas e outros entes públicos	2.000	935	-1.065	-53,3	19,4	23,3
520 Xuros de contas bancarias	4.000	600	-3.400	-85,0	38,8	14,9
537 Dividend. e part. bfcios. de empresas privadas	2.500	1.573	-928	-37,1	24,3	39,1
540 Alugueiros e productos de inmuebles	100	10	-90	-90,0	1,0	0,2
550 De concesións administrativas	900	100	-800	-88,9	8,7	2,5
593 Operacións de derivados	800	802	2	0,2	7,8	19,9
Total	10.300	4.019	-6.281	-61,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No seu conxunto os ingresos patrimoniais redúcense respecto ao anterior exercicio en 6,3 millóns de euros.

Inclúense os ingresos por intereses do préstamo concedido á Sociedade Pública de Investimentos, cuantificados en 1 millón de euros.

Os xuros de contas bancarias diminúen ata os 0,6 millóns de euros pola acentuada e persistente baixa nos tipos dos xuros.

As operacións con derivados, como mecanismos de cobertura da tesourería, venceron na súa maioría quedando un importe de 0,8 millóns para o exercicio 2017.

Por último, inclúese a previsión de ingresos por dividendos que se esperan recadar, 1,5 millóns de euros.

Da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntanse nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral, incluíndose neste capítulo os ingresos previstos polo Parlamento de Galicia.

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 170.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derivase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Variación 2017-2016						
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
612 Venda edificios e outras construcións	160	170	10	6,3	100,0	100,0
Total	160	170	10	6,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 599 millóns de euros, o que supón un crecemento do 4,2% respecto ao ano anterior.

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos.

Neste exercicio presupóstanse 45,9 millóns de euros. Esta previsión é o resultado de aplicar un crecemento acorde co incremento do PIB real no Informe de Acción Efectiva presentado polo Goberno o 15 de outubro de 2016.

As subvencións finalistas procedentes dos orçamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas. Inclúense tamén liñas de actuación para ingresos finalistas doutros transferentes, ademais do Estado.

Para a estimación do importe previsto para 2017 partiuse das cantidades aprobadas para 2016, nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados, revisando estes importes segundo as cantidades percibidas durante o ano 2016.

Neste exercicio 2017, o importe total previsto increméntase nun 4,6% acadando 35,2 millóns de euros, mais de 1,5 millóns que o ano anterior.

Destacan as derivadas do Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbana para financiamento de gastos de capital, por importe de 11,4 millóns de euros.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2016, destacando polo seu importe as destinadas á Prevención e Loita contra Pragas, ao control do rendemento leiteiro e ao control e erradicación das EET.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do FEADER, alcanza este ano os 17,1 millóns millóns de euros.

Por último, dentro das transferencias finalistas, orzáméntanse tamén as que se espera recibir doutros transferentes, de igual forma que os que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Inclúense dentro delas a transferencia segundo convenio co Inditex para o desenvolvemento do Plan de mellora e innovación forestal de Galicia, así como a transferencia da TVG para a Predición Metereolóxica.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución económica. Variación 2017-2016

Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
700 Fondo de compensación interterritorial	45.031	45.976	946	2,1	7,8	7,7
702 De organismos autónomos do Estado	19.544	21.057	1.513	7,7	3,4	3,5
704 Subvencións finalistas da Administración xeral	14.181	14.217	36	0,3	2,5	2,4
740 De entidades públicas empresariais	15	0	-15	-100,0	0,0	0,0
741 De sociedades mercantís	0	15	15	0,0	0,0	0,0
770 De empresas privadas	200	100	-100	-50,0	0,0	0,0
790 FEDER Programa Operativo	199.968	205.946	5.978	3,0	34,8	34,4
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013	0	51	51	0,0	0,0	0,0
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	244.320	248.415	4.095	1,7	42,5	41,5
794 IFOP/FEP	51.440	62.768	11.328	22,0	8,9	10,5
799 Outras transferencias da U. E.	171	536	366	214,3	0,0	0,1
Total	574.869	599.082	24.213	4,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As axudas procedentes de fondos europeos, que se articulan en Programas Operativos, acadan nestes orzamentos un importe total de 463,8 millóns de euros, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER, do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, e do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, FEMP.

Inclúese a anualidade prevista dentro da Programación 2014-2020 do FEDER, que alcanza en 2017 os 205,9 millóns de euros.

O Regulamento (UE) N° 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, establece que o FEDER, contribuirá ao financiamento de axudas orientadas a reforzar a cohesión económica, social e territorial corrixindo os principais desequilibrios rexionais da Unión a través do desenvolvemento sostible e ao axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións con un retraso no desenvolvemento. O FEDER, debe contribuir á estratexia da Unión para un crecemento intelixente sostible e integrador e garantir así unha maior concentración da axuda do fondo nas prioridades da Unión. En función da categoría das rexións beneficiarias, a axuda do FEDER con arreglo ao obxectivo de “investimento en crecemento e emprego” debe concentrarse principalmente en investigación e innovación, tecnoloxías da información e da comunicación, pequenas e medianas empresas, pemes, e o fomento dunha economía de baixo nivel de emisión de carbono.

A anualidade do FEADER nos orzamentos de 2017 estimase en 195,1 millóns de euros.

O Regulamento (UE) N° 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, establece cal é a misión deste fondo, contribuir á estratexia Europa 2020 fomentando un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da Política Agrícola Común, PAC, a política de cohesión e a política pesqueira común. Contribuirá ao desenvolvemento na Unión dun sector agrícola mais equilibrado dende a política territorial e medioambiental, mais respetuoso co clima, mais resistente aos cambios climáticos, mais competitivo e mais innovador. Tamén debe contribuir ao desenvolvemento dos territorios rurais.

No marco xeral da PAC, a axuda ao desenvolvemento rural, incluídas as actividades do sector alimentario, así como tamén no sector non alimentario e no forestal, contribuirá a lograr os seguintes obxectivos:

- Fomentar a competitividade da agricultura
- Garantir xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima
- Lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais incluíndo a creación e conservación do emprego.

Inclúese dentro dos fondos europeos, o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, FEMP, con 62,7 millóns de euros.

O Regulamento (UE), N° 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, crea este fondo e establece, no seu artigo 5, que o FEMP contribuirá ao logro dos obxectivos seguintes:

- Fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, medioambientalmente sostibles, economicamente viables e socialmente responsables
- Impulsar a aplicación da Política Pesqueira Común, PPC
- Fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas
- Impulsar o desenvolvemento e a aplicación da Política Marítima Integrada, PMI, da Unión de forma complementaria á política de cohesión e á PPC.


Por último, orzáméntase o Fondo Europeo Agrícola de Garantía, FEAGA, con 53,2 millóns de euros.

A Unión Europea financiará os seguintes gastos con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía:

- Medidas dirixidas ao regulamento ou apoio dos mercados agrarios
- Pagamentos directos aos agricultores no marco da PAC
- Participación financeira da Unión para medidas de información e promoción dos produtos agrícolas no mercado interior da Unión e nos terceiros países realizadas por mediación dos Estados membros.
- Participación financeira da Unión no plan de consumo de froita e hortalizas nas escolas.

O FEAGA financiará ademais os gastos seguintes de forma directa:

- Promoción de produtos agrícolas efectuada directamente pola Comisión ou a través de organizacións internacionais
- As medidas, adoptadas de conformidade coa lexislación da Unión, dirixidas a garantir a conservación, a caracterización, a recollida e o emprego de recursos xenéticos en agricultura.



CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCIEROS

Figuran neste capítulo 22,2 millóns de euros. A maior parte está formada por reintegros de préstamos concedidos ao sector público. Inclúense ademais os destinados ao persoal concedidos polo Parlamento e polo Consello de Contas.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Conceptos	Distribución económica. Variación 2017-2016					
	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P	15.960	22.030	6.070	38,0	99,3	99,3
830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P	111	149	38	34,4	0,7	0,7
Total	16.071	22.180	6.109	38,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 2.020,6 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como novas emisións.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variación 2017-2016							
Conceptos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	1.644.799	2.020.665	375.866	22,9	100,0	100,0	
Total	1.644.799	2.020.665	375.866	22,9	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

II.1.3. O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2016

O Orzamento de Beneficios Fiscais (OBF) ten como obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos da Comunidade Autónoma. Neste sentido distintas normas refírense á obrigatoriedade de coñecer o seu importe. Así, o artigo 134.2 da Constitución Española sinala que nos orzamentos se consignará o importe dos beneficios fiscais e o artigo 46 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, enuméraos como parte integrante do contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Ata o orzamento 2013 esta obrigatoriedade cumpríase reflectindo a cifra do importe dos devanditos beneficios fiscais por cada unha das figuras tributarias, pero sen ir acompañada dunha memoria explicativa de detalle que de forma pormenorizada explicase a contía concreta de cada medida.

O avance que se produciu nos últimos anos na aplicación dos tributos, introducindo formas de xestión telemática e informática- non só para o uso por parte da administración, senón tamén para ser usadas polos propios contribuíntes- e o uso efectivo por parte destes últimos das devanditas funcionalidades, que se foi desenvolvendo dun xeito progresivo, abre a posibilidade de dispoñer de fontes de información fiables que permiten realizar aproximacións ao estudo detallado dos beneficios fiscais. A introdución sobre todo das aplicacións informáticas para a presentación dos diversos impostos (programas de axuda), provoca a diminución dos erros nos datos achegados polos contribuíntes, así como a obrigatoriedade na consignación dos datos das declaracións, evitando así a tendencia de cumprimento mínimo nos casos en que non resulta cota a ingresar, precisamente cando operan os beneficios fiscais.

Non obstante, por agora, será necesario seguir realizando mostras e extrapolacións dos datos, dado que a pesar do crecente uso por parte dos contribuíntes das devanditas aplicacións, o seu uso non é total, se ben o grao alcanzado aconsellou iniciar xa dende fai tres anos a elaboración desta memoria, sen prexuízo de ir avanzando ata lograr fontes de información moito máis completas de cara ao futuro, sobre todo introducindo outras externas que permitan non só amplialos senón tamén contrastar os datos existentes.

De igual forma, no ámbito estatal, incorpórase á documentación que acompaña aos Orzamentos Xerais de Estado (OXE) unha memoria explicativa da cuantificación dos beneficios fiscais.

Tomando pois como referencia a memoria de beneficios fiscais do Estado, o contido desta estruturaríase do seguinte xeito:

A delimitación do concepto de “beneficio fiscal”.

A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura, a descrición das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación, non só dos beneficios fiscais xa existentes senón tamén das posibles modificacións normativas para 2017

que puidesen afectar ao OBF sempre e cando, neste último caso, se dispoña de información abondo para avalialos cuantitativamente.

DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE “BENEFICIO FISCAL”

O concepto de beneficio fiscal ofrece dous problemas: por unha banda non existe na doutrina un concepto unánime deste e, por outro lado, aínda adoptando o máis común, a súa aplicación práctica non resulta doada dada a natureza mixta dalgúns beneficios fiscais.

O OBF pode definirse como a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirá ao longo do ano, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

O OBF que se explica nesta memoria ten por ámbito os tributos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como aqueles non xestionados por esta pero dos que esta CA ten competencias normativas e, neste caso, referidos ao uso das devanditas competencias, xa que, con carácter xeral, os restantes veñen cuantificados e explicados na memoria de beneficios fiscais do Estado.

Considera as medidas que orixinan beneficios fiscais para os contribuíntes e minguan a capacidade recadatoria da CA. Trátase esencialmente de exencións, reducións nas bases impositivas, tipos impositivos reducidos, bonificacións e deducións nas cotas dos diversos tributos.

A memoria do OBF do Estado extraeu da doutrina os seguintes requisitos para considerar unha medida como beneficio fiscal que, adaptada aos nosos tributos mantemos, tanto porque consideramos que se axusta ao buscado pola normativa, como para efectos comparativos, dado o carácter compartido de numerosos tributos.

Os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal son os que se resumen seguidamente:

- a) Desviarse de forma intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impositivo que se pretende gravar.
- b) Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
- c) Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.
- d) Non se presentar compensación ningunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal.
- e) Non se deber a convencións técnicas, contables, administrativas ou ligadas a convenios fiscais internacionais.

- f) Non ter como propósito a simplificación ou a facilitación do cumprimento das obrigas fiscais.

Para o cómputo dos beneficios fiscais adóptase o método da “perda de ingresos”, definida como o importe no cal os ingresos fiscais se reducen a causa exclusivamente da existencia dunha disposición particular que establece o incentivo do que se trate. A súa valoración efectúase de acordo co “criterio de caixa” ou momento en que se produce a mingua de ingresos. Por suposto, a incorporación dun beneficio fiscal está supeditada á dispoñibilidade dalgunha fonte fiscal ou económica que permita levar a cabo a súa estimación

CUANTIFICACIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS DOS TRIBUTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

Ao tratarse dun tributo non xestionado por esta CA e cuxa recadación está compartida, contéplanse neste apartado os beneficios fiscais establecidos pola normativa autonómica, que se concretan en deducións sobre a cota.

A fonte de información para o seu cálculo son os importes reais do exercicio 2014 (últimos publicados) extraídos da información que facilita a AEAT, axustados polas modificacións normativas vixentes para o exercicio 2016 (como se comentou anteriormente para determinar o importe dos beneficios fiscais que afectan ao exercicio 2017 séguese un criterio de caixa, polo que neste imposto hai que ter presente a normativa aplicable ao exercicio de renda 2016, cuxo prazo de ingreso se produce en 2017).

As modificacións normativas nas deducións autonómicas para a renda 2016 con respecto ás da renda 2014 que toman como referencia, e que poden afectar de xeito sensible á contía dos beneficios fiscais son as seguintes:

- Aumento da dedución por natalidade, pasa de 1.200€ e a 2.400€ segundo se trate do segundo ou terceiro fillo respectivamente (ata que teñan 3 anos) para niveis de renda inferiores a 22.000 euros. Ademais duplicarase para todos os contribuíntes no caso de que o nacido ou adoptado teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ampliase o importe máximo de dedución (pasa de 200 a 400€) e 600 € por coidado de fillos menores se teñen 2 ou máis fillos.
- Increméntase a porcentaxe (pasa dun 10% a un 20%) e o límite da dedución por aluguer de vivenda habitual se teñen 2 ou máis fillos (pasa de 300 a 600€).
- Ampliase ás cooperativas a dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.

- Créase a dedución por donativos para I+D+I do 25% das cantidades doadas a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta de Galicia có límite máximo do 10% da cota íntegra.
- Créase a dedución do 5% dos investimentos en instalacións de climatización e/ ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual e destinadas exclusivamente a autoconsumo.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2017 estimados no imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendería a 24.755.000 €, coa seguinte desagregación:

	(en euros)
Por nacemento ou adopción de fillos	14.000.000
Por familia numerosa	1.850.000
Polo coidado de fillos menores	4.300.000
Por suxeitos pasivos discapacitados, maiores de 65 anos, que precisen axuda de terceiros	150.000
Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos	340.000
Por aluguer da vivenda habitual	1.840.000
Por acollemento familiar de menores	45.000
Por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación	120.000
Por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación	120.000
Por investimentos realizados en entidades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista	5.000
Por donativos a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta de Galicia	700.000
Por investimento en instalacións de climatización e/ ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual	1.285.000
TOTAL	24.755.000

IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO (IP)

No imposto sobre o patrimonio considéranse como beneficios fiscais as exencións consideradas no artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, reguladora do mesmo, que proveñen da normativa estatal ao carecer esta CA de competencias normativas sobre exencións.

En canto ao mínimo exento, entendemos que forma parte da estrutura do tributo ao modular a capacidade económica sometida a gravame de acordo coa concepción do imposto sobre o patrimonio como complementario do IRPF.

Non é posible calcular o efecto económico de todas as exencións do IP, senón só daquelas nas que o valor dos bens exentos ven consignado na declaración do imposto. Trátase das exencións da vivenda habitual, bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais e valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas.

O método de cálculo realízase partindo do importe declarado destes bens (ou do mínimo exento) nas declaracións do exercicio 2014, ao que se lle aplica o tipo efectivo (cota a ingresar entre base imponible) do IP nese mesmo exercicio.

En canto ao efecto da bonificación na cota establecida pola Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, se ben nos primeiros exercicios desta medida fiscal non se fixo uso polos contribuíntes desta dedución, a mellora das condicións económicas e a prudencia que debe de aconsellar a cuantificación dos beneficios fiscais, obriga a manter unha cantidade de 400.000 €.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2017 ascendería a 94.514.000 €, coa desagregación que figura a continuación.

Os importes serían os seguintes:

	(en euros)
- Vivenda habitual	3.194.000
- Valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas	
negociadas	2.690.000
non negociadas	87.130.000
- Bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais	1.100.000
- Bonificación na cota	400.000
TOTAL	94.514.000

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN (ISD)

No imposto sobre sucesión e doazón os beneficios fiscais concéntranse nas reducións de base imponible a base liquidable e nas deducións na cota.

Nas primeiras podemos distinguir aquelas de carácter subxectivo, é dicir, que atenden a circunstancias persoais dos suxeitos pasivos, e aquelas de carácter obxectivo que pretenden reducir a tributación da transmisión por herdanza ou doazón duns determinados bens. Mentres que as segundas son claramente beneficios fiscais, nas primeiras debemos distinguir as establecidas en función do parentesco das establecidas en función da discapacidade do suxeito pasivo. Estas últimas compren os requisitos para a súa consideración como beneficio fiscal en canto á finalidade perseguida, mentres que as primeiras sempre formaron parte da estrutura deste tributo e non se trata dun concreto colectivo de persoas destinatarias. Non obstante, naqueles casos nos que esta redución se combina con deducións coa finalidade de eliminar a tributación de facto a determinados colectivos como os parentescos incluídos no Grupo I, considerarase como beneficio fiscal.

Neste senso, como na lei de medidas para o ano 2016 elevouse a redución de 18.000€ do Grupo II (adquisicións por descendentes e adoptados de 25 anos o mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes) a 400.000€, aparece cuantificado por segundo ano no cadro adxunto esta redución.

A base de datos que se utilizou para o cálculo dos importes son as autoliquidacións dos anos 2013, 2014 e 2015 que se presentaron a través do programa de axuda axustadas en función das modificacións normativas para o exercicio 2016. Para o cálculo do importe das reducións non se realizou unha simulación por cada autoliquidación, senón que se aplicou o tipo medio efectivo (3,43% en 2013, 3,55% en 2014 e 3,24% en 2015) de todas as autoliquidacións ao importe da suma total de cada redución (ou da base imponible no caso de suxeitos pasivos do Grupo I), illando así o efecto de cada unha delas doutras reducións que puidesen concorrer en cada caso concreto, polo que a contía sinalada non reflectiría exactamente unha perda recadatoria real, ao non recoller para cada caso concreto o efecto da progresividade ou doutras reducións, pero si unha visión en termos de cota do importe destas.

Para o cálculo do importe correspondente ao aumento da redución por parentesco para o Grupo II, cuxa entrada en vigor tivo lugar no exercicio de 2016, utilizouse a base de datos das autoliquidacións presentadas ata o mes de outubro, calculándose o a media do impacto para os meses de plena efectividade da medida elevando dito importe o ano.

Dado que por motivos de fiabilidade dos datos se utilizaron só as autoliquidacións realizadas co programa de axuda (que aseguran a falta de erros nos cálculos), o importe resultante ampliou-se en función da relación existente entre as cotas ingresadas pola autoliquidacións realizadas co programa de axuda e as realizadas en papel.

Por último, cómpre sinalar que hai un grupo de beneficios aplicables pola normativa estatal, polo que se dará a información agrupada destes beneficios fiscais no cadro resumo incorporado ao final e que as reducións por actividades económicas e participación en entidades foi establecida polo Estado (nun 95%) e mellorada pola Comunidade Autónoma de Galicia (99%) se ben suxeita a uns requisitos máis estritos. Da base de datos empregada despréndese que un 85% dos suxeitos pasivos de sucesións que aplican esta redución en adquisicións mortis causa se acollen á norma autonómica, mentres que en adquisicións inter vivos a porcentaxe ascende a un 75%. Nesta proporción distribuiranse os importes correspondentes no cadro resumo final.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, os importes dos beneficios fiscais para 2017 ascenderían a 144.299.000 €, coa seguinte desagregación:

	(en euros)
2.1.- Sucesións	140.895.500
- reducións para o Grupo I combinadas coa dedución en cota do 99%, dado o carácter conxunto das devanditas medidas	2.481.500
- aumento da redución por parentesco para o Grupo II	98.471.000
- redución por discapacidade	13.581.500
- redución por vivenda habitual	20.104.500
- redución por actividades económicas	1.040.000
- redución por participación en entidades	3.397.000
- redución por bens de interese cultural	92.000
- redución por terreos rústicos protexidos	30.500
- redución por explotacións agrarias	899.500
- redución por seguro	732.000
- redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	66.000
2.2.- Doazóns	3.403.500
- redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia	296.000
- redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades	2.716.500
- redución pola adquisición de explotacións agrarias	15.000
- redución por bens de interese cultural	3.500
- redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional	372.500
TOTAL	144.299.000

IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITP-AXD)

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os beneficios fiscais concéntranse principalmente en exencións, tipos bonificados e deducións na cota.

O método seguido para o seu cálculo é o seguinte:

I.- Exencións: é o beneficio fiscal que máis problemas formula para o seu cálculo. Ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente por tódolos contribuíntes no modelo do imposto. Ofrecense, polo tanto, só os datos daquelas declaracións que fan constar o importe da operación exenta así como o motivo da exención. Para o seu cálculo utilízanse a media dos datos consignados nas autoliquidacións dos anos 2013-2015.

Motivo exención	Importe
E: 1AA - ESTADO E AA.PP.	2.192.484
E: 1AB - ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS	506.494
E: 1AC - OBRA SOCIAL CAIXAS DE AFORRO	2.933
E: 1AD - IGREXA CATOLICA E DEMAIS CONFESIONS	535.629
E: 1B2 - RETRACTO LEGAL	2.831
E: 1B3 - APORTACIONS A SOCIEDADE CONXUGAL	2.891.176
E: 1B4 - ENTREGAS DE DIÑEIRO	1.309.754
E: 1B5 - ANTICIPOS SEN XURO	21.493
E: 1B6 - CONCENTRACION PARCELARIA	13.494
E: 1B7 - XUNTAS DE COMPENSACION	5.904
E: 1B8 - GARANTIAS QUE PRESTEN TUTORES	15
E: 1B9 - TRANSMISIONS DE VALORES	3.827.254
E: 1B10 - OPERACIONS SOCIETARIAS REXIME ESPECIAL	6.563.367
E: 1B11 - O.S. AMPLIACIÓN,CONSTITUCIÓN,APORTACIÓN	18.787.287
E: 1B12 - VIVENDAS DE PROTECCION OFICIAL	708.805
E: 1B13 - PAGO IMPOSTO POR ACTOS ANTERIORES	4.607.025
E: 1B14 - BONIFICACIONS CEUTA E MELILLA	100
E: 1B15 - DEPOSITOS EN EFECTIVO E PRESTAMOS	3.904.608
E: 1B16 - TRANSMISIONS PARA LEASING	436.827
E: 1B17 - REVENTA DE VEHICULOS USADOS	2.727
E: 1B18 - CANCELACION DE HIPOTECA	35.825.034
E: 1B19 - AMPL.CAPIT.PERS.XURID.DECL. EN CONCURSO	106.580
E: 1B20 - SOCIEDADES E FONDOS DE INVERSIÓN	3.457
E: 1B21 - APORTACIONS PATRIMONIOS DISCAPACITADOS	3.562
E: 1B22 - SOC.DE INVERSIÓN NO MERCADO INMOBILIARIO	1.092
E: 1B23 - NOVACIÓN CONTRACTUAIS R. D. LEI 6/2012	1.716.679
E: 1B24 - REESTRU.E RESOL.ENTID CRÉDITO LEI 9/2012	2.666.769
E: 1C1 - LEI 7/1980 LIBERDADE RELIXIOSA	2.351
E: 1C2 - R.D.L 12/1980 V.P.O.	225.847
E: 1C3 - LEI 55/1980 MONTES VECINAIS	23.269
E: 1C4 - LEI 82/1980 CONSERVACION DA ENERXIA	1.565
E: 1C5 - LEI 2/1981 MERCADO HIPOTECARIO	118.860
E: 1C6 - LEI 49/1981 EXPLOTACION FAMILIAR AGRARIA	18.823
E: 1C7 - LEI 45/1984 SECTOR PETROLEIRO	4.590
E: 1C9 - LEI 49/1984 SISTEMA ELECTRICO NACIONAL	463
E: 1C11 - ENTIDADES DE CAPITAL-RIESGO	17.957
E: 1C12 - LEI 15/1986 SOCIEDADES ANONIMAS LABORAIS	4.826
E: 1C15 - LEI 20/1990 COOPERATIVAS	784.059
E: 1C16 - LEI 12/1991 AGRUP. DE INTERESE ECONOMICO	2.962
E: 1C17 - LEI 19/1992 SOCIEDADES E FONDOS INMOB.	31.305
E: 1C18 - LEI 24/1992 ENT. RELIXIOSAS EVANGELICAS	1.963
E: 1C19 - LEI 25/1992 COMUNIDADES ISRAELITAS	641
E: 1C22 - LEI 38/1992 IMPOSTOS ESPECIAIS	8.390
E: 1C23 - FONDOS DE GARANTIA DE DEPOSITOS	1.074.235
E: 1C24 - LEI 2/1994 SUB.E MOD.DE PRESTAMOS HIPOT.	14.119.758
TOTAL XERAL	103.085.244

2.- Tipos impositivos reducidos: partindo da recadación obtida por cada tipo impositivo reducido, calcularase a perda recadatoria pola diferenza co tipo xeral. O importe asociado ascende a 28.233.500 €, coa seguinte desagregación:

- Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas (21.808.000 €):
- Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual (tipo reducido 8%, art.º 14.2 DL 1/2011): 4.680.000€.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por discapacitados (tipo reducido 4%, art.º 14.3 DL 1/2011): 518.000€.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas (tipo reducido 4%, art.º 14.4 DL 1/2011): 1.035.000€.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos (tipo reducido 4%, art.º 14.5 DL 1/2011): 14.800.000€.
- Tipo de gravame aplicable á transmisión de embarcacións de recreo e motores mariños (tipo reducido 1%, art.º 14.6 DL 1/2011): 775.000€.
- Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados (6.425.500 €):
- Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 1%, art.º 15.2 DL 1/2011): 1.982.000€.
- Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 0,5%, art.º 15.3 DL 1/2011): 47.500€.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 0,5%, art.º 15.4 e 5 DL 1/2011): 210.000€.
- Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento (tipo reducido 0,5%, art.º 15.5 DL 1/2011): 3.800.000€.
- Tipo de gravame para as sociedades de garantía recíproca (tipo reducido 0,5%, art.º 15.6 DL 1/2011): 386.000€.

3.- Deducións: o importe do beneficio fiscal calcúlase a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións no exercicio 2015 e, no caso daquelas que tiveron entrada en vigor no exercicio de 2016, elevando ó ano o importe das consignadas nas declaracións ata o mes de outubro de 2016. Un caso peculiar preséntase naquelas porcentaxes de bonificación do 100%, nos que se dá a mesma circunstancia comentada no apartado das exencións, é dicir, ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente no modelo do imposto, o que impide determinar o seu importe.

Móstranse a continuación as contías relevantes previstas para as deducións vixentes para o 2017, obviando aquelas que polo seu importe no sexan transcendentales na actualidade .As contías son as seguintes:

- Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, 4.261.000€ coa seguinte desagregación:
 - Bonificación aplicable aos arrendamentos de vivenda (dedución 100%, art.º 16.1 DL 1/2011): 10.000€
 - Dedución por arrendamento de terreos rústicos (dedución 100%, art.º 16.2 DL 1/2011): 1.000€
 - Dedución por transmisión de solo rústico (dedución 100%, art.º 16.7 DL 1/2011): 4.000.000€
 - Dedución por transmisión de explotacións agrarias de carácter prioritario (dedución 100%, art.º 16.8 DL 1/2011): 250.000€
- Deducións e bonificacións na cota íntegra na modalidade de actos xurídicos documentados, 880.500€ coa seguinte desagregación:
 - Bonificación aplicable ás declaracións de obra nova ou división horizontal de edificios destinados a vivendas de aluguer (dedución 75%, art.º 17.2 DL 1/2011): 5.000€
- Dedución para a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual (dedución 100%, art.º 17.5 DL 1/2011): 120.000€.
- Dedución nas adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional (dedución 100%, art.º 17.7 DL 1/2011): 3.000€.
- Dedución na constitución e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional (dedución 100%, art.º 17.8 DL 1/2011, que será ampliado ás operacións de arrendamento financeiro pola lei de emprendemento): 2.500€.
- Dedución aplicable ás agrupacións de predios que conteñan solo rústico (dedución 100%, art.º 17.9 DL 1/2011) 750.000€.

A lei de medidas para o 2017 contempla novas deducións aplicables no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, que terán o seguinte efecto cuantitativo.

- Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas , establécese unha dedución do 100% na cota por adquisición de vivenda habitual por discapacitados, familias numerosas e menores de trinta e seis anos en áreas rurais. Impacto recadatorio: 1.921.600€
- Na modalidade de actos xurídicos documentados, establécese unha dedución do 100% na cota por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por discapacitados, familias numerosas e menores de trinta e seis anos, en áreas rurais. Impacto recadatorio: 452.750€

IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS (TIPO ESPECIAL DO TRAMO ESTATAL E TIPO AUTONÓMICO)

Neste imposto os beneficios fiscais responden á devolución parcial do imposto satisfeito ou soportado polos titulares de taxis e de vehículos de transporte por estrada de mercadorías e de viaxeiros que cumpran determinados requisitos, respecto do gasóleo de uso xeral utilizado como carburante no motor daqueles. O cálculo fíxose tendo en conta que a base da devolución está constituída polo resultado de multiplicar o tipo de devolución (48€/1.000 litros) polo volume de gasóleo adquirido. A contía máxima é de 50.000 litros por vehículo e ano, con carácter xeral, e de 5.000 litros por vehículo e ano, para os taxis.

Tendo en conta a información que se recibe do Ministerio de Facenda e Función Pública, estímase que a cifra do beneficio fiscal supón unha porcentaxe do 9,1% do importe total dos ingresos, polo que a cifra do beneficio fiscal ascendería a 8.745.000€.

TAXAS FISCAIS SOBRE O XOGO (TFX)

Na taxa sobre rifas, tómbolas apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal ao que nos vimos referindo e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, a única exención establecida responde a un criterio técnico, que exclúe á exención do concepto de beneficio fiscal ao que vimos aludindo.

IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA (ICA)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS AUGAS EMBALSADAS (IDMAE)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha

minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

CANON EÓLICO (CE)

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que entendemos que non respondería ao concepto de beneficio fiscal que estamos a soste ao longo da memoria.

IMPOSTO SOBRE VALOR ENGADIDO (IVE) E IMPOSTOS ESPECIALES (IIEE)

Ante a falta de novos orzamentos do Goberno de España para o ano 2017 no momento de confeccionar esta memoria, e da prórroga do vixente no ano 2016, temos en conta os mesmos importes que o entón Ministerio de Facenda e Administracións Públicas nos proporcionou para o orzamento do 2016. Así:

IMPOSTO	IMPORTE BENEFICIOS FISCAIS CCAA	ÍNDICE DE REPARTO	BENEFICIOS FISCAIS NO ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS (millóns de €)
IVE	19.531	6,317775%	1.234
ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS	56	5,842336%	3
HIDROCARBUROS	1.102	7,314494%	81

TAXAS E PREZOS

Neste apartado analizaremos sinteticamente os datos relativos ao que, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2, denomina, en primeiro lugar “Instrumentos financeiros”, como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos; estes instrumentos de tipo financeiro son establecidos no título II desta lei. Pola súa parte, os “instrumentos reguladores” defínense como os medios

utilizables para altera-las contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos ós que se refire o artigo seguinte e están establecidos no título III desta lei.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na antedita Lei, están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, no conxunto da Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia “os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito imponible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

- Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:
 - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
 - cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente”. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fíxanse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo as condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos.

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que chamamos, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado I desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

Normativa de Referencia	
Taxas Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras	Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 23,30, 14, 46 e 51.
Prezos Públicos Subvencións Reguladoras	
Ensinanzas Especiais	Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
Garderías	Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.
Residencia Terceira Idade	Decreto 123/1985, do 2 de maio, polo que se fixan os prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia /// DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Centro Atención Persoas Dependentes (CAPD)	Decreto 276/2002, do 6 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos centros de menores de titularidade propia//DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
Residencias tempo libre	Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.
Decreto prezos públicos marítimo-pesqueira e agroforestal	Decreto 143/2013, do 12 de setembro, polo que se fixan os prezos públicos polos servizos de residencia e comedor prestados nos centros de formación das familias marítimo-pesqueira e agroforestal, así como os prezos de matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento, dependentes desta consellería.
Comedores Escolares	Decreto 374/2009, do 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Prezos Privados Subvencións Reguladoras	
Prezos privados Produtos de difusión do Instituto Galego de Estatística	Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do IGE.
Prezo privado limpeza vehículos transporte gandeiro	ORDE do 31 de xullo de 2013 pola que se fixan os prezos privados dos servizos de limpeza e desinfección de vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro en Galicia.
Prezos privados Xuventude	ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
Prezos privados C.S.H.G	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se regulan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos polo Centro Superior de Hostalaría de Galicia.
Prezos privados Metroloxía	ORDE do 4 de xullo de 2014 pola que se fixan os prezos privados correspondentes aos estudos conducentes á obtención das titulacións do Centro Superior de Hostalaría de Galicia.
Prezos privados INGACAL	ORDE do 26 de decembro de 2013 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia polos servizos prestados polo Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.
Prezos privados INGACAL	ORDE do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.
Prezos privados INGACAL	Orde do 17 de febreiro de 1997 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiros, sementes e piñas de sequeiro e especies cinxéticas.

Para chegar á determinación das cifras dos beneficios fiscais e subvencións reguladoras, que inclúense no cadro seguinte, o principio fundamental seguido é o cálculo do custo total de prestación do servizo correspondente, reflectido na correspondente memoria económico-financieira

que acompaña ás normas (leis, decretos, ordes) para a implantación do correspondente instrumento financeiro e, doutra banda, a estimación dos ingresos derivados das tarifas ou prezos propostos.

Acorde coas anteriores consideracións, no seguinte cadro reflíctese o importe que supón para 2017, o conxunto de subvencións reguladoras e beneficios fiscais derivadas da aplicación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

SUBVENCIÓNS REGULADORAS		2017
Custo Total Beneficios Fiscais Taxas		2.968.581
Custo Total Subvencións Reguladoras Taxas		1.560.404
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Públicos		169.543.596
Custo Total Subvencións Reguladoras Prezos Privados		4.015.261
Total Beneficios Fiscais e Subvencións Reguladoras		178.087.843

Pódese apreciar no cadro, a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos, fronte aos beneficios fiscais (exencións e bonificacións) das taxas. Loxicamente neles están os servizos mais importantes no ámbito educativo e social. Isto pode observarse, de maneira mais nítida no seguinte cadro, no que se distribúen os beneficios e as subvencións por áreas funcionais.

Beneficios fiscais e subvencións reguladoras - Distribución por Áreas Funcionais 2017			
		€	%
Taxas	Administrativas	1.838.462	1,0%
	Profesionais	2.690.523	1,5%
	Subtotal Taxas	4.528.985	2,5%
Prezos	Área Social	89.625.654	50,3%
	Área Educación	81.468.364	45,7%
	Área Xuventude	1.629.148	0,9%
	Outras áreas	835.691	0,5%
Subtotal Prezos		173.558.857	97,5%
Total		178.087.843	100,0%

En efecto, e por este orde: nó ámbito dos prezos, a área social (garderías, residencias da terceira idade, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, CAPD, servizos sociais da Mariña, residencias tempo libre e servizo transporte adaptado), supón case que a metade de toda a cifra de beneficios fiscais, concretamente o 50,3 %; en segundo lugar, a área da ensinanza (ensinanzas especiais, comedores escolares, familia marítimo-pesqueira) que representa o 45,7%, e dicir, as dúas áreas representan o 96 % da cifra total que se estima para o orzamento de 2017. Finalmente, a área de xuventude e outras áreas, co 1,4% e o resto.

II.2. GASTOS

O escenario macroeconómico para Galicia prevé unha aceleración do seu crecemento nos próximos anos, asentada no incremento da achega tanto da demanda interna como da externa.

Este escenario favorable ten a súa repercusión no ámbito dos recursos orzamentarios dispoñibles pola Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017, que permiten un cambio de tendencia na orientación do seu gasto público, de maneira que vai resultar posible unha política orzamentaria máis expansiva e a aplicación dunha rebaixa fiscal nos tributos cedidos á Comunidade Autónoma, que vai permitir devolver aos galegos unha parte substancial do esforzo fiscal soportado en anos anteriores. É constatable o maior crecemento das bases impositivas durante o 2016, tanto a nivel nacional como autonómico, que continuará cun ritmo intenso aínda que lixeiramente máis baixo durante o 2017.

A conxunción dos factores descritos permite que os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 combinen o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria co reforzo do compromiso co gasto social, así como consolidar retornos a favor de todos os cidadáns galegos, entre os que se reitera, mediante a recuperación da contía do complemento específico, un especial recoñecemento para os empregados do sector público galego que realizaron unha achega esencial á consecución dos obxectivos de consolidación fiscal nos exercicios anteriores.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sustentabilidade dos servizos públicos nun contexto de forte baixa dos ingresos, para iso fíxose un importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico, así como a consecución de economías en gastos de funcionamento. Este control do gasto posibilitou a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dos servizos públicos que lle competen, así mesmo mediante o financiamento das actuacións de fomento dos diferentes sectores produtivos e actuacións tributarias puntuais tentouse dinamizar a economía galega.

En definitiva, no ano 2017, a comunidade vai a continuar coa aplicación dunha política orzamentaria na que estará presente unha actividade máis expansiva, unida a unha política fiscal que pon o acento no retorno aos cidadáns orientado ao crecemento da súa renda dispoñible.

Sen prexuízo diso, Galicia tamén se marca como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2017-2019. En consonancia con esta previsión, o Consello de Política Fiscal e Financeira informou o 1 de decembro a proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e dos obxectivos de débeda pública do conxunto das comunidades autónomas correspondente ao período 2017-2019, que se concreta nun límite do 0,6% do PIB para o ano 2017.

Os orzamentos da Comunidade Autónoma seguiron o límite de gasto non financeiro aprobado polo Parlamento de Galicia no mes de novembro e teñen en conta o informado polo Consello de Política Fiscal e Financeira no mes de abril, que situaba o obxectivo no 0,5% do PIB. Polo tanto, non esgotan o novo límite, posto que se axustan ao endebedamento neto previsto pola cámara galega, sen que isto supoña renuncia algunha para alcanzar o novo obxectivo do conxunto das comunidades na fase de execución dos orzamentos de 2017. O cumprimento

deste obxectivo determina unha orientación do gasto, que prioriza, unha vez máis, o de marcado carácter social (sanidade, educación, protección e asistencia social, igualdade, vivenda).

Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e no 2011 aprobou a Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación "a priori" do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria.

Ao amparo do parágrafo un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2017 en 9.063 millóns de euros.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	1.891.233	1.924.212	32.979	1,7	18,8	18,2
II Gastos en bens correntes e servizos	510.537	514.973	4.436	0,9	5,1	4,9
III Gastos financeiros	270.249	234.300	-35.949	-13,3	2,7	2,2
IV Transferencias correntes	4.479.371	4.680.508	201.137	4,5	44,6	44,4
OPERACIÓNS CORRENTES	7.151.390	7.353.993	202.603	2,8	71,2	69,7
V Fondo de continxencia	12.949	4.500	-8.449	-65,2	0,1	-
VI Investimentos reais	281.759	304.792	23.033	8,2	2,8	2,9
VII Transferencias de capital	1.168.262	1.202.821	34.558	3,0	11,6	11,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.450.022	1.507.613	57.591	4,0	14,4	14,3
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.614.361	8.866.106	251.745	2,9	85,8	84,0
VIII Activos financeiros	93.000	94.408	1.407	1,5	0,9	0,9
IX Pasivos financeiros	1.330.200	1.590.182	259.983	19,5	13,3	15,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.423.200	1.684.590	261.390	18,4	14,2	16,0
Total	10.037.561	10.550.696	513.135	5,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No orzamento para 2017 o importe total dos créditos previstos ascende a 10.550,7 millóns de euros, o que supón incremento do 5,1% respecto do exercicio anterior. Se ben, este importe total non é ilustrativo da capacidade de gasto da administración autonómica, xa que boa parte do mesmo é gasto financeiro, amortización de débeda de xeito principal, polo que habería que referirse ao gasto non financeiro, que alcanza os 8.866,1 millóns de euros, incrementándose nun 2,9% respecto ao ano anterior.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Orgánica						
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
01 Parlamento	18.340	18.706	367	2,0	0,2	0,2
02 Consello de Contas	6.647	6.937	290	4,4	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.416	2.473	57	2,3	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	268.515	275.967	7.452	2,8	2,7	2,6
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	252.471	261.787	9.316	3,7	2,5	2,5
06 Consellería de Facenda	51.766	53.946	2.180	4,2	0,5	0,5
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	108.863	111.976	3.112	2,9	1,1	1,1
08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda	339.734	341.658	1.925	0,6	3,4	3,2
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	413.762	463.193	49.431	11,9	4,1	4,4
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2.250.850	2.315.415	64.565	2,9	22,4	21,9
11 Consellería de Sanidade	3.309.935	3.412.156	102.220	3,1	33,0	32,3
12 Consellería de Política Social	618.542	643.520	24.978	4,0	6,2	6,1
13 Consellería de Medio Rural	503.523	518.560	15.037	3,0	5,0	4,9
14 Consellería do Mar	129.264	142.291	13.026	10,1	1,3	1,3
20 Consello Consultivo de Galicia	2.060	2.096	36	1,7	-	-
21 Transferencias a corporacións locais	116.138	119.764	3.626	3,1	1,2	1,1
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	1.598.200	1.822.264	224.064	14,0	15,9	17,3
23 Gastos de diversas consellerías	46.535	37.988	-8.547	-18,4	0,5	0,4
Total	10.037.561	10.550.696	513.135	5,1	100,0	100,0


(Miles de Euros)

O gasto corrente previsto, 7.354,0 millóns de euros, está constituído nun 26,2% polas retribucións do persoal ao servizo da comunidade autónoma, que se incrementan no seu conxunto nun 1,7%. Debe terse en conta neste capítulo os incrementos derivados da recuperación retributiva do persoal que ascenden a 28,7 millóns de euros, respecto do importe que figurou en 2016. Tendo en conta este importe, os gastos de persoal experimentan un incremento do 1,7%.

Este tipo de gasto, ademais, está formado nunha gran parte polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de equidade e cohesión. Compréndese dentro dese, o representado pola educación, que recolle a maior parte do financiamento das universidades, o incremento derivado da aplicación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que supón un incremento de preto de 5 millóns de euros, a prestación de servizos sanitarios e o gasto para a prestación dos servizos sociais, entre os que destacan os que son propios da atención á dependencia.

Conforme ao escenario actual, de crecemento para os próximos anos, os créditos para investimentos canalizados a través dos capítulos VI e VII experimentan un incremento do 4 %, acadando a cifra de 1.507,6 millóns de euros.

Distribución do orzamento de gastos por seccións



Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Funcional						
Grupo de función	Variación 2017/2016				Valor Relativo	
Funcións	2016	2017	Importe	%	2016	2017
1 Actuacións de carácter xeral	262.227	265.285	3.058	1,2	2,6	2,5
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	35.594	36.266	673	1,9	0,4	0,3
12 Administración xeral	68.008	68.413	405	0,6	0,7	0,6
13 Xustiza	128.244	134.576	6.332	4,9	1,3	1,3
14 Administración local	15.629	13.266	-2.363	-15,1	0,2	0,1
15 Normalización lingüística	6.757	6.819	62	0,9	0,1	0,1
16 Procesos electorais e órganos de representación política	7.995	5.945	-2.050	-25,6	0,1	0,1
2 Protección civil e seguranza cidadá	23.941	25.473	1.532	6,4	0,2	0,2
21 Protección civil e seguridade	23.941	25.473	1.532	6,4	0,2	0,2
3 Protección e promoción social	855.245	914.323	59.077	6,9	8,5	8,7
31 Acción social e promoción social	641.153	667.882	26.728	4,2	6,4	6,3
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	209.901	241.928	32.028	15,3	2,1	2,3
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.191	4.513	321	7,7	-	-
4 Producción de bens públicos de carácter social	5.714.859	5.876.837	161.977	2,8	56,9	55,7
41 Sanidade	3.309.935	3.412.156	102.220	3,1	33,0	32,3
42 Educación	2.148.156	2.209.446	61.291	2,9	21,4	20,9
43 Cultura	61.982	63.907	1.925	3,1	0,6	0,6
44 Deportes	19.611	19.219	-393	-2,0	0,2	0,2
45 Vivenda	74.858	70.050	-4.808	-6,4	0,7	0,7
46 Outros servizos comunitarios e sociais	100.317	102.059	1.742	1,7	1,0	1,0
5 Producción de bens públicos de carácter económico	770.952	792.061	21.109	2,7	7,7	7,5
51 Infraestruturas	273.000	280.910	7.911	2,9	2,7	2,7
52 Ordenación do territorio	15.595	16.937	1.342	8,6	0,2	0,2
54 Actuacións ambientais	119.205	121.219	2.014	1,7	1,2	1,1
55 Actuacións e valorización do medio rural	135.100	137.650	2.550	1,9	1,3	1,3
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	127.573	131.728	4.155	3,3	1,3	1,2
57 Sociedade da información e do coñecemento	96.390	99.262	2.873	3,0	1,0	0,9
58 Información estatística básica	4.089	4.354	265	6,5	-	-
6 Regulación económica de carácter xeral	81.324	79.682	-1.643	-2,0	0,8	0,8
61 Actuacións económicas xerais	27.692	30.895	3.204	11,6	0,3	0,3
62 Actividades financeiras	53.633	48.786	-4.846	-9,0	0,5	0,5
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	610.186	650.122	39.936	6,5	6,1	6,2
71 Dinamización económica do medio rural	333.997	339.587	5.590	1,7	3,3	3,2
72 Pesca	82.389	93.514	11.124	13,5	0,8	0,9
73 Industria, enerxía e minaría	62.695	56.861	-5.834	-9,3	0,6	0,5
74 Desenvolvemento empresarial	77.710	100.428	22.717	29,2	0,8	1,0
75 Comercio	13.142	16.535	3.393	25,8	0,1	0,2
76 Turismo	40.252	43.198	2.946	7,3	0,4	0,4
8 Transferencias a entidades locais	120.626	124.650	4.024	3,3	1,2	1,2
81 Transferencias a entidades locais	120.626	124.650	4.024	3,3	1,2	1,2
9 Débeda pública	1.598.200	1.822.264	224.064	14,0	15,9	17,3
91 Débeda pública	1.598.200	1.822.264	224.064	14,0	15,9	17,3
Total	10.037.561	10.550.696	513.135	5,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Á consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á Consellería de Sanidade, destínanse nestes orzamentos créditos por importe de 2.315,4 e 3.412,2 millóns de euros, respectivamente, e absorben o 54,2% dos créditos da Administración xeral. A Consellería de Política Social, con 643,5 millóns de euros absorbe o 6,1% do total orzamento e a Consellería do Medio Rural, con 518,6 millóns de euros absorbe o 4,9%, a Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da comunidade autónoma.

Nestes orzamentos, a Débeda Pública con 1.822,2 millóns de euros absorbe o 17,3%.

O Fondo de Continxencia que se dota na Administración Xeral ascende a 4,5 millóns de euros e xunto co previsto no servizo Galego de Saúde, por importe de 31,7 millóns, totalizan o fondo total destes orzamentos, con 36,2 millóns de euros.

Dentro dos créditos destinados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, destacan os correspondentes ao sistema de financiamento das universidades galegas para o período 2016-2020, que para o exercicio 2017, prevé un importe de 395,2 millóns de euros, entre os que se inclúen 13,3 millóns para o fondo de recuperación retributiva. Ademais, figuran as dotacións correspondentes aos gastos de funcionamento do INEF e as prazas vinculadas do SERGAS, por importes de 2,8 e 5,7 millóns de euros, respectivamente

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Seccións	Distribución Orgánica e Económica									Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	
01 Parlamento	9.386	6.005		2.634		567	2	113		18.706
02 Consello de Contas	5.407	1.027		12		455		36		6.937
03 Consello da Cultura Galega	1.328	900		31		213				2.473
04 Presidencia da Xunta de Galicia	9.229	7.780		54.533		4.528	105.537	93.833	526	275.967
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	122.358	34.769	37	52.628		36.307	15.638	50		261.787
06 Consellería de Facenda	18.340	894	3	23.212		2.207	9.290	0		53.946
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	27.575	3.636		4.348		31.007	45.410	0		111.976
08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda	8.058	1.028		42.891		4.366	285.315			341.658
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	48.985	26.742		203.629		10.340	173.497	0		463.193
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.343.023	216.578	60	616.813		49.353	87.620	375	1.592	2.315.415
11 Consellería de Sanidade	44.788	1.935		3.220.737		19.773	124.923			3.412.156
12 Consellería de Política Social	123.359	187.031		314.052		6.449	12.629			643.520
13 Consellería de Medio Rural	128.186	6.793		13.025		99.753	270.802			518.560
14 Consellería do Mar	29.305	2.606	0	3.370		34.852	72.158			142.291
20 Consello Consultivo de Galicia	1.700	295				101				2.096
21 Transferencias a corporacións locais				119.764						119.764
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma			234.200						1.588.064	1.822.264
23 Gastos de diversas consellerías	3.183	16.953		8.831	4.500	4.521				37.988
Total	1.924.212	514.973	234.300	4.680.508	4.500	304.792	1.202.821	94.408	1.590.182	10.550.696

(Miles de Euros)

II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Orgánica						
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
01 Parlamento	9.345	9.386	41	0,4	0,5	0,5
02 Consello de Contas	5.096	5.407	311	6,1	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	1.280	1.328	49	3,8	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	9.169	9.229	61	0,7	0,5	0,5
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	120.597	122.358	1.762	1,5	6,4	6,4
06 Consellería de Facenda	17.764	18.340	575	3,2	0,9	1,0
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	27.269	27.575	306	1,1	1,4	1,4
08 Consellería de Infraestructuras e Vivenda	7.204	8.058	854	11,9	0,4	0,4
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	49.677	48.985	-691	-1,4	2,6	2,5
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.315.550	1.343.023	27.473	2,1	69,6	69,8
11 Consellería de Sanidade	44.666	44.788	123	0,3	2,4	2,3
12 Consellería de Política Social	121.992	123.359	1.367	1,1	6,5	6,4
13 Consellería de Medio Rural	127.583	128.186	603	0,5	6,7	6,7
14 Consellería do Mar	29.228	29.305	77	0,3	1,5	1,5
20 Consello Consultivo de Galicia	1.664	1.700	36	2,1	0,1	0,1
23 Gastos de diversas consellerías	3.150	3.183	33	1,1	0,2	0,2
Total	1.891.233	1.924.212	32.979	1,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Os créditos destinados ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma no ano 2017 increméntanse nun 1,7 % respecto ao ano anterior, acadando o total do capítulo I da administración xeral 1.924,2 millóns de euros.

Esta modificación vén motivada pola recuperación dos conceptos retributivos minorados como consecuencia da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, polo incremento dos créditos para persoal docente como consecuencia da implantación da LOMCE e polo incremento de efectivos de persoal de servizos sociais de centros residenciais.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Económica							
Artigos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
10 Altos cargos e delegados	7.078	7.457	379	5,4	0,4	0,4	
11 Persoal eventual de gabinete	5.705	6.031	326	5,7	0,3	0,3	
12 Funcionarios	1.402.701	1.475.413	72.712	5,2	74,2	76,7	
13 Laborais	244.331	251.701	7.370	3,0	12,9	13,1	
14 Outro persoal	208	208	0	-	-	-	
15 Incentivos ao rendimento	3.981	3.655	-326	-8,2	0,2	0,2	
16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador	173.581	179.747	6.167	3,6	9,2	9,3	
17 Fondo de recuperación retributiva	53.649	0	-53.649	-100,0	2,8	-	
Total	1.891.233	1.924.212	32.979	1,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Funcional							
Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	21.541	21.868	327	1,5	1,1	1,1	
12 Administración xeral	32.098	29.579	-2.518	-7,8	1,7	1,5	
13 Xustiza	84.168	88.225	4.057	4,8	4,5	4,6	
14 Administración local	773	806	33	4,3	-	-	
15 Normalización lingüística	1.722	1.785	62	3,6	0,1	0,1	
21 Protección civil e seguridade	4.151	4.244	93	2,2	0,2	0,2	
31 Acción social e promoción social	125.632	127.125	1.493	1,2	6,6	6,6	
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	36.074	36.394	320	0,9	1,9	1,9	
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	456	477	21	4,7	-	-	
41 Sanidade	44.666	44.788	123	0,3	2,4	2,3	
42 Educación	1.302.936	1.330.014	27.077	2,1	68,9	69,1	
43 Cultura	20.835	21.455	620	3,0	1,1	1,1	
44 Deportes	3.168	3.284	116	3,7	0,2	0,2	
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.678	1.730	52	3,1	0,1	0,1	
51 Infraestruturas	7.204	8.058	854	11,9	0,4	0,4	
52 Ordenación do territorio	3.341	3.245	-96	-2,9	0,2	0,2	
54 Actuacións ambientais	33.106	33.804	699	2,1	1,8	1,8	
55 Actuacións e valorización do medio rural	48.407	49.701	1.295	2,7	2,6	2,6	
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	9.150	9.440	290	3,2	0,5	0,5	
61 Actuacións económicas xerais	7.397	7.616	219	3,0	0,4	0,4	
62 Actividades financeiras	8.996	9.337	341	3,8	0,5	0,5	
71 Dinamización económica do medio rural	68.494	67.505	-990	-1,4	3,6	3,5	
72 Pesca	11.639	11.141	-498	-4,3	0,6	0,6	
73 Industria, enerxía e minaría	12.551	11.505	-1.046	-8,3	0,7	0,6	
75 Comercio	1.051	1.086	35	3,3	0,1	0,1	
Total	1.891.233	1.924.212	32.979	1,7	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Polo que atinxe a súa distribución económica e funcional, sinalar que o peso do gasto do persoal funcionario e do persoal laboral representa o 87,1% do total e que case o 70% deste corresponde a Educación.

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos deste capítulo acadan en 2017 os 514,9 millóns de euros, o que representa un lixeiro incremento do 0,9% respecto ao exercicio anterior.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Orgánica							
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
01 Parlamento	5.979	6.005	26	0,4	1,2	1,2	
02 Consello de Contas	1.169	1.027	-142	-12,1	0,2	0,2	
03 Consello da Cultura Galega	900	900	0	-	0,2	0,2	
04 Presidencia da Xunta de Galicia	7.068	7.780	712	10,1	1,4	1,5	
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	35.157	34.769	-387	-1,1	6,9	6,8	
06 Consellería de Facenda	1.133	894	-238	-21,0	0,2	0,2	
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	3.536	3.636	100	2,8	0,7	0,7	
08 Consellería de Infraestructuras e Vivenda	1.028	1.028	0	-	0,2	0,2	
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	24.173	26.742	2.569	10,6	4,7	5,2	
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	213.717	216.578	2.862	1,3	41,9	42,1	
11 Consellería de Sanidade	1.845	1.935	90	4,9	0,4	0,4	
12 Consellería de Política Social	182.010	187.031	5.021	2,8	35,7	36,3	
13 Consellería de Medio Rural	6.993	6.793	-200	-2,9	1,4	1,3	
14 Consellería do Mar	2.531	2.606	75	3,0	0,5	0,5	
20 Consello Consultivo de Galicia	295	295	0	-	0,1	0,1	
23 Gastos de diversas consellarías	23.005	16.953	-6.052	-26,3	4,5	3,3	
Total	510.537	514.973	4.436	0,9	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Os créditos do Capítulo II enmárcanse no entorno de 2016, coas excepcións que se sinalan a continuación:

- Na Consellería de Economía, Emprego e Industria increméntase en 2,6 millóns de euros, fundamentalmente motivado polas transferencias finalistas do Estado que afectan á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Social e o trasvase de créditos entre os capítulos IV e II
- Na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, increméntase en 2,8 millóns de euros polo aumento dos gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios e o transporte escolar

- Na Consellería de Política social incrementáse en 5,7 millóns de euros, derivado fundamentalmente da dotación de novas prazas en centros de maiores, o funcionamento de centros e creación de centros de menores

Debe terse en conta que este capítulo engloba tanto os créditos correspondentes aos gastos de funcionamento dos servizos puramente administrativos, como os correspondentes aos servizos sociais e educativos.

Dentro dos gastos de servizos sociais, destacan os correspondentes aos de funcionamento dos centros propios e concertados, dependentes da Consellería de Política Social, que ascenden a un total de 172,5 millóns de euros. Polo que se refire á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria, destacan igualmente os gastos de funcionamento dos centros educativos, cunha dotación de 59,2 millóns de euros, e os gastos de comedores escolares e transporte escolar, que ascenden a un total de 149,4 millóns de euros.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Artigos	Distribución Económica					
	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
20 Alugamentos e canons	6.665	6.037	-628	-9,4	1,3	1,2
21 Reparacións, mantemento e conservación	13.052	13.081	29	0,2	2,6	2,5
22 Material, subministracións e outros	484.086	488.852	4.766	1,0	94,8	94,9
23 Indemnizacións por razóns do servizo	6.639	6.942	303	4,6	1,3	1,3
27 Publicacións	95	61	-34	-35,7	-	-
Total	510.537	514.973	4.436	0,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

No total do capítulo II, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, representa o 42,1%, a de Política Social o 36,3% e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 6,8%, á que compete atender os gastos comúns correspondentes á mantemento, limpeza e seguridade dos servizos administrativos das distintas consellerías, co que o peso das demais seccións ascende ao 14,8%.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Funcional

Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	9.511	9.377	-134	-1,4	1,9	1,8
12 Administración xeral	20.546	20.448	-99	-0,5	4,0	4,0
13 Xustiza	12.727	12.785	58	0,5	2,5	2,5
14 Administración local	155	105	-50	-32,3	-	-
15 Normalización lingüística	129	133	4	3,1	-	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política	6.495	0	-6.495	-100,0	1,3	-
21 Protección civil e seguridade	1.105	1.092	-13	-1,2	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	184.301	189.197	4.896	2,7	36,1	36,7
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	23.480	26.107	2.626	11,2	4,6	5,1
41 Sanidade	1.845	1.935	90	4,9	0,4	0,4
42 Educación	210.630	213.502	2.872	1,4	41,3	41,5
43 Cultura	4.316	4.373	58	1,3	0,8	0,8
44 Deportes	3.176	4.006	830	26,1	0,6	0,8
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.097	1.087	-10	-0,9	0,2	0,2
51 Infraestruturas	1.028	1.028	0	-	0,2	0,2
52 Ordenación do territorio	0	37	37	-	-	-
54 Actuacións ambientais	3.576	3.639	63	1,8	0,7	0,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	423	426	3	0,7	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	883	883	0	-	0,2	0,2
62 Actividades financeiras	16.146	16.151	5	-	3,2	3,1
71 Dinamización económica do medio rural	6.354	6.154	-200	-3,1	1,2	1,2
72 Pesca	1.350	1.350	0	-	0,3	0,3
73 Industria, enerxía e minaría	1.264	1.159	-105	-8,3	0,2	0,2
Total	510.537	514.973	4.436	0,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Como pode observarse na distribución funcional do gasto, destacan igualmente a función 42, Educación, cun 41,5% do total e a 31, Acción social e promoción social, co 36,7%.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCIEROS

Neste exercicio 2017, os gastos financeiros ascenden a 234,3 millóns de euros, o que supón unha redución do 13,3% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Orgánica

Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	70	37	-33	-47,3	-	-
06 Consellería de Facenda	0	3	3	-	-	-
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	66	60	-6	-9,4	-	-
14 Consellería do Mar	0	0	0	-	-	-
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	270.113	234.200	-35.913	-13,3	99,9	100,0
Total	270.249	234.300	-35.949	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Económica

Artigos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
30 Débeda pública e préstamos	268.779	231.760	-37.019	-13,8	99,5	98,9
31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést.	1.400	2.500	1.100	78,6	0,5	1,1
35 Xuros de demora e outros gastos financeiros	70	40	-30	-43,0	-	-
Total	270.249	234.300	-35.949	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Funcional

Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	8	8	0	-	-	-
12 Administración xeral	53	25	-28	-53,5	-	-
21 Protección civil e seguridade	9	4	-5	-52,8	-	-
42 Educación	66	60	-6	-9,4	-	-
43 Cultura	0	0	0	-	-	-
62 Actividades financeiras	0	3	3	-	-	-
72 Pesca	0	0	0	-	-	-
91 Débeda pública	270.113	234.200	-35.913	-13,3	99,9	100,0
Total	270.249	234.300	-35.949	-13,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes engloban os fondos, condicionados ou non, que se satisfarán sen que se produza unha contrapartida directa por parte dos axentes receptores, destinados á atención de gastos de natureza corrente.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Orgánica						
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
01 Parlamento	2.685	2.634	-51	-1,9	0,1	0,1
02 Consello de Contas	13	12	-1	-7,9	-	-
03 Consello da Cultura Galega	31	31	0	-	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	51.191	54.533	3.343	6,5	1,1	1,2
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	47.371	52.628	5.256	11,1	1,1	1,1
06 Consellería de Facenda	22.898	23.212	315	1,4	0,5	0,5
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	4.500	4.348	-152	-3,4	0,1	0,1
08 Consellería de Infraestructuras e Vivenda	41.383	42.891	1.507	3,6	0,9	0,9
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	177.499	203.629	26.130	14,7	4,0	4,4
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	590.405	616.813	26.408	4,5	13,2	13,2
11 Consellería de Sanidade	3.107.556	3.220.737	113.181	3,6	69,4	68,8
12 Consellería de Política Social	294.119	314.052	19.932	6,8	6,6	6,7
13 Consellería de Medio Rural	14.335	13.025	-1.310	-9,1	0,3	0,3
14 Consellería do Mar	3.259	3.370	111	3,4	0,1	0,1
21 Transferencias a corporacións locais	116.138	119.764	3.626	3,1	2,6	2,6
23 Gastos de diversas consellerías	5.988	8.831	2.843	47,5	0,1	0,2
Total	4.479.371	4.680.508	201.137	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As transferencias correntes constitúen o capítulo co volume máis importe do orzamento da Administración Xeral, representando o 44,4% dos créditos totais e alcanzando os 4.680,5 millóns de euros. Incrementáanse nun 4,5% respecto aos previstos no orzamento de 2016.

Segundo o destino, o sector público autonómico absorbe o 80,8% dos créditos de transferencias correntes, as corporacións locais o 5,4% e o sector privado, formado polas empresas e as familias e institucións sen ánimo de lucro, recibe o 13,6%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 3.216,7 millóns de euros, sendo o peso da Consellería de Sanidade neste capítulo dun 68,8% do total.

Un segundo bloque en importancia cuantitativa pode considerarse o formado polas transferencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cun importe de 260,2

millóns de euros destinados a subvencionar a gratuidade do ensino e ao financiamento das universidades de Galicia por contía de 329 millóns de euros.

Na Consellería de Política Social é de destacar, o incremento que experimenta de 19,9 millóns de euros. Destacan as transferencias a concellos para incrementar o número de horas que supoñen a atención a 6.000 dependentes, nun importe de 10 millóns de euros, e os incrementos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que se incrementa en preto de 10 millóns de euros, destinados fundamentalmente ao cheque bebe, bono coidador, tarxeta benvida e casas niño.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Artigos	Distribución Económica					
	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
40 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado	3.513	3.513	0	-	0,1	0,1
43 A OO.AA., Ent. Públ. Instr. Cons. ou Ases. e Axencias Públ. Da C.A.	3.259.155	3.380.458	121.303	3,7	72,8	72,2
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	389.145	400.374	11.228	2,9	8,7	8,6
46 A corporacións locais	235.183	254.349	19.166	8,1	5,3	5,4
47 A empresas privadas	80.871	94.632	13.761	17,0	1,8	2,0
48 A familias e institucións sen fins de lucro	508.951	544.782	35.831	7,0	11,4	11,6
49 Ao exterior	2.553	2.401	-152	-6,0	0,1	0,1
Total	4.479.371	4.680.508	201.137	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Na sección 21, Transferencias a corporacións locais, recóllese a achega da comunidade para o financiamento das entidades locais, a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da comunidade autónoma.

No texto articulado establécese que, conforme ao indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, resultando un 2,382324% para o Fondo Base e un 0,0471566% para o Fondo Adicional.

Polo tanto en 2017, o crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da comunidade autónoma, ascende a 115.209.033 euros, dos que 112.972.806 euros corresponden ao Fondo Base e 2.236.227 euros ao Fondo Adicional.

Respecto a repartición, dispónse que con anterioridade ao reparto do fondo base dedúcese un importe equivalente ao 1%, sen que poida exceder de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme aos coeficientes que se establecen no Anexo 6 da lei.

Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, inclúese, entre os criterios de distribución dos novos recursos que se integran no fondo, a participación en procesos de fusión ou de incorporación voluntaria a outros concellos.

Este criterio determinará o reparto do Fondo Adicional nas condicións que estableza a consellería competente en materia de administración local. O importe deste fondo non destinado a concellos resultantes dunha fusión ou incorporación repartirase entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes de acordo cos seguintes criterios de ponderación: habitantes 55%, maiores de 65 anos 10%, superficie 15%, núcleos de poboación 20%.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Funcional						
Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	3.465	3.462	-2	-0,1	0,1	0,1
12 Administración xeral	3.148	3.158	10	0,3	0,1	0,1
13 Xustiza	12.847	13.877	1.030	8,0	0,3	0,3
14 Administración local	4.714	4.794	80	1,7	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	2.037	2.033	-4	-0,2	-	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política	1.500	5.945	4.445	296,4	-	0,1
21 Protección civil e seguridade	11.196	12.072	876	7,8	0,2	0,3
31 Acción social e promoción social	309.982	331.625	21.643	7,0	6,9	7,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	148.831	174.961	26.131	17,6	3,3	3,7
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	3.014	3.014	0	-	0,1	0,1
41 Sanidade	3.107.556	3.220.737	113.181	3,6	69,4	68,8
42 Educación	557.479	582.609	25.130	4,5	12,4	12,4
43 Cultura	12.479	12.421	-58	-0,5	0,3	0,3
44 Deportes	10.104	10.219	115	1,1	0,2	0,2
45 Vivenda	14.127	14.893	766	5,4	0,3	0,3
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.244	1.244	0	-	-	-
51 Infraestruturas	27.670	28.411	741	2,7	0,6	0,6
52 Ordenación do territorio	2.024	1.717	-307	-15,2	-	-
54 Actuacións ambientais	4.685	4.827	142	3,0	0,1	0,1
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	28.523	30.120	1.596	5,6	0,6	0,6
57 Sociedade da información e do coñecemento	20.772	21.413	640	3,1	0,5	0,5
58 Información estatística básica	2.966	3.086	120	4,0	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	10.917	12.418	1.501	13,7	0,2	0,3
62 Actividades financeiras	13.038	13.209	171	1,3	0,3	0,3
71 Dinamización económica do medio rural	12.818	11.740	-1.078	-8,4	0,3	0,3
72 Pesca	517	637	120	23,2	-	-
73 Industria, enerxía e minaría	4.840	2.933	-1.907	-39,4	0,1	0,1
74 Desenvolvemento empresarial	10.283	10.225	-57	-0,6	0,2	0,2
75 Comercio	1.033	1.033	0	-	-	-
76 Turismo	14.937	17.024	2.087	14,0	0,3	0,4
81 Transferencias a entidades locais	120.626	124.650	4.024	3,3	2,7	2,7
Total	4.479.371	4.680.508	201.137	4,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Orgánica						
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
23 Gastos de diversas consellarías	12.949	4.500	-8.449	-65,2	100,0	100,0
Total	12.949	4.500	-8.449	-65,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Segundo o artigo 55 bis do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establécese que nas seccións 50.01 e 23 do orzamento da Xunta de Galicia recollerase un fondo para atender ás necesidades que poidan xurdir no exercicio corrente e sexan inaprazables, de carácter non discrecional e que non tiveran en todo ou en parte a axeitada dotación orzamentaria. Este fondo será adicado unicamente a financiar, cando proceda, as modificacións establecidas.

Para o ano 2017, a dotación será de 4.500.000 euros na Administración Xeral e de 31.669.231 euros, no Servizo Galego de Saúde. A totalidade destes fondos segundo a Disposición Transitoria Segunda da lei, poderán empregarse para financiar os axustes no capítulo I do Servizo Galego de Saúde.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Económica							
Artigos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
50 Fondo de continxencia	10.420	4.500	-5.920	-56,8	80,5	100,0	
53 Fondo de continxencia	2.529	0	-2.529	-100,0	19,5	-	
Total	12.949	4.500	-8.449	-65,2	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Funcional							
Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
62 Actividades financeiras	12.949	4.500	-8.449	-65,2	100,0	100,0	
Total	12.949	4.500	-8.449	-65,2	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

Con destino á realización de investimentos reais os orzamentos do ano 2017 consignan créditos por importe de 304,8 millóns de euros, incrementándose nun 8,2 %, respecto ao ano anterior. O capítulo VI representa o 2,9% do orzamento total e o 3,4% do gasto non financeiro da Administración xeral, e constitúe unicamente unha parte do esforzo investidor da comunidade autónoma. Complétase, mediante os investimentos financiados a través das transferencias de capital da Administración xeral co realizado polas entidades públicas instrumentais e outras entidades que forman parte do sector público autonómico. Destacando entre eles, a Axencia Galega

de Infraestruturas, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

CAPÍTULO VI. Inversións reais

Distribución Orgánica

Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
01 Parlamento	253	567	314	124,5	0,1	0,2
02 Consello de Contas	333	455	122	36,6	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	205	213	8	4,0	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	5.882	4.528	-1.354	-23,0	2,1	1,5
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	32.042	36.307	4.265	13,3	11,4	11,9
06 Consellería de Facenda	2.479	2.207	-272	-11,0	0,9	0,7
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	27.835	31.007	3.172	11,4	9,9	10,2
08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda	4.257	4.366	110	2,6	1,5	1,4
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	4.253	10.340	6.087	143,1	1,5	3,4
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	38.558	49.353	10.795	28,0	13,7	16,2
11 Consellería de Sanidade	18.677	19.773	1.096	5,9	6,6	6,5
12 Consellería de Política Social	8.269	6.449	-1.820	-22,0	2,9	2,1
13 Consellería de Medio Rural	100.247	99.753	-494	-0,5	35,6	32,7
14 Consellería do Mar	36.925	34.852	-2.073	-5,6	13,1	11,4
20 Consello Consultivo de Galicia	101	101	0	-	-	-
23 Gastos de diversas consellarías	1.444	4.521	3.077	213,1	0,5	1,5
Total	281.759	304.792	23.033	8,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A maior parte dos créditos deste capítulo, un 63,9%, está destinado ao investimento novo, especialmente á realización de infraestruturas. O investimento de reposición absorbe un 7,6% dos créditos totais.

A inversións de carácter inmaterial corresponde o 27,8%, entre os que destacan os destinados a programas de formación do profesorado, a convenios de fomento e normalización en lingua galega, promoción de produtos galegos, as campañas de prevención e extinción de incendios e a outras actuacións medio ambientais.

CAPÍTULO VI. Inversións reais

Distribución Económica						
Artigos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
60 Invest. novo en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	102.820	103.263	443	0,4	36,5	33,9
61 Invest. de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral	3.022	3.426	404	13,4	1,1	1,1
62 Invest. novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	79.654	91.401	11.747	14,7	28,3	30,0
63 Invest. de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	15.674	19.725	4.051	25,8	5,6	6,5
64 Gastos en inversións de carácter inmaterial	80.140	84.590	4.450	5,6	28,4	27,8
65 Infraestrutura básica de apoio ós sectores productivos	450	2.387	1.937	430,4	0,2	0,8
Total	281.759	304.792	23.033	8,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Con cargo a ese artigo, "Inmovilizado inmaterial", realízanse inversións como :

- Impulso á prevención e reciclaxe dos residuos industriais, por importe de 1,8 millóns de euros
- Conservación e protección da biodiversidade con 1,1 millóns de euros
- Actuacións no eido ambiental con 6,6 millóns de euros
- Programas poboacionais de cribado con 3,2 millóns de euros
- Dispositivo de prevención de incendios con 4,8 de euros
- Defensa sanitaria gandeira con 6,6 millóns de euros
- Mellora de medidas de comercialización de cadea de subministro de produtos da peca con 4,2 millóns de euros
- Asistencia técnica FEMP por 3,0 millóns de euros

CAPÍTULO VI. Inversións reais

Distribución Funcional						
Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	955	1.400	444	46,5	0,3	0,5
12 Administración xeral	11.789	14.829	3.040	25,8	4,2	4,9
13 Xustiza	18.502	19.690	1.187	6,4	6,6	6,5
14 Administración local	41	41	0	-	-	-
15 Normalización lingüística	2.378	2.411	33	1,4	0,8	0,8
21 Protección civil e seguridade	1.229	1.229	0	-	0,4	0,4
31 Acción social e promoción social	8.473	6.692	-1.781	-21,0	3,0	2,2
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	1.355	4.102	2.747	202,8	0,5	1,3
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	60	60	0	-	-	-
41 Sanidade	18.677	19.773	1.096	5,9	6,6	6,5
42 Educación	30.060	41.323	11.263	37,5	10,7	13,6
43 Cultura	9.625	9.247	-377	-3,9	3,4	3,0
44 Deportes	2.413	1.059	-1.354	-56,1	0,9	0,3
46 Outros servizos comunitarios e sociais	3.389	3.389	0	-	1,2	1,1
51 Infraestruturas	8.312	9.514	1.202	14,5	3,0	3,1
52 Ordenación do territorio	6.580	8.215	1.635	24,9	2,3	2,7
54 Actuacións ambientais	35.119	36.736	1.616	4,6	12,5	12,1
55 Actuacións e valorización do medio rural	65.808	66.464	655	1,0	23,4	21,8
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	1.657	1.625	-32	-1,9	0,6	0,5
57 Sociedade da información e do coñecemento	0	0	0	-	-	-
58 Información estatística básica	113	221	109	96,6	-	0,1
61 Actuacións económicas xerais	1.692	1.432	-260	-15,4	0,6	0,5
62 Actividades financeiras	2.231	5.296	3.065	137,4	0,8	1,7
71 Dinamización económica do medio rural	32.308	31.082	-1.225	-3,8	11,5	10,2
72 Pesca	15.863	12.494	-3.369	-21,2	5,6	4,1
73 Industria, enerxía e minaría	2.944	2.942	-2	-0,1	1,0	1,0
75 Comercio	189	3.528	3.339	1766,5	0,1	1,2
Total	281.759	304.792	23.033	8,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

A Consellería do Medio Rural, ten o principal peso neste capítulo, co 32,7%, seguida pola de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co 16,2 %. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co 11,9%.

En orden da súa importancia económica, entre os investimentos que se acometerán polos distintos departamentos da Administración Xeral poden ser destacados os que se indican a continuación:

Presidencia da Xunta

Actuacións de infraestrutura para servizos de tv e radiodifusión	1.633.791
Actuacións de apoio á comunicación social	1.535.600
Obras en materia de deportes	860.570

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Obra nova por mandatos a SPI	9.250.000
Edificios e outras construcións. edif. xudicial de A Coruña	1.146.351
Edificios e outras construcións. edif. xudicial de Pontevedra	11.255.063
Edificios e outras construcións. edif. xudicial de Vigo	4.000.000
Medidas de aforro e eficiencia enerxética nos edificios xudiciais de Galicia	1.793.485
Medidas de aforro e eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Galicia	4.793.485
Infraestruturas e equipamentos nos servizos de emerxencias e protección civil	1.047.488

Medio ambiente e Ordenación do Territorio

Actuacións no eido ambiental	6.596.763
Obras plan Urbe	7.365.187
Redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático	3.310.116
Impulso da prevención e a reciclaxe dos residuos industriais	1.819.619
Conservación e protección da biodiversidade	3.043.305
Promoción e divulgación dos valores naturais	2.196.480
Restauración de espazos degradados	1.060.000

Infraestruturas e Vivenda

Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda nas CCAA de Galicia	1.025.000
Actuacións de melloras e conservación de paradas en estacións de autobuses	530.000
Estación intermodal en Santiago de Compostela (integración estación autobuses)	500.000
Estación intermodal en Ourense (integración estación autobuses)	365.000
Estación intermodal en Vigo (integración estación autobuses)	350.000
Estación intermodal en A Coruña (integración estación autobuses)	209.823
Estación intermodal en Pontevedra (integración estación autobuses)	100.000
Estación intermodal en Ferrol (integración estación autobuses)	75.000
Estación intermodal en Lugo (integración estación autobuses)	75.000

Economía, Emprego e Industria

Investimento no recinto feiral de Vigo - IFEVI	3.200.000
Modernización centros de formación profesional para o emprego de Galicia	2.000.000
Investimentos da Secretaria Xeral Técnica para o funcionamento operativo dos servizos	1.787.761

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Fondo solidario libros de texto	3.133.596
Actuacións de protección no patrimonio cultural de Galicia	2.768.377
Reparacións, ampliacións e melloras en infantil e primaria	3.077.600
Mellora eficiencia enerxética en edificios existentes en infantil e primaria	2.600.000
Construción novo IES Soutomaior	2.550.000
Ampliación instalacións aulas e talleres de FP en CIFP e IES para implantación de novos ciclos formativos e FP básica	2.216.859
Construción novo CEIP de Culleredo	2.100.000
Plan de formación do profesorado de ensinanzas non universitarias	1.850.000
Plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros	1.695.598
Ampliación IES As Mercedes - Lugo	1.638.668
Ampliación CEIP Alfonso Rodríguez Castelao en Navia - Vigo	1.500.000
Reparacións, ampliacións e melloras en ensinanza secundaria	1.500.000
Adquisición equipamento secundaria e FP	1.000.000

Sanidade

Programa galego de vacinación	12.000.000
Programas poboacionais de cribado	3.150.000
Equipamento informático saúde pública	1.300.000

Política Social

Reformas e reposicións de equipamentos e instalacións	2.499.400
CEIP Mariñamansa	750.000
Actuación de dinamización demográfica de Galicia	700.000

Medio Rural

Infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, adaptación da agricultura e silvicultura	26.978.209
Prevenición de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes	10.100.000
Aluguer medios aereos de extinción	9.900.000
Defensa sanitaria gandeira	7.972.331
Dispositivo de prevención e defensa contra incendios	4.803.262
Silvicultura de prevención incendios e outras catástrofes: desbroces, rareos, podas, eliminación de plantas invasoras	4.200.000
Vixiancia, prevención e extinción de incendios forestais	3.925.950
Medidas de modernización da flota de vehículos motobomba contra os incendios forestais	2.815.995
Recuperación do potencial forestal danado por incendios e outras catástrofes	2.100.000

Mar

Operatividade do servizo de gardacostas de Galicia	13.943.923
Equipamentos pesqueiros	4.788.891
Mellora de medidas de comercialización da cadea de suministro de produtos da pesca e da acuicultura	4.200.000
Asistencia técnica desenvolvemento FEMP, acordos de pesca sostibles e participación en organizacións rexionais	2.964.608
Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción	2.745.930
Desenvolvemento da investigación mariña	1.200.000
Apoio á formación marítimo-pesqueira	1.100.000

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Por medio das transferencias de capital a Administración xeral acomete a realización de investimentos de interese público sen asumir de forma directa a súa execución, que se encomenda aos axentes, públicos ou privados, receptores desas transferencias.

Nos orzamentos do ano 2017 as transferencias de capital se incrementan nun 3% acadando a cifra de 1.202,8 millóns de euros.

O sector público, e moi especialmente o sector público da comunidade autónoma con 812,5 millóns de euros, resulta o maior destinatario destas transferencias, absorbendo o 77,3% do total. As subvencións a empresas privadas absorben un 15,8 %, as institucións sen fins de lucro participan cun 3,1 % e as transferencias ás corporacións locais absorben o 3,5% do total.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución Orgánica							
Seccións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
01 Parlamento	3	2	-1	-33,3	-	-	
04 Presidencia da Xunta de Galicia	101.847	105.537	3.690	3,6	8,7	8,8	
05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	17.184	15.638	-1.546	-9,0	1,5	1,3	
06 Consellería de Facenda	7.492	9.290	1.797	24,0	0,6	0,8	
07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	45.717	45.410	-307	-0,7	3,9	3,8	
08 Consellería de Infraestructuras e Vivenda	285.861	285.315	-546	-0,2	24,5	23,7	
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	158.161	173.497	15.335	9,7	13,5	14,4	
10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	90.968	87.620	-3.348	-3,7	7,8	7,3	
11 Consellería de Sanidade	137.192	124.923	-12.269	-8,9	11,7	10,4	
12 Consellería de Política Social	12.151	12.629	478	3,9	1,0	1,0	
13 Consellería de Medio Rural	254.365	270.802	16.438	6,5	21,8	22,5	
14 Consellería do Mar	57.321	72.158	14.837	25,9	4,9	6,0	
Total	1.168.262	1.202.821	34.558	3,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Dentro das transferencias ás entidades públicas instrumentais destacan as correspondentes á Axencia Galega de Infraestruturas con 230 millóns de euros, das que son investimentos un total de 208,4 millóns de euros, as correspondentes ao Servizo Galego de Saúde con 123,5 millóns de euros, as transferencias ao Fondo Galego de Garantía Agraria con 88,9 millóns de euros, as correspondentes á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con 77,8 millóns de euros e o Instituto Galego de Promoción Económica con 69,2 millóns de euros.

As transferencias realizadas en favor das corporacións locais, con créditos por importe de 42,4 millóns de euros, corresponden á subscripción de convenios e concesión de subvencións.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución Económica							
Artigos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
70 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado	1.680	1.680	0	-	0,1	0,1	
73 A OO.AA., Ent. Públ. Instr. Cons. ou Ases. e Axencias Públ. Da C.A.	795.615	812.454	16.839	2,1	68,1	67,5	
74 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	119.601	117.483	-2.118	-1,8	10,2	9,8	
76 A corporacións locais	41.461	42.445	984	2,4	3,5	3,5	
77 A empresas privadas	174.290	190.039	15.749	9,0	14,9	15,8	
78 A familias e institucións sen fins de lucro	34.679	37.521	2.842	8,2	3,0	3,1	
79 Ao exterior	936	1.198	262	27,9	0,1	0,1	
Total	1.168.262	1.202.821	34.558	3,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Os programas vinculados a infraestruturas, á dinamización económica do medio rural, á investigación, desenvolvemento e innovación, ao desenvolvemento empresarial, á sanidade e a sociedade da información e do coñecemento, son os principais destinatarios destas transferencias.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución Funcional						
Funcións	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	3	2	-1	-33,3	-	-
12 Administración xeral	325	325	0	-	-	-
14 Administración local	9.946	7.519	-2.427	-24,4	0,9	0,6
15 Normalización lingüística	491	458	-33	-6,7	-	-
21 Protección civil e seguridade	6.251	6.832	581	9,3	0,5	0,6
31 Acción social e promoción social	12.765	13.242	477	3,7	1,1	1,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	161	364	203	126,1	-	-
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	662	962	300	45,3	0,1	0,1
41 Sanidade	137.192	124.923	-12.269	-8,9	11,7	10,4
42 Educación	45.399	40.347	-5.052	-11,1	3,9	3,4
43 Cultura	14.729	16.411	1.682	11,4	1,3	1,4
44 Deportes	50	650	600	1200,0	-	0,1
45 Vivenda	60.731	55.157	-5.574	-9,2	5,2	4,6
46 Outros servizos comunitarios e sociais	250	250	0	-	-	-
51 Infraestruturas	228.785	233.899	5.114	2,2	19,6	19,4
52 Ordenación do territorio	3.651	3.724	73	2,0	0,3	0,3
54 Actuacións ambientais	42.713	42.213	-500	-1,2	3,7	3,5
55 Actuacións e valorización do medio rural	20.885	21.485	600	2,9	1,8	1,8
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	87.820	89.742	1.923	2,2	7,5	7,5
57 Sociedade da información e do coñecemento	75.617	77.850	2.232	3,0	6,5	6,5
58 Información estatística básica	1.010	1.046	36	3,6	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	6.803	8.547	1.744	25,6	0,6	0,7
62 Actividades financeiras	273	290	17	6,2	-	-
71 Dinamización económica do medio rural	214.023	223.106	9.083	4,2	18,3	18,5
72 Pesca	53.020	67.891	14.871	28,0	4,5	5,6
73 Industria, enerxía e minaría	41.096	38.322	-2.774	-6,8	3,5	3,2
74 Desenvolvemento empresarial	67.428	90.202	22.775	33,8	5,8	7,5
75 Comercio	10.869	10.889	19	0,2	0,9	0,9
76 Turismo	25.316	26.174	859	3,4	2,2	2,2
Total	1.168.262	1.202.821	34.558	3,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

As transferencias de capital máis destacables por razón do seu importe, agrupadas por seccións orzamentarias, enuméranse a continuación:

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medioambiente	4.182.587
Creación, mellora e ampliación de servizos locais básicos	1.986.666

Medio ambiente e Ordenación do Territorio

Transferencias a augas de fondo feder	29.072.327
Transferencias de capital de fondo feader a Augas de Galicia	9.824.382
Axudas para redacción do planeamento urbanístico	3.171.798
Axudas Natura 2000 e espazos naturais	1.778.190

Economía, Emprego e Industria

Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das PEMES comerciais	8.024.150
Orde de axudas para a mellora de infraestruturas en parques empresariais de titularidade municipal	4.197.000
Equipamentos comerciais municipais, rede galega de mercados e prazas de abastos	1.993.358
Plan renove de fiestras	1.500.000
Plan renove cubertas de pizarra	900.000
Plan renove de tella cerámica	900.000
Plan renove de cadros de contadores en edificios con antigüidade igual ou superior a 20 anos	800.000
Plan renove ascensores	700.000

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

PGFU. panel de indicadores	28.808.927
PGFU. fomento da I+D+i	15.916.707
Mellora da calidade e a competitividade da produción científica no SUG	5.880.000
Apoio a centros singulares do SUG	5.779.284
Axudas adquisición de libros de texto e material escolar	5.464.596
PGFU. Financiamento estrutural. Ram	5.048.502
A fundación cidade da cultura de Galicia	3.662.937
Campus da auga	2.939.397
Actividades de promoción e difusión cultural	2.681.499
Transferencias ao Consorcio de Santiago	1.500.000

Política Social

SECCION 21. Transferencias a corporacións locais

Distribución económica

Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
Cap. IV - Transferencias correntes	116.138	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0
OPERACIÓNS CORRENTES	116.138	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	116.138	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0
Total	116.138	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

21 Transferencias a corporacións locais. Distribución do orzamento de gastos por capítulos



SECCIÓN 21 Transferencias a corporacións locais

Distribución económica

Capítulos	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
		Importe	%	2016	2017
OPERACIÓNS CORRENTES					
Cap. IV - Transferencias correntes	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0
46 A corporacións locais	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0
Total	119.764	3.626	3,1	100,0	100,0


(Miles de Euros)

SECCION 22. Débeda pública da Comunidade Autónoma

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
Cap. III - Gastos financeiros	270.113	234.200	-35.913	-13,3	16,9	12,9
OPERACIÓNS CORRENTES	270.113	234.200	-35.913	-13,3	16,9	12,9
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	270.113	234.200	-35.913	-13,3	16,9	12,9
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.328.088	1.588.064	259.977	19,6	83,1	87,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.328.088	1.588.064	259.977	19,6	83,1	87,1
Total	1.598.200	1.822.264	224.064	14,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

22 Débeda pública da Comunidade Autónoma. Distribución do orzamento de gastos por capítulos



SECCIÓ N 22 Débeda pública da Comunidade Autónoma

Distribución económica

Capítulos	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
		Importe	%	2016	2017
OPERACIÓ NS CORRENTES					
Cap. III - Gastos financeiros	234.200	-35.913	-13,3	16,9	12,9
30 Débeda pública e préstamos	231.700	-37.013	-13,8	16,8	12,7
31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést.	2.500	1.100	78,6	0,1	0,1
OPERACIÓ NS FINANCEIRAS					
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.588.064	259.977	19,6	83,1	87,1
95 Amortización de débeda pública e préstamos	1.588.064	259.977	19,6	83,1	87,1
Total	1.822.264	224.064	14,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)


SECCION 23. Gastos de diversas consellarías

Distribución económica

Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
Cap. I - Gastos de persoal	3.150	3.183	33	1,1	6,8	8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	23.005	16.953	-6.052	-26,3	49,4	44,6
Cap. IV - Transferencias correntes	5.988	8.831	2.843	47,5	12,9	23,2
OPERACIÓ NS CORRENTES	32.143	28.968	-3.175	-9,9	69,1	76,3
Cap. V - Fondo de continxencia	12.949	4.500	-8.449	-65,2	27,8	11,8
Cap. VI - Invetimentos reais	1.444	4.521	3.077	213,1	3,1	11,9
OPERACIÓ NS DE CAPITAL	1.444	4.521	3.077	213,1	3,1	11,9
TOTAL OPERACIÓ NS NON FINANCEIRAS	46.535	37.988	-8.547	-18,4	100,0	100,0
Total	46.535	37.988	-8.547	-18,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)

23 Gastos de diversas consellarías. Distribución do orzamento de gastos por capítulos



SECCIÓN 23 Gastos de diversas consellarías

Distribución económica

Capítulos	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
		Importe	%	2016	2017
OPERACIONES CORRENTES					
Cap. I - Gastos de persoal	3.183	33	1,1	6,8	8,4
16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador	3.183	33	1,1	6,8	8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	16.953	-6.052	-26,3	49,4	44,6
20 Alugamentos e canons	4.885	-590	-10,8	11,8	12,9
21 Reparacións, mantemento e conservación	10	-81	-89,0	0,2	-
22 Material, subministracións e outros	11.534	-5.905	-33,9	37,5	30,4
23 Indemnizacións por razóns do servizo	523	523	-	-	1,4
Cap. IV - Transferencias correntes	8.831	2.843	47,5	12,9	23,2
46 A corporacións locais	4.886	398	8,9	9,6	12,9
48 A familias e institucións sen fins de lucro	3.945	2.445	163,0	3,2	10,4
.
Cap. V - Fondo de continxencia	4.500	-8.449	-65,2	27,8	11,8
50 Fondo de continxencia	4.500	-5.920	-56,8	22,4	11,8
53 Fondo de continxencia	0	-2.529	-100,0	5,4	-
OPERACIONES DE CAPITAL					
Cap. VI - Inversións reais	4.521	3.077	213,1	3,1	11,9
60 Invest. novo en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral	1.150	1.140	11402,5	-	3,0
62 Invest. novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	984	984	-	-	2,6
63 Invest. de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	0	-984	-100,0	2,1	-
65 Infraestructura básica de apoio ós sectores productivos	2.387	1.937	430,4	1,0	6,3
Total	37.988	-8.547	-18,4	100,0	100,0

(Miles de Euros)



**OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS
AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES
PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE
CONSULTA OU ASESORAMENTO**

III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia define aos organismos autónomos no seu artigo 68 como entidades públicas instrumentais. A súa organización e funcionamento regúlase polo dereito administrativo someténdose ao dereito privado só naqueles casos nos que corresponda, de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Estas entidades instrumentais, de acordo coa súa normativa específica, poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

A actividade dos organismos autónomos desenvólvese consonte ao plan anual de actuación de cada un deles, que é aprobado por orde da consellería de adscrición dentro do marco do programa plurianual desta última, contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda.

Ademais, a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece que os orzamentos das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Forman parte dos orzamentos para o ano 2017 nove organismos autónomos e dúas entidades públicas de consulta ou asesoramento, o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Orzamento dos Organismos Autónomos

	Ingresos									Total
	Cap. I	Cap. II	Cap. III	Cap. IV	Cap. V	Cap. VI	Cap. VII	Cap. VIII	Cap. IX	
Escola Galega de Administración Pública	0	0	101	3.024	1	0	135	0	0	3.260
Instituto Galego de Estadística	0	0	0	3.086	0	0	1.046	0	0	4.134
Servizo Galego de Saúde	0	0	57.094	3.353.379	100	0	126.624	650	0	3.537.847
Academia Galega de Seguridade Pública	0	0	65	2.536	2	0	28	0	0	2.631
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	0	0	12	5.514	6	0	594	0	0	6.125
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	0	0	1	5.648	0	0	333	0	0	5.982
Instituto de Estudos do Territorio	0	0	4	2.109	0	0	508	0	0	2.621
Instituto Galego da Vivenda e Solo	0	0	775	14.893	4.030	6.900	62.468	5	0	89.071
Fondo Galego de Garantía Agraria	0	0	0	4.693	5	0	88.863	0	0	93.561
Total	0	0	58.050	3.394.883	4.145	6.900	280.599	655	0	3.745.232

(Miles de Euros)

Financiamento

	Orixe dos Fondos							
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Escola Galega de Administración Pública	102	3,12	3.158	96,88	0	0,00	3.260	0,09
Instituto Galego de Estadística	1	0,02	4.133	99,98	0	0,00	4.134	0,11
Servizo Galego de Saúde	57.955	1,64	3.340.241	94,41	139.651	3,95	3.537.847	94,46
Academia Galega de Seguridade Pública	67	2,54	2.564	97,46	0	0,00	2.631	0,07
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	18	0,29	6.107	99,71	0	0,00	6.125	0,16
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	1	0,02	5.981	99,98	0	0,00	5.982	0,16
Instituto de Estudos do Territorio	4	0,15	2.617	99,85	0	0,00	2.621	0,07
Instituto Galego da Vivenda e Solo	19.021	21,35	70.050	78,65	0	0,00	89.071	2,38
Fondo Galego de Garantía Agraria	5	0,01	93.556	99,99	0	0,00	93.561	2,50
Total	77.173	2,06	3.528.408	94,21	139.651	3,73	3.745.232	100,00

(Miles de Euros)

Os créditos autorizados aos organismos autónomos ascenden a 3.745 millóns de euros, incrementándose nun 2,6% respectos aos previstos en 2016.

O 94,5% dos créditos totais dos organismos autónomos corresponde ao Servizo Galego de Saúde, que incrementa o seu orzamento en 101,9 millóns de euros respecto ao exercicio anterior. Tamén se incrementan as dispoñibilidades para maior parte dos restantes organismos autónomos.

Orzamento Organismos Autónomos

	Gastos								Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	
Escola Galega de Administración Pública	1.044	1.578		503		135			3.260
Instituto Galego de Estatística	2.761	326				1.046			4.134
Servizo Galego de Saúde	1.567.566	1.023.374		787.964	31.669	123.429	3.195	650	3.537.847
Academia Galega de Seguridade Pública	704	1.899				28			2.631
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	4.620	723		188		582	12		6.125
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.053	596				333			5.982
Instituto de Estudos do Territorio	1.996	79		38		508			2.621
Instituto Galego da Vivenda e Solo	8.435	4.448	150	6.665		35.466	20.408	13.499	89.071
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.170	518		10		1.622	87.241		93.561
Total	1.596.349	1.033.543	150	795.367	31.669	163.150	110.855	14.149	3.745.232

(Miles de Euros)

O financiamento de todos eles gravita na súa maior parte sobre as transferencias que reciben desde os orzamentos da Administración Xeral.

O Servizo Galego de Saúde cunha importante contía de recursos, ademais dos que recibe como transferencia da Consellería de Sanidade. No capítulo III recóllese unha previsión de ingresos de 57,1 millóns de euros, menores que os recibidos en 2016. Dentro das transferencias finalistas destacan o Programa de Aforro por Incapacidade Temporal, a Asistencia Sanitaria a estranxeiros e a Asistencia Sanitaria dos centros sanitarios que recibe do Estado.

Respecto do resto de organismos autónomos, a maior parte da súa actividade canalízase a través de operacións correntes, como corresponde á natureza dos servizos que prestan coa excepción do Fondo Galego de Garantía Agraria e do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con importantes montantes de créditos destinados a axudas de capital e investimentos.

Respecto este último cumpre sinalar que no 2017 presenta unha significativa redución nos seus ingresos propios que obedece, fundamentalmente, ao proceso de adecuación dos ritmos de execución realizados no 2016.

Os orzamentos de ingresos e gastos de cada un destes organismos autónomos así como, unha referencia a súa finalidade e lei constitutiva, figuran a continuación.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A EGAP foi creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio. Ten encomendadas actividades de selección e formación do persoal ao servizo da administración pública galega, así como o estudo e a difusión das ciencias da administración. Figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 3 da referida lei segundo a redacción dada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, son competencias da EGAP:

1. Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da administración desta comunidade autónoma convocadas de conformidade o disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
2. Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
3. Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado 1).
4. Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
5. Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con "habilitación de carácter estatal".
6. Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación estatal", de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
7. A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
8. O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
9. A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Orzamento de ingresos. Escola Galega de Administración Pública

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	101	101	0	-	3,1	3,1
IV Transferencias correntes	3.014	3.024	10	0,3	92,7	92,8
V Ingresos patrimoniais	1	1	-1	-47,7	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	3.116	3.125	9	0,3	95,9	95,9
VII Transferencias de capital	135	135	0	-	4,1	4,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	135	135	0	-	4,1	4,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.251	3.260	9	0,3	100,0	100,0
Total	3.251	3.260	9	0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Escola Galega de Administración Pública

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	1.034	1.044	10	1,0	31,8	32,0
II Gastos en bens correntes e servizos	1.598	1.578	-19	-1,2	49,2	48,4
IV Transferencias correntes	485	503	18	3,7	14,9	15,4
OPERACIÓNS CORRENTES	3.116	3.125	9	0,3	95,9	95,9
VI Investimentos reais	135	135	0	-	4,1	4,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	135	135	0	-	4,1	4,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.251	3.260	9	0,3	100,0	100,0
Total	3.251	3.260	9	0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Figuran entre os seus fins:

1. O enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
2. O compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
3. O impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción do seus xestores.

De acordo co Decreto 24/2010, do 25 de febreiro, polo que se aproba a súa estrutura orgánica, as súas funcións formativas desenvólvense nos seguintes ámbitos:

1) No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:

Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.

2) No ámbito da formación policial:

- a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía segundo a demanda dos concellos.
- b) Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
- c) Facilitarlle aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.

3) No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:

- a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración, co obxectivo de dotar a este persoal dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións.
- b) Impulsar a formación dos integrantes dos grupos de emerxencia supramunicipais, como parte integrante do sistema de resposta ás emerxencias na nosa comunidade e co obxectivo de dotar a este persoal dun certificado de profesionalidade en emerxencias homologado polo Sistema Nacional de Cualificacións.
- c) Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
- d) Impartir, en colaboración coa Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, o ciclo medio de formación profesional en materia de emerxencias e protección civil e o ciclo superior de formación profesional en materia de salvamento e socorismo.
- e) Facilitarlle aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

4) Outras funcións:

- a) Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.

- b) Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

Orçamento de ingresos. Academia Galega de Seguridade Pública

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	55	65	10	18,3	2,3	2,5
IV Transferencias correntes	2.279	2.536	257	11,3	95,7	96,4
V Ingresos patrimoniais	21	2	-18	-89,5	0,9	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	2.354	2.603	249	10,6	98,8	98,9
VII Transferencias de capital	28	28	0	-	1,2	1,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	28	28	0	-	1,2	1,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.382	2.631	249	10,5	100,0	100,0
Total	2.382	2.631	249	10,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orçamento de gastos. Academia Galega de Seguridade Pública

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	695	704	9	1,3	29,2	26,8
II Gastos en bens correntes e servizos	1.659	1.899	240	14,5	69,6	72,2
OPERACIÓNS CORRENTES	2.354	2.603	249	10,6	98,8	98,9
VI Investimentos reais	28	28	0	-	1,2	1,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL	28	28	0	-	1,2	1,1
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.382	2.631	249	10,5	100,0	100,0
Total	2.382	2.631	249	10,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no seu artigo 9, crea e regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo, adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A materialización de dito mandato legal supuxo a conversión da Dirección de Sostibilidade e Paisaxe nun organismo autónomo, o cal asumirá as competencias e funcións atribuídas á dirección xeral así como as funcións establecidas no artigo 10 da citada Lei, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas desta, dende a súa posta en funcionamento.

A disposición derradeira cuarta da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou o artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, engadindo entre as funcións do Instituto de Estudos do Territorio a da recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, función en estreita vinculación coas funcións asignadas á Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía, polo Decreto 148/2003, do 9 de xaneiro.

Figura adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Orzamento de ingresos. Instituto de Estudos do Territorio

		Distribución económica					
				Variación 2017/2016		Valor Relativo	
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017
III	Taxas, prezos e outros ingresos	4	4	0	-	0,1	0,1
IV	Transferencias correntes	2.061	2.109	49	2,4	80,1	80,5
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-50,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		2.065	2.113	48	2,3	80,3	80,6
VII	Transferencias de capital	508	508	0	-	19,7	19,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		508	508	0	-	19,7	19,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		2.573	2.621	48	1,9	100,0	100,0
Total		2.573	2.621	48	1,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto de Estudos do Territorio

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	1.948	1.996	48	2,5	75,7	76,2
II Gastos en bens correntes e servizos	79	79	0	-	3,1	3,0
IV Transferencias correntes	38	38	0	-	1,5	1,4
OPERACIÓNS CORRENTES	2.065	2.113	48	2,3	80,3	80,6
VI Investimentos reais	508	508	0	-	19,7	19,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	508	508	0	-	19,7	19,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.573	2.621	48	1,9	100,0	100,0
Total	2.573	2.621	48	1,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística, é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. Figura adscrito á Consellería de Facenda. Entre as súas funcións están as seguintes:

1. Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade autónoma de Galicia.
2. Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
3. Levar a cabo as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle podan encargar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
4. Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
5. Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
6. Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e pola aplicación das garantías necesarias para que sexa respectado o segredo estatístico e outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

Orçamento de ingresos. Instituto Galego de Estatística

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	2	0	-1	-73,3	-	-
IV Transferencias correntes	2.966	3.086	120	4,0	74,5	74,7
V Ingresos patrimoniais	1	0	0	-43,5	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	2.969	3.087	119	4,0	74,6	74,7
VII Transferencias de capital	1.010	1.046	36	3,6	25,4	25,3
OPERACIÓN DE CAPITAL	1.010	1.046	36	3,6	25,4	25,3
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	3.979	4.134	155	3,9	100,0	100,0
Total	3.979	4.134	155	3,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orçamento de gastos. Instituto Galego de Estatística

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	2.648	2.761	113	4,2	66,6	66,8
II Gastos en bens correntes e servizos	320	326	6	1,9	8,1	7,9
OPERACIÓNS CORRENTES	2.969	3.087	119	4,0	74,6	74,7
VI Investimentos reais	1.010	1.046	36	3,6	25,4	25,3
OPERACIÓN DE CAPITAL	1.010	1.046	36	3,6	25,4	25,3
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	3.979	4.134	155	3,9	100,0	100,0
Total	3.979	4.134	155	3,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autorízase a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Dentro deste organismo e como se establece no artigo 39 da citada lei, configurarase a Comisión Galega da Competencia.

Este organismo autónomo asume os medios persoais e materiais así como as competencias que correspondían ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia, e que son as seguintes:

1. Orientar, formar e informar ás persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
2. Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
3. Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas mediante a mediación e a arbitraje de consumo.
4. Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
5. Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
6. As competencias relacionadas coa rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores.
7. Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras e usuarias.
8. Elaborar e difundir información para facilitarles ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
9. Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
10. Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar as persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
11. Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial ás oficinas municipais de información as persoas consumidoras e usuarias con aquelas outras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
12. Asesorar tecnicamente ás oficinas de información, ás persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
13. Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración, propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.

14. Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.
15. Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraje, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	1.462	12	-1.450	-99,2	24,0	0,2
IV Transferencias correntes	4.036	5.514	1.478	36,6	66,2	90,0
V Ingresos patrimoniais	6	6	0	1,7	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	5.503	5.531	28	0,5	90,3	90,3
VII Transferencias de capital	594	594	0	-	9,7	9,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL	594	594	0	-	9,7	9,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	6.097	6.125	28	0,5	100,0	100,0
Total	6.097	6.125	28	0,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	4.673	4.620	-53	-1,1	76,6	75,4
II Gastos en bens correntes e servizos	642	723	81	12,6	10,5	11,8
IV Transferencias correntes	188	188	0	-	3,1	3,1
OPERACIÓNS CORRENTES	5.503	5.531	28	0,5	90,3	90,3
VI Inversións reais	582	582	0	-	9,5	9,5
VII Transferencias de capital	12	12	0	-	0,2	0,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL	594	594	0	-	9,7	9,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	6.097	6.125	28	0,5	100,0	100,0
Total	6.097	6.125	28	0,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, coa finalidade de xestionar os recursos sanitarios dependentes da comunidade autónoma e de levar a cabo a coordinación de todos os servizos dese carácter existentes dentro do seu ámbito territorial. É un organismo autónomo, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e réxese polo establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde dispón dunha organización por niveis para a prestación da asistencia sanitaria que ten encomendada. Porén realízase unha actuación interdisciplinar e integrada baseada na atención de calidade e centrada no paciente, que garante a continuidade asistencial. A introdución de sistemas de xestión integrada no Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo a mellora da accesibilidade, a eficiencia e a procura da maior calidade das prestacións sanitarias.

O novo modelo estratéxico do sistema sanitario galego oríéntase cara ao seu obxectivo principal que é obter resultados en saúde satisfactorios para os pacientes e a poboación en xeral, para acadar a transformación do sistema de saúde e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns, e que asegure a continuidade asistencial, a seguridade, a eficiencia e a implicación dos profesionais. Ao respecto está previsto presentar a nova Estratexia Sergas 2020, que xunto co Plan de Prioridades Sanitarias, conformarán o Plan de Saúde para os próximos anos, folla de ruta para continuar coa modernización do sistema sanitario e coa súa adaptación ás necesidades actuais e futuras dos pacientes e cidadáns. Trátase de que o sistema sexa quen de evolucionar na procura de acadar unha resposta nunha sociedade cambiante.

Entre os obxectivos a acadar neste exercicio, figuran o de promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos; garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados cos niveis de calidade e seguridade comprometidos; promover a saúde; definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais; desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións; facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas con todos os axentes implicados; xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente e modernizar as infraestruturas sanitarias mediante a construción e posta en funcionamento de novos centros, construción e reformas dos centros de saúde e renovación tecnolóxica.

Para isto, o orzamento do Sergas alcanza neste exercicio 3.537,8 millóns de euros, incrementándose nun 3% en comparación co do ano anterior.

A maior parte dos seus ingresos, un 94,4%, está formado polas transferencias, correntes e de capital, que recibe dende a Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde conta ademais cunha importante contía de ingresos propios e doutras transferencias, por importe total de 197,6 millóns de euros.

No capítulo III recóllese as taxas, prezos e outros ingresos, que alcanzan neste exercicio 57,1 millóns de euros.

Ademais, conta coa transferencia do Estado pola achega sanitaria para dar cobertura ás asignacións para o mantemento dos seus centros sanitarios de carácter non psiquiátrico, por importe de 88,4 millóns de euros, mantendo os importes consignados no ano 2016, estimando unha participación nos ingresos de 2017 idéntica á recibida en 2016 e considerando, ademais, a devolución das liquidacións negativas de 2008 e 2009 en 240 mensualidades, fronte as 120 autorizadas anteriormente, segundo o establecido polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, e as previsións da liquidación a recibir no exercicio 2017, correspondente ao 2015 que estímase, ante a ausencia de datos neste momento, nos mesmos niveis que a de 2014.

Orzamento de ingresos. Servizo Galego de Saúde

		Distribución económica				Variación 2017/2016		Valor Relativo	
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017		
III	Taxas, prezos e outros ingresos	64.733	57.094	-7.639	-11,8	1,9	1,6		
IV	Transferencias correntes	3.234.183	3.353.379	119.196	3,7	94,1	94,8		
V	Ingresos patrimoniais	100	100	0	-	-	-		
	OPERACIÓNS CORRENTES	3.299.016	3.410.573	111.557	3,4	96,0	96,4		
VII	Transferencias de capital	136.276	126.624	-9.652	-7,1	4,0	3,6		
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	136.276	126.624	-9.652	-7,1	4,0	3,6		
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.435.292	3.537.197	101.905	3,0	100,0	100,0		
VIII	Activos financeiros	650	650	0	-	-	-		
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	650	650	0	-	-	-		
	Total	3.435.942	3.537.847	101.905	3,0	100,0	100,0		

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Servizo Galego de Saúde

		Distribución económica				Valor Relativo	
				Variación 2017/2016			
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017
I	Gastos de persoal	1.551.480	1.567.566	16.086	1,0	45,2	44,3
II	Gastos en bens correntes e servizos	942.427	1.023.374	80.946	8,6	27,4	28,9
III	Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-
IV	Transferencias correntes	766.019	787.964	21.945	2,9	22,3	22,3
OPERACIÓNS CORRENTES		3.259.926	3.378.904	118.977	3,6	94,9	95,5
V	Fondo de continxencia	39.090	31.669	-7.420	-19,0	1,1	0,9
VI	Investimentos reais	132.923	123.429	-9.494	-7,1	3,9	3,5
VII	Transferencias de capital	3.353	3.195	-158	-4,7	0,1	0,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		136.276	126.624	-9.652	-7,1	4,0	3,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		3.435.292	3.537.197	101.905	3,0	100,0	100,0
VIII	Activos financeiros	650	650	0	-	-	-
IX	Pasivos financeiros	0	0	0	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		650	650	0	-	-	-
Total		3.435.942	3.537.847	101.905	3,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, é un organismo autónomo dos previstos nos artigos 68 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

O Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das conselleiras da Xunta de Galicia, adscríbeo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O obxecto do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral, resultante do proceso de Diálogo Social en Galicia, e, anualmente, ao Plan de Actividades, froito do consenso da Administración, os sindicatos máis representativos no ámbito autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	0	1	1	-	-	-
IV Transferencias correntes	5.604	5.648	44	0,8	99,4	94,4
V Ingresos patrimoniais	1	0	-1	-71,4	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	5.605	5.649	44	0,8	99,4	94,4
VII Transferencias de capital	33	333	300	909,1	0,6	5,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	33	333	300	909,1	0,6	5,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.638	5.982	344	6,1	100,0	100,0
Total	5.638	5.982	344	6,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	5.009	5.053	44	0,9	88,8	84,5
II Gastos en bens correntes e servizos	596	596	0	-	10,6	10,0
III Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	5.605	5.649	44	0,8	99,4	94,4
VI Investimentos reais	33	333	300	909,1	0,6	5,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	33	333	300	909,1	0,6	5,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.638	5.982	344	6,1	100,0	100,0
Total	5.638	5.982	344	6,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O Instituto Galego de Vivenda e Solo adscíbese á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

1. En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
2. O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.

3. A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
4. Complementariamente correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da comunidade autónoma, baseando aquela no principio de sostibilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolva por outros departamentos ou administracións en Galicia.
5. A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta do 26 de maio de 2006 e do 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional segunda da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

Distribución económica							
		Variación 2017/2016				Valor Relativo	
Capítulos	2016	2017	Importe	%	2016	2017	
III Taxas, prezos e outros ingresos	714	775	61	8,5	0,7	0,9	
IV Transferencias correntes	14.127	14.893	766	5,4	13,9	16,7	
V Ingresos patrimoniais	4.690	4.030	-660	-14,1	4,6	4,5	
OPERACIÓNS CORRENTES	19.531	19.698	167	0,9	19,2	22,1	
VI Alleamento de investimentos reais	12.840	6.900	-5.940	-46,3	12,6	7,7	
VII Transferencias de capital	69.545	62.468	-7.077	-10,2	68,2	70,1	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	82.385	69.368	-13.017	-15,8	80,8	77,9	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	101.916	89.066	-12.850	-12,6	100,0	100,0	
VIII Activos financeiros	5	5	0	-	-	-	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5	5	0	-	-	-	
Total	101.921	89.071	-12.850	-12,6	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

Distribución económica							
		Variación 2017/2016				Valor Relativo	
Capítulos	2016	2017	Importe	%	2016	2017	
I Gastos de persoal	8.729	8.435	-294	-3,4	8,6	9,5	
II Gastos en bens correntes e servizos	3.697	4.448	751	20,3	3,6	5,0	
III Gastos financeiros	250	150	-100	-40,0	0,2	0,2	
IV Transferencias correntes	6.855	6.665	-190	-2,8	6,7	7,5	
OPERACIÓNS CORRENTES	19.531	19.698	167	0,9	19,2	22,1	
VI Investimentos reais	33.565	35.466	1.902	5,7	32,9	39,8	
VII Transferencias de capital	18.018	20.408	2.390	13,3	17,7	22,9	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	51.583	55.874	4.291	8,3	50,6	62,7	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	71.114	75.572	4.458	6,3	69,8	84,8	
VIII Activos financeiros	30.807	13.499	-17.308	-56,2	30,2	15,2	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	30.807	13.499	-17.308	-56,2	30,2	15,2	
Total	101.921	89.071	-12.850	-12,6	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, é un organismo autónomo que ten como finalidade executar as políticas referentes á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo as accións necesarias para a aplicación na comunidade autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento da organización común do mercado.

Está adscrito, segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, á Consellería do Medio Rural.

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2017 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos dirixidos ao sector agrario galego e procurar unha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, desenvolvendo as seguintes principais actuacións:

1. Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrarios FEAGA e FEADER, pagando e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.
2. O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galicia, tendo en conta o marco derivado da reforma da PAC aprobada en 2003 e sen prexuízo do horizonte da nova reforma da PAC 2014-2020. A tal fin, logo da implantación e xestión dos primeiros anos do réxime de pagamento único, seguirá a executar as accións necesarias para a concesión dos pagamentos previstos no devandito réxime e outras axudas, primas gandeiras e restitucións con cargo á Política Agraria Común.
3. O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellaría do Medio Rural.
4. O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura e reestruturación do viñado financiadas polo FEAGA.
5. Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións dadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria.
6. Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector cármico e lácteo galego no contexto estatal e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo FOGGA que operan no sector agropecuario.
7. A xestión e pagamento de axudas a persoas agricultoras en zonas desfavorecidas.

8. As concesións de axudas derivadas do contrato de explotación sustentable: medidas agroambientais e de benestar animal.

Orzamento de ingresos. Fondo Galego de Garantía Agraria

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
IV Transferencias correntes	4.664	4.693	29	0,6	5,3	5,0
V Ingresos patrimoniais	10	5	-5	-50,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	4.674	4.698	24	0,5	5,4	5,0
VII Transferencias de capital	82.602	88.863	6.261	7,6	94,6	95,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	82.602	88.863	6.261	7,6	94,6	95,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	87.276	93.561	6.285	7,2	100,0	100,0
Total	87.276	93.561	6.285	7,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Fondo Galego de Garantía Agraria

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	4.153	4.170	17	0,4	4,8	4,5
II Gastos en bens correntes e servizos	511	518	7	1,4	0,6	0,6
IV Transferencias correntes	10	10	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	4.674	4.698	24	0,5	5,4	5,0
VI Inversións reais	1.324	1.622	298	22,5	1,5	1,7
VII Transferencias de capital	81.278	87.241	5.963	7,3	93,1	93,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL	82.602	88.863	6.261	7,6	94,6	95,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	87.276	93.561	6.285	7,2	100,0	100,0
Total	87.276	93.561	6.285	7,2	100,0	100,0

(Miles de Euros)

III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

Segundo a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento consideraranse como organismos autónomos a efectos orzamentarios.

Orzamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

	Ingresos									
	Cap. I	Cap. II	Cap. III	Cap. IV	Cap. V	Cap. VI	Cap. VII	Cap. VIII	Cap. IX	Total
Consello Económico e Social de Galicia	0	0	0	819	0	0	0	0	0	819
Consello Galego de Relacións Laborais	0	0	0	1.038	0	0	7	0	0	1.045
Total	0	0	0	1.857	0	0	7	0	0	1.864

(Miles de Euros)

Dentro destas entidades figura o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Financiamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

	Orixe dos Fondos							
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Consello Económico e Social de Galicia	0	0,00	819	100,00	0	0,00	819	43,95
Consello Galego de Relacións Laborais	0	0,02	1.045	99,98	0	0,00	1.045	56,05
Total	0	0,01	1.864	99,99	0	0,00	1.864	100,00

(Miles de Euros)

O seu financiamento está formado exclusivamente polas transferencias correntes e de capital que reciben dos orzamentos da administración xeral.

Orzamento Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

	Gastos				
	I	II	IV	VI	Total
Consello Económico e Social de Galicia	554	265			819
Consello Galego de Relacións Laborais	634	370	34	7	1.045
Total	1.188	636	34	7	1.864

(Miles de Euros)

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia. Figura adscrito á Consellería de Facenda.

Orzamento de ingresos. Consello Económico e Social de Galicia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
IV Transferencias correntes	809	819	11	1,3	100,0	100,0
OPERACIÓNS CORRENTES	809	819	11	1,3	100,0	100,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	809	819	11	1,3	100,0	100,0
Total	809	819	11	1,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Consello Económico e Social de Galicia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	548	554	6	1,0	67,8	67,6
II Gastos en bens correntes e servizos	260	265	5	1,9	32,2	32,4
OPERACIÓNS CORRENTES	809	819	11	1,3	100,0	100,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	809	819	11	1,3	100,0	100,0
Total	809	819	11	1,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

A Comunidade Autónoma Galega, no uso das competencias que ten atribuídas no artigo 27 e no artigo 29.1º do Estatuto de Autonomía, consciente da importancia do establecemento dun marco estable e permanente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, acordou a creación do Consello Galego de Relacións Laborais, por Lei do 12 de xullo de 1988, como un órgano de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, así como un órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral, deixando, non obstante, a súa natureza xurídica sen definir.

Dende o 1 de xaneiro de 2011, data da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o consello pasa a ser unha entidade pública instrumental de consulta ou asesoramento, axustándose a súa regulación á súa normativa específica e ás prescricións da referida lei relativas aos organismos autónomos, segundo a disposición adicional sexta da antedita lei.

O Decreto 129/2015, do 8 de outubro, adscríbeo a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O consello é un lugar permanente para o diálogo entre os interlocutores sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

As competencias do consello veñen relacionadas no artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do consello.

Así mesmo, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, crea, no seu artigo 22, a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, que desenvolve as súas competencias como órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

Finalmente, créase a Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño, que regula o seu funcionamento e ten a súa sede no Consello Galego de Relacións Laborais.

Son tarefas do consello a de ditaminar preceptivamente todos os proxectos normativos da Xunta de Galicia sobre política laboral que lle son remitidos e a de fomento e promoción da negociación colectiva. Ademais, impulsa unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial, que pode ampliar dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española.

Así mesmo, desenvolve un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de maior interese en cada momento, mediante a organización de seminarios, xornadas e foros semellantes. Ade-

mais, ten encomendado polos sindicatos e organizacións empresariais asinantes do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo a xestión dos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje nel contemplados.

Orzamento de ingresos. Consello Galego de Relacións Laborais

		Distribución económica						
		Variación 2017/2016				Valor Relativo		
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017	
IV	Transferencias correntes	1.026	1.038	12	1,2	99,4	99,3	
V	Ingresos patrimoniais	0	0	0	-	-	-	
OPERACIÓNS CORRENTES		1.026	1.038	12	1,2	99,4	99,4	
VII	Transferencias de capital	7	7	0	-	0,6	0,6	
OPERACIÓNS DE CAPITAL		7	7	0	-	0,6	0,6	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		1.032	1.045	12	1,2	100,0	100,0	
Total		1.032	1.045	12	1,2	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Consello Galego de Relacións Laborais

		Distribución económica						
		Variación 2017/2016				Valor Relativo		
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017	
I	Gastos de persoal	624	634	10	1,6	60,4	60,7	
II	Gastos en bens correntes e servizos	358	370	12	3,4	34,7	35,4	
IV	Transferencias correntes	44	34	-9	-21,6	4,2	3,3	
OPERACIÓNS CORRENTES		1.026	1.038	12	1,2	99,4	99,4	
VI	Investimentos reais	7	7	0	-	0,6	0,6	
OPERACIÓNS DE CAPITAL		7	7	0	-	0,6	0,6	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		1.032	1.045	12	1,2	100,0	100,0	
Total		1.032	1.045	12	1,2	100,0	100,0	

(Miles de Euros)



OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

As Axencias públicas autonómicas son entidades públicas instrumentais ás que, para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encoméndaselles a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. O seu réxime xurídico interno regúlase polo dereito administrativo.

O artigo 54.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, sinala, que tras a aprobación da lei que autorice a creación dunha entidade instrumental debe procederse á súa creación e a aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería de adscrición, logo de informe favorable das consellerías en materia de administracións públicas e de facenda.

Orzamento das Axencias Públicas Autonómicas

	Ingresos									
	Cap. I	Cap. II	Cap. III	Cap. IV	Cap. V	Cap. VI	Cap. VII	Cap. VIII	Cap. IX	Total
Axencia Galega das Industrias Culturais	0	0	81	3.851	70	0	6.531	0	0	10.532
Axencia Galega de Infraestruturas	0	0	3.618	17.017	0	0	229.958	0	0	250.593
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	0	0	11	21.413	0	0	77.850	0	0	99.273
Axencia Galega de Innovación	0	0	78	8.963	5	0	54.126	2	0	63.175
Axencia Tributaria de Galicia	0	0	790	13.209	3	0	290	0	0	14.292
Axencia de Turismo de Galicia	0	0	3.206	17.024	15	0	26.174	0	0	46.420
Axencia Galega de Servizos Sociais	0	0	1.450	10.990	0	0	675	0	0	13.115
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	0	0	11	2.127	1	0	1.350	0	0	3.488
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	0	0	23.721	365	0	0	82	0	0	24.168
Axencia Galega de Emerxencias	0	0	0	607	3	0	6.804	0	0	7.414
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	0	0	0	6.085	1	0	7.923	0	0	14.009
Instituto Galego de Promoción Económica	0	0	898	10.225	600	0	69.202	7.000	10.000	97.925
Instituto Enerxético de Galicia	0	0	322	1.677	12	0	27.487	0	0	29.498
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	0	0	0	3.785	47	0	32.415	0	0	36.247
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	0	0	734	822	8	0	1.223	0	0	2.787
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	0	0	133	2.196	0	0	527	0	0	2.856
Total	0	0	35.052	120.357	764	0	542.617	7.002	10.000	715.793

(Miles de Euros)

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas terán carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás

os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

Financiamento das Axencias Públicas Autonómicas

	Orixe dos Fondos							
	Recursos Propios		Da Comunidade Autónoma		Outras		Total	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Axencia Galega das Industrias Culturais	150	1,42	10.382	98,58	0	0,00	10.532	1,47
Axencia Galega de Infraestruturas	3.618	1,44	246.975	98,56	0	0,00	250.593	35,01
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	11	0,01	99.262	99,99	0	0,00	99.273	13,87
Axencia Galega de Innovación	85	0,14	63.089	99,86	0	0,00	63.175	8,83
Axencia Tributaria de Galicia	793	5,55	13.499	94,45	0	0,00	14.292	2,00
Axencia de Turismo de Galicia	3.222	6,94	43.198	93,06	0	0,00	46.420	6,49
Axencia Galega de Servizos Sociais	1.450	11,06	11.665	88,94	0	0,00	13.115	1,83
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	21	0,61	3.467	99,39	0	0,00	3.488	0,49
Axencia Galega de Saúde, Órganos e Tecidos	4.197	17,36	447	1,85	19.524	80,79	24.168	3,38
Axencia Galega de Emerxencias	3	0,04	7.411	99,96	0	0,00	7.414	1,04
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	1	0,00	14.008	100,00	0	0,00	14.009	1,96
Instituto Galego de Promoción Económica	18.498	18,89	79.428	81,11	0	0,00	97.925	13,68
Instituto Enerxético de Galicia	334	1,13	29.164	98,87	0	0,00	29.498	4,12
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	47	0,13	36.200	99,87	0	0,00	36.247	5,06
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	1.066	38,27	1.720	61,73	0	0,00	2.787	0,39
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	133	4,64	2.723	95,36	0	0,00	2.856	0,40
Total	33.628	4,70	662.641	92,57	19.524	2,73	715.793	100,00

(Miles de Euros)

Nos orzamentos para o ano 2017 inclúense 16 axencias públicas autonómicas. A maior parte das axencias públicas autonómicas están financiadas polas transferencias que reciben dos orzamentos das consellerías ás que están adscritas destacando os importes dos recursos propios cos que contarán para 2017 das axencias que se citan a continuación.

Dentro dos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia figuran 3,2 millóns de euros no seu capítulo III formados na súa maior parte polos ingresos de prezos do Centro Superior de Hostalería.

O Instituto Galego de Promoción Económica conta cuns ingresos propios, que alcanzan 18,5 millóns de euros, procedentes na súa maior parte do reintegros de préstamos concedidos e así como de novos préstamos.

A Axencia Galega de Infraestruturas conta entre os seus ingresos con 3,6 millóns de euros, formados na súa maioría polas taxas de dirección e inspección de obras, e por aproveitamento especial do dominio público viario.

Destacan tamén os recursos propios do Instituto Galego de Calidade Alimentaria, que representan o 38,3% do seu orzamento total, procedentes de prezos de consellos reguladores, de outros clasificados dentro de ingresos diversos, e das transferencias do Inia, Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, por participación en convocatorias aprobadas de proxectos de investigación.

E por último, dentro da Axencia Galega de Servizos Sociais figuran os prezos privados de Garderías e Xardíns Infantís, xa que esta axencia asumiu desde a súa posta en funcionamento as competencias que tiña atribuídas en materia de xestión de escolas infantís a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Orzamento Axencias públicas autonómicas

	Gastos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.357	650	1	994	1.531	5.000			10.532
Axencia Galega de Infraestruturas	12.218	808	178	7.432	208.371	21.587			250.593
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	11.526	9.115		783	62.384	5.470		9.996	99.273
Axencia Galega de Innovación	4.457	516		4.073	9.475	38.153	5.500	1.000	63.175
Axencia Tributaria de Galicia	11.891	2.110			290				14.292
Axencia de Turismo de Galicia	10.528	5.201		4.567	18.994	7.130			46.420
Axencia Galega de Servizos Sociais	10.440	2.000			675				13.115
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	1.483	647		8	1.350				3.488
Axencia Galega de Sangue, Órgaos e Tecidos	9.424	14.662			82				24.168
Axencia Galega de Emerxencias	458	153			6.804				7.414
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	5.045	1.040			7.923				14.009
Instituto Galego de Promoción Económica	5.697	2.135	119	3.772	17.606	27.997	33.600	7.000	97.925
Instituto Enerxético de Galicia	1.452	372		188	234	27.252			29.498
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.197	635			148	32.268			36.247
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	923	640	0		1.223				2.787
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	1.987	342			527				2.856
Total	93.083	41.026	298	21.816	337.616	164.857	39.100	17.996	715.793

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI

De acordo coa Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego. Os estatutos da axencia foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo. Figura adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

1. Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais
2. Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado
3. Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país
4. Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos
5. Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

A Agadac encárgase directamente da xestión de tres importantes canles de distribución escénica e musical, que desenvolve en colaboración con numerosas entidades públicas e privadas de toda Galicia. A Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo garanten a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega, ao tempo que lles achega aos espectadores unha oferta ampla, plural e aberta tanto no que se refire aos seus contidos como á súa descentralización xeográfica.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	80	81	1	0,6	0,8	0,8
IV Transferencias correntes	3.848	3.851	3	0,1	36,4	36,6
V Ingresos patrimoniais	100	70	-31	-30,5	0,9	0,7
OPERACIÓNS CORRENTES	4.028	4.001	-27	-0,7	38,2	38,0
VII Transferencias de capital	6.531	6.531	0	-	61,8	62,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.531	6.531	0	-	61,8	62,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.559	10.532	-27	-0,3	100,0	100,0
Total	10.559	10.532	-27	-0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	2.384	2.357	-27	-1,1	22,6	22,4
II Gastos en bens correntes e servizos	650	650	0	-	6,2	6,2
III Gastos financeiros	1	1	0	-	-	-
IV Transferencias correntes	994	994	0	-	9,4	9,4
OPERACIÓNS CORRENTES	4.028	4.001	-27	-0,7	38,2	38,0
VI Investimentos reais	1.531	1.531	0	-	14,5	14,5
VII Transferencias de capital	5.000	5.000	0	-	47,4	47,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.531	6.531	0	-	61,8	62,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.559	10.532	-27	-0,3	100,0	100,0
Total	10.559	10.532	-27	-0,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa disposición adicional cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

A axencia asume as competencias que tiñan atribuídas a Dirección Xeral de Infraestruturas e os servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimiron, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados desas competencias, dende a súa posta en funcionamento.

A axencia se adscribe á Consellería de Infraestruturas e Vivenda polo Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Infraestruturas

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	3.618	3.618	0	-	1,5	1,4
IV Transferencias correntes	16.785	17.017	232	1,4	6,8	6,8
OPERACIÓNS CORRENTES	20.403	20.635	232	1,1	8,3	8,2
VII Transferencias de capital	225.130	229.958	4.828	2,1	91,7	91,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL	225.130	229.958	4.828	2,1	91,7	91,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	245.534	250.593	5.060	2,1	100,0	100,0
Total	245.534	250.593	5.060	2,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Infraestruturas

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	12.917	12.218	-700	-5,4	5,3	4,9
II Gastos en bens correntes e servizos	808	808	0	-	0,3	0,3
III Gastos financeiros	178	178	0	-	0,1	0,1
IV Transferencias correntes	6.500	7.432	932	14,3	2,6	3,0
OPERACIÓNS CORRENTES	20.403	20.635	232	1,1	8,3	8,2
VI Inversións reais	199.750	208.371	8.621	4,3	81,4	83,2
VII Transferencias de capital	25.380	21.587	-3.793	-14,9	10,3	8,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	225.130	229.958	4.828	2,1	91,7	91,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	245.534	250.593	5.060	2,1	100,0	100,0
Total	245.534	250.593	5.060	2,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

Figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias o exercicio das seguintes funcións:

1. Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias I12 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
2. Xestionar os helicópteros de emerxencias do I12 e todos os outros medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
3. Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.

4. Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.
5. Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
6. Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
7. Pór á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellería na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Emerxencias

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
IV Transferencias correntes	489	607	118	24,2	7,3	8,2
V Ingresos patrimoniais	0	3	3	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	489	610	122	24,9	7,3	8,2
VII Transferencias de capital	6.223	6.804	581	9,3	92,7	91,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.223	6.804	581	9,3	92,7	91,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	6.712	7.414	702	10,5	100,0	100,0
Total	6.712	7.414	702	10,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Emerxencias

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	456	458	2	0,5	6,8	6,2
II Gastos en bens correntes e servizos	33	153	119	360,0	0,5	2,1
OPERACIÓNS CORRENTES	489	610	122	24,9	7,3	8,2
VI Inversións reais	6.223	6.804	581	9,3	92,7	91,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.223	6.804	581	9,3	92,7	91,8
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	6.712	7.414	702	10,5	100,0	100,0
Total	6.712	7.414	702	10,5	100,0	100,0

(Miles de Euros)

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE

Foi creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998, do 8 de abril, e inicia a súa actividade polas determinacións do Decreto 360/1998, do 4 de decembro. Figura adscrito á Consellería de Facenda.

O obxecto do CIXTEC é o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para realizar os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financiera e, en xeral, os relacionados cos anteriores.

Orzamento de ingresos. Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financiera e Contable

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
IV Transferencias correntes	6.072	6.085	13	0,2	49,6	43,4
V Ingresos patrimoniais	1	1	-1	-50,0	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES	6.073	6.085	12	0,2	49,6	43,4
VII Transferencias de capital	6.179	7.923	1.744	28,2	50,4	56,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.179	7.923	1.744	28,2	50,4	56,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	12.252	14.009	1.756	14,3	100,0	100,0
Total	12.252	14.009	1.756	14,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financiera e Contable

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	5.018	5.045	27	0,5	41,0	36,0
II Gastos en bens correntes e servizos	1.055	1.040	-15	-1,4	8,6	7,4
OPERACIÓNS CORRENTES	6.073	6.085	12	0,2	49,6	43,4
VI Investimentos reais	6.179	7.923	1.744	28,2	50,4	56,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.179	7.923	1.744	28,2	50,4	56,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	12.252	14.009	1.756	14,3	100,0	100,0
Total	12.252	14.009	1.756	14,3	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

O Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE, foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico, harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. A axencia se adscribe á Consellería de da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O IGAPE estrutúrase nas seguintes áreas ou órganos directivos:

- Secretaría Xeral: Ten por misión asegurar o funcionamento operativo dos servizos do instituto, incluíndo as actividades de deseño operacional, promoción do bo uso, desenvolvemento ou implantación de sistemas, seguimento e control dos procedementos operativos do instituto. Ademais, a Secretaría Xeral engloba os servizos centrais ou comúns do instituto, como os xurídicos, económico-financeiros, recursos humanos, calidade, informática e información especializada.
- Área de Financiamento: A súa misión é a identificación, regulamento e xestión do ciclo de vida dos apoios, subvencións, préstamos, avais e outras actuacións de semellantes características, á actividade empresarial.
- Área de Competitividade: A súa misión é lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas. Ademais, e con respecto ao emprendemento en Galicia, promover a creación de empresas, alentar o espírito emprendedor e promover a creación de emprego.
- Área de Internacionalización: Esta Área agrupa as iniciativas internacionais do IGAPE, persigue dúas misións: promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo.
- Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxicos: A súa misión é a realización daqueles estudos e investigacións sobre a realidade económica e os mercados exteriores, necesarios para a orientación da toma de decisións en materia de planificación e programación económica e que inclúe unha análise dos sectores produtivos.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Promoción Económica

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	1.013	898	-115	-11,4	1,1	0,9
IV Transferencias correntes	10.283	10.225	-57	-0,6	11,1	10,4
V Ingresos patrimoniais	688	600	-89	-12,9	0,7	0,6
OPERACIÓNS CORRENTES	11.984	11.723	-261	-2,2	13,0	12,0
VII Transferencias de capital	53.128	69.202	16.075	30,3	57,5	70,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL	53.128	69.202	16.075	30,3	57,5	70,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	65.112	80.925	15.813	24,3	70,4	82,6
VIII Activos financeiros	15.700	7.000	-8.700	-55,4	17,0	7,1
IX Pasivos financeiros	11.636	10.000	-1.636	-14,1	12,6	10,2
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	27.336	17.000	-10.336	-37,8	29,6	17,4
Total	92.448	97.925	5.477	5,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego de Promoción Económica

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	5.708	5.697	-11	-0,2	6,2	5,8
II Gastos en bens correntes e servizos	2.185	2.135	-50	-2,3	2,4	2,2
III Gastos financeiros	319	119	-200	-62,7	0,3	0,1
IV Transferencias correntes	3.772	3.772	0	-	4,1	3,9
OPERACIÓNS CORRENTES	11.984	11.723	-261	-2,2	13,0	12,0
VI In investimentos reais	16.771	17.606	835	5,0	18,1	18,0
VII Transferencias de capital	28.557	27.997	-560	-2,0	30,9	28,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	45.328	45.602	275	0,6	49,0	46,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	57.312	57.325	13	-	62,0	58,5
VIII Activos financeiros	23.500	33.600	10.100	43,0	25,4	34,3
IX Pasivos financeiros	11.636	7.000	-4.636	-39,8	12,6	7,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	35.136	40.600	5.464	15,6	38,0	41,5
Total	92.448	97.925	5.477	5,9	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Figura adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o disposto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Os obxectivos do Instituto Enerxético de Galicia son o fomento e o impulso de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia, o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías, incluídas as renovables, a mellora do aforo e a eficiencia, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforo e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipo e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, de orixe interna, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto Enerxético de Galicia no marco da súa lei de creación.

Orzamento de ingresos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica							
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
III Taxas, prezos e outros ingresos	202	322	120	59,4	0,6	1,1	
IV Transferencias correntes	2.077	1.677	-400	-19,2	6,1	5,7	
V Ingresos patrimoniais	21	12	-9	-42,9	0,1	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	2.300	2.011	-289	-12,6	6,8	6,8	
VII Transferencias de capital	31.768	27.487	-4.281	-13,5	93,2	93,2	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	31.768	27.487	-4.281	-13,5	93,2	93,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	34.068	29.498	-4.570	-13,4	100,0	100,0	
Total	34.068	29.498	-4.570	-13,4	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Enerxético de Galicia

Distribución económica							
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
I Gastos de persoal	1.446	1.452	7	0,5	4,2	4,9	
II Gastos en bens correntes e servizos	372	372	0	-	1,1	1,3	
IV Transferencias correntes	483	188	-295	-61,2	1,4	0,6	
OPERACIÓNS CORRENTES	2.300	2.011	-289	-12,6	6,8	6,8	
VI Inversións reais	479	234	-245	-51,1	1,4	0,8	
VII Transferencias de capital	31.288	27.252	-4.036	-12,9	91,8	92,4	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	31.768	27.487	-4.281	-13,5	93,2	93,2	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	34.068	29.498	-4.570	-13,4	100,0	100,0	
Total	34.068	29.498	-4.570	-13,4	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER, foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, AGADER posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

De acordo co disposto na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas de organización e funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

Figura adscrito á Consellería do Medio Rural, segundo o disposto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Distribución económica							
Capítulos		2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
				Importe	%	2016	2017
IV	Transferencias correntes	4.617	3.785	-833	-18,0	14,3	10,4
V	Ingresos patrimoniais	47	47	0	-	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		4.664	3.832	-833	-17,9	14,4	10,6
VII	Transferencias de capital	27.680	32.415	4.735	17,1	85,6	89,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL		27.680	32.415	4.735	17,1	85,6	89,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		32.345	36.247	3.902	12,1	100,0	100,0
Total		32.345	36.247	3.902	12,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

		Distribución económica					
		Variación 2017/2016				Valor Relativo	
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017
I	Gastos de persoal	3.930	3.197	-733	-18,6	12,2	8,8
II	Gastos en bens correntes e servizos	735	635	-100	-13,6	2,3	1,8
OPERACIÓNS CORRENTES		4.664	3.832	-833	-17,9	14,4	10,6
VI	Investimentos reais	133	148	15	11,3	0,4	0,4
VII	Transferencias de capital	27.548	32.268	4.720	17,1	85,2	89,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL		27.680	32.415	4.735	17,1	85,6	89,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		32.345	36.247	3.902	12,1	100,0	100,0
Total		32.345	36.247	3.902	12,1	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, crea no artigo nº 31 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, INGACAL.

A Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na súa disposición transitoria terceira, establece que as normas de organización e funcionamento do Ingacal adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

Figura adscrito á Consellería do Medio Rural.

Na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, defínense os seus obxectivos e funcións, as súas facultades, o seu réxime xurídico e mais os seus órganos de goberno, e establécense as liñas xerais do seu réxime económico, patrimonial e de persoal.

Estes aspectos foron obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior, mediante a aprobación do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

De acordo coa lei de creación, esta axencia será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade. Ao respecto, os seus obxectivos comprenden:

- A Investigación aplicada e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario de Galicia.
- A Investigación orientada cara á seguridade das materias primas alimentarias, no que sexa competencia da administración agraria.

- c) A posta en valor das distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras, e as que deriven do acervo de coñecemento do instituto, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e imbricación dos distintos subsectores das propias actuacións del.
- d) A promoción e participación directa nas operacións concretas de desenvolvemento nas que se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes económicos e necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas nos termos que se establezan regulamentariamente.
- e) A realización de actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A promoción e defensa da calidade dos devanditos produtos.
- g) A prestación de todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.

Finalmente, o instituto coordina os centros de investigación, estacións experimentais e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependentes da consellería.

Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Calidade Alimentaria

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	734	734	0	-	24,3	26,3
IV Transferencias correntes	1.054	822	-232	-22,0	34,9	29,5
V Ingresos patrimoniais	8	8	0	-	0,3	0,3
OPERACIÓNS CORRENTES	1.796	1.564	-232	-12,9	59,4	56,1
VII Transferencias de capital	1.225	1.223	-2	-0,2	40,6	43,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.225	1.223	-2	-0,2	40,6	43,9
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.021	2.787	-234	-7,8	100,0	100,0
Total	3.021	2.787	-234	-7,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Galego de Calidade Alimentaria

		Distribución económica				Valor Relativo	
				Variación 2017/2016			
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017
I	Gastos de persoal	997	923	-74	-7,4	33,0	33,1
II	Gastos en bens correntes e servizos	740	640	-100	-13,5	24,5	23,0
III	Gastos financeiros	0	0	0	-	-	-
IV	Transferencias correntes	0	0	0	-	-	-
OPERACIÓNS CORRENTES		1.738	1.564	-174	-10,0	57,5	56,1
VI	Investimentos reais	1.274	1.223	-51	-4,0	42,2	43,9
VII	Transferencias de capital	0	0	0	-	-	-
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.274	1.223	-51	-4,0	42,2	43,9
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		3.012	2.787	-225	-7,5	99,7	100,0
IX	Pasivos financeiros	9	0	-9	-100,0	0,3	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		9	0	-9	-100,0	0,3	-
Total		3.021	2.787	-234	-7,8	100,0	100,0

(Miles de Euros)

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, INTECMAR, deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dunha entidade con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias anteriormente atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, establece o regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnica científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal á lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

1. Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
2. A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
3. Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
4. Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.
5. O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
6. Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

Orzamento de ingresos. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

Distribución económica							
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo		
			Importe	%	2016	2017	
III Taxas, prezos e outros ingresos	121	133	12	10,0	4,0	4,6	
IV Transferencias correntes	2.209	2.196	-12	-0,5	74,2	76,9	
V Ingresos patrimoniais	0	0	0	-	-	-	
OPERACIÓNS CORRENTES	2.329	2.329	0	-	78,3	81,6	
VII Transferencias de capital	647	527	-120	-18,5	21,7	18,4	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	647	527	-120	-18,5	21,7	18,4	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.976	2.856	-120	-4,0	100,0	100,0	
Total	2.976	2.856	-120	-4,0	100,0	100,0	

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	1.987	1.987	0	-	66,8	69,6
II Gastos en bens correntes e servizos	342	342	0	-	11,5	12,0
OPERACIÓNS CORRENTES	2.329	2.329	0	-	78,3	81,6
VI Investimentos reais	647	527	-120	-18,5	21,7	18,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	647	527	-120	-18,5	21,7	18,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.976	2.856	-120	-4,0	100,0	100,0
Total	2.976	2.856	-120	-4,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

De acordo co previsto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; o impulso, xestión e coordinación da administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Neste marco a axencia persegue como obxectivos:

1. Pór a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados.
2. Transformar, mediante un uso axeitado das TIC, a Administración pública autonómica, coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos públicos.
3. Dotar a cidadanía das competencias e recursos para participar activamente no desenvolvemento da sociedade da información.
4. Impulsar o sector TIC, de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade e o emprego.
5. Impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas.

6. Implantar unha rede de infraestruturas moderna e sostible que garanta a integración de Galicia na sociedade da información.

Orzamento de ingresos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
III Taxas, prezos e outros ingresos	11	11	0	-	-	-
IV Transferencias correntes	20.772	21.413	640	3,1	21,5	21,6
OPERACIÓNS CORRENTES	20.783	21.423	640	3,1	21,6	21,6
VII Transferencias de capital	75.617	77.850	2.232	3,0	78,4	78,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	75.617	77.850	2.232	3,0	78,4	78,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	96.400	99.273	2.873	3,0	100,0	100,0
Total	96.400	99.273	2.873	3,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Distribución económica						
Capítulos	2016	2017	Variación 2017/2016		Valor Relativo	
			Importe	%	2016	2017
I Gastos de persoal	11.416	11.526	110	1,0	11,8	11,6
II Gastos en bens correntes e servizos	8.579	9.115	536	6,2	8,9	9,2
IV Transferencias correntes	788	783	-5	-0,7	0,8	0,8
OPERACIÓNS CORRENTES	20.783	21.423	640	3,1	21,6	21,6
VI Investimentos reais	64.834	62.384	-2.450	-3,8	67,3	62,8
VII Transferencias de capital	788	5.470	4.682	594,6	0,8	5,5
OPERACIÓNS DE CAPITAL	65.621	67.854	2.232	3,4	68,1	68,4
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	86.404	89.277	2.873	3,3	89,6	89,9
IX Pasivos financeiros	9.996	9.996	0	-	10,4	10,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	9.996	9.996	0	-	10,4	10,1
Total	96.400	99.273	2.873	3,0	100,0	100,0

(Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Este decreto tamén suprimiu a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a

través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

1. Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
2. Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
3. Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
4. Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
5. Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
6. Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
7. Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.
8. Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.
9. Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.
10. Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.
11. Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.
12. Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

En virtude do Decreto 134/2013, do 1 de agosto, polo que se procede á reorganización das entidades instrumentais adscritas á consellería con competencias en materia de innovación procedeuse, con efectos do 1 de xaneiro de 2014, á extinción da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, asumindo os seus medios persoais e materiais a Axencia Galega de Innovación. Como consecuencia desta absorción, o Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación, establece unha nova estrutura organizativa para a axencia coa finalidade de outorgarlle a máxima eficacia no exercicio das súas competencias. A Axencia quedou estruturada en 4 áreas: Área de Xestión, Área de Programas, Área de servizos e Área de Centros.

O Decreto 129/2015, do 8 de outubro, adscribe esta axencia á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Innovación

		Distribución económica					
		Variación 2017/2016				Valor Relativo	
Capítulos		2016	2017	Importe	%	2016	2017
III	Taxas, prezos e outros ingresos	94	78	-15	-16,5	0,2	0,1
IV	Transferencias correntes	8.478	8.963	486	5,7	13,9	14,2
V	Ingresos patrimoniais	5	5	0	7,0	-	-
	OPERACIÓNS CORRENTES	8.576	9.047	471	5,5	14,1	14,3
VII	Transferencias de capital	52.322	54.126	1.805	3,4	85,9	85,7
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	52.322	54.126	1.805	3,4	85,9	85,7
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	60.898	63.173	2.275	3,7	100,0	100,0
VIII	Activos financeiros	0	2	2	-	-	-
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	2	2	-	-	-
	Total	60.898	63.175	2.277	3,7	100,0	100,0

(Miles de Euros)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	35.649.608
422G-Ensinanzas especiais	17.054.229
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	17.054.229
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado	2.250.341
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2.250.341
422K-Ensinanzas pesqueiras	8.750.754
Consellería do Mar	8.750.754
422L-Capacitación e extensión agroforestal	7.626.092
Consellería de Medio Rural	7.626.092
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	728.157.472
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	727.967.827
Consellería de Medio Rural	189.645
423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas	189.308.620
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	189.308.620
423B-Prevención do abandono escolar	19.701.062
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	19.701.062
43-Cultura	64.057.183
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	5.149.699
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	5.149.699

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	18.129.685
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	18.129.685
432B-Fomento das actividades culturais	27.866.995
Axencia Galega das Industrias Culturais	10.532.088
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	17.334.907
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	12.910.804
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	12.910.804
44-Deportes	19.218.550
441A-Promoción da actividade deportiva	19.218.550
Presidencia da Xunta de Galicia	19.218.550
45-Vivenda	57.645.629
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	42.290.329
Instituto Galego da Vivenda e Solo	42.290.329
451B-Acceso á vivenda	15.355.300
Instituto Galego da Vivenda e Solo	15.355.300
46-Outros servizos comunitarios e sociais	102.058.799
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	5.605.596
Presidencia da Xunta de Galicia	5.605.596
461B-Radiodifusión e TVG	96.453.203
Presidencia da Xunta de Galicia	96.453.203

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

5-Produción de bens públicos de carácter económico	830.893.524
51-Infraestruturas	284.528.381
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	5.316.225
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	5.316.225
512A-Ordenación e inspección do transporte	19.316.978
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	19.316.978
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	250.593.328
Axencia Galega de Infraestruturas	250.593.328
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	4.154.626
Consellería do Mar	4.154.626
514A-Infraestruturas pesqueiras	5.147.224
Consellería do Mar	5.147.224
52-Ordenación do territorio	16.937.304
521A-Urbanismo	16.937.304
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	16.937.304
53-Promoción de solo para actividades económicas	31.425.275
531A-Promoción de solo para actividades económicas	31.425.275
Instituto Galego da Vivenda e Solo	31.425.275
54-Actuacións ambientais	121.355.685
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	4.100.114
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	4.100.114
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	28.952.865
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	28.952.865
541C-Protección e mellora do medio natural marítimo	26.313.531
Consellería do Mar	23.457.721
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.855.810
541D-Control ambiental e xestión de residuos	15.544.718
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	15.544.718
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	7.547.748
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	4.926.583
Instituto de Estudos do Territorio	2.621.165
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	38.896.709
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	38.896.709
55-Actuacións e valorización do medio rural	137.650.091
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	36.434.827
Consellería de Medio Rural	36.434.827
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal	101.215.264
Consellería de Medio Rural	101.215.264
56-Investigación, desenvolvemento e innovación	135.367.537
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	81.070.704
Axencia Galega de Innovación	63.174.804
Consellería de Medio Rural	10.565.401
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	2.786.982
Consellería do Mar	4.543.517
561B-Investigación universitaria	51.808.910
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	51.808.910

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

561C-Investigación sanitaria	2.487.923
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	696.829
Servizo Galego de Saúde	1.791.094
57-Sociedade da información e do coñecemento	99.273.066
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	99.273.066
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	99.273.066
58-Información estatística básica	4.356.185
581A-Elaboración e difusión estatística	4.356.185
Instituto Galego de Estatística	4.133.754
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	1.140
Consellería de Medio Rural	221.291

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

6-Regulación económica de carácter xeral	80.492.181
61-Actuacións económicas xerais	30.913.286
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	19.468.415
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	14.008.608
Consellería de Facenda	4.640.514
Consello Económico e Social de Galicia	819.293
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	5.319.872
Consellería de Facenda	5.319.872
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e competencia	6.124.999
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	6.124.999
62-Actividades financeiras	49.578.895
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	42.692.071
Axencia Tributaria de Galicia	14.291.717
Consellería de Facenda	8.942.978
Gastos de diversas consellarías	19.457.376
621B-Imprevistos e funcións non clasificadas	6.886.824
Gastos de diversas consellarías	6.886.824

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	672.227.068
71-Dinamización económica do medio rural	339.638.613
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	18.366.163
Consellería de Medio Rural	18.366.163
712A-Fixación de poboación no medio rural	36.246.933
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	36.246.933
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	95.262.485
Consellería de Medio Rural	55.710.845
Fondo Galego de Garantía Agraria	39.551.640
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria	560.810
Consellería de Medio Rural	560.810
713B-Ordenación das producións forestais	72.516.793
Consellería de Medio Rural	72.516.793
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	3.302.302
Consellería de Medio Rural	3.302.302
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	10.317.003
Consellería de Medio Rural	10.317.003
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	49.056.895
Consellería de Medio Rural	49.056.895
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	54.009.229
Fondo Galego de Garantía Agraria	54.009.229
72-Pesca	93.513.722
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	8.225.481
Consellería do Mar	8.225.481
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	3.262.915
Consellería do Mar	3.262.915
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	61.015.022
Consellería do Mar	61.015.022
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca	6.407.863
Consellería do Mar	6.407.863
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca	14.602.441
Consellería do Mar	14.602.441
73-Industria, enerxía e minaría	57.194.809
731A-Dirección e servizos xerais de industria	6.164.644
Consellería de Economía, Emprego e Industria	6.164.644
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	14.793.491
Consellería de Economía, Emprego e Industria	14.793.491
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	33.285.721
Consellería de Economía, Emprego e Industria	3.787.653
Instituto Enerxético de Galicia	29.498.068
734A-Fomento da minaría	2.950.953
Consellería de Economía, Emprego e Industria	2.950.953
74-Desenvolvemento empresarial	118.925.360
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	118.925.360
Instituto Galego de Promoción Económica	97.925.360
Consellería de Medio Rural	21.000.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

75-Comercio	16.534.860
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	16.534.860
Consellería de Economía, Emprego e Industria	16.534.860
76-Turismo	46.419.704
761A-Potenciación e promoción do turismo	46.419.704
Axencia de Turismo de Galicia	46.419.704

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

8-Transferencias a entidades locais	124.649.932
81-Transferencias a entidades locais	124.649.932
811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A.	119.764.132
Transferencias a corporacións locais	119.764.132
811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais	4.885.800
Gastos de diversas consellerías	4.885.800

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

9-Débeda pública	1.822.264.186
91-Débeda pública	1.822.264.186
911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública	1.822.264.186
Débeda pública da Comunidade Autónoma	1.822.264.186

V.3. A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2017 o aforro por operacións correntes alcanza os 586,2 millóns de euros motivado pola contención do gasto corrente e a estabilidade dos ingresos correntes.

Os ingresos por operacións de capital, 616,9 millóns de euros, tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado polo mellor comportamento das transferencias de capital a recibir neste exercicio ao estar en plena execución os gastos financiados polos fondos europeos.

O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.471,6 millóns de euros, incrementándose nun 3,8% respecto aos orzamentos de 2016. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 854,7 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, de 36 millóns de euros, determina unha necesidade de financiamento de 304,6 millóns de euros.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 304,6 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 422,5 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, que se manteñen en niveles do ano anterior, alcanzando 117,8, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os 304,6 millóns de euros que financian os investimentos.

Conta Financeira Homoxeneizada				
Operacións Correntes	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Ingresos	8.024.436	8.123.726	99.291	1,2
Impostos directos	2.194.298	2.236.274	41.976	1,9
Impostos indirectos	3.242.799	3.226.456	-16.343	-0,5
Taxas, prezos e outros ingresos	178.603	168.766	-9.837	-5,5
Transferencias correntes	2.392.676	2.483.303	90.626	3,8
Ingresos patrimoniais	16.060	8.928	-7.132	-44,4
Gastos	7.335.116	7.537.500	202.385	2,8
Gastos de persoal	3.566.897	3.614.832	47.934	1,3
Gastos en bens correntes e servizos	1.482.695	1.570.653	87.958	5,9
Gastos financeiros	270.997	234.748	-36.249	-13,4
Transferencias correntes	2.014.527	2.117.268	102.741	5,1
Aforro	689.320	586.226	-103.094	-15,0
Operacións de Capital				
	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Ingresos	596.945	616.920	19.976	3,3
Alleamento de investimentos reais	13.000	7.070	-5.930	-45,6
Transferencias de capital	583.945	609.850	25.906	4,4
Gastos	1.417.288	1.471.643	54.355	3,8
Investimentos reais	777.375	805.565	28.190	3,6
Transferencias de capital	639.914	666.078	26.165	4,1
Formación de Capital	820.344	854.723	34.379	4,2
Fondo de continxencia	52.038	36.169	-15.869	-30,5
Necesidade de Financiamento	-183.062	-304.666	-121.604	66,4
Operacións Financeiras				
	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Atencións	1.505.799	1.755.835	250.036	16,6
Activos financeiros	152.957	147.656	-5.301	-3,5
Pasivos financeiros	1.352.841	1.608.179	255.337	18,9
Recursos	1.688.861	2.060.501	371.640	22,0
Activos financeiros	32.426	29.837	-2.589	-8,0
Endebadamento bruto	1.656.435	2.030.665	374.229	22,6
Necesidade de Financiamento	-183.062	-304.666	-121.604	66,4

(Miles de Euros)

Endebemento Neto	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Endebemento bruto	1.656.435	2.030.665	374.229	22,6
Amortizacións	-1.352.841	-1.608.179	-255.337	18,9
Endebemento Neto	303.594	422.486	118.892	39,2

Destino Endebemento Neto	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Endebemento que financia activos	120.532	117.820	-2.712	-2,2
Resto Endebemento Neto	183.062	304.666	121.604	66,4
Endebemento Neto	303.594	422.486	118.892	39,2

Operacións Financeiras	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Atencións	1.505.799	1.755.835	250.036	16,6
Activos financeiros	152.957	147.656	-5.301	-3,5
Prestamos e avais a empresas IGAPE	23.500	33.600	10.100	43,0
Activos financeiros Innovación	5.000	5.500	500	10,0
Resto Activos financeiros	124.457	108.556	-15.901	-12,8
Pasivos financeiros	1.352.841	1.608.179	255.337	18,9
Amortización débeda IGAPE	11.636	7.000	-4.636	-39,8
Amortización subvencións reintegradas	13.108	13.108	0	0,0
Amortización débeda financeira	1.328.097	1.588.070	259.973	19,6
Recursos	1.688.861	2.060.501	371.640	22,0
Activos financeiros	32.426	29.837	-2.589	-8,0
Reintegro empresas préstamos IGAP	15.700	7.000	-8.700	-55,4
Reintegro subvencións reintegrables	1.652	1.652	0	0,0
Outros ingresos de activos financeiros	15.074	21.185	6.110	40,5
Endebemento bruto	1.656.435	2.030.665	374.229	22,6
Débeda financeira da Comunidade Autónoma de Galicia	1.640.095	2.010.367	370.272	22,6
Anticipos innovación e educación	16.341	20.298	3.957	24,2
Necesidade de Financiamento	-183.062	-304.666	-121.604	66,4

(Miles de Euros)



ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

O artigo 4.1 da Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, que consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no artigo 27 que “os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais”.

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertencen ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e por tanto, deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto, a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito orzamentario da presente Memoria.
- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Outras unidades consideradas AAPP, axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital xa que se consideran gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. O máis importante é a de a TVG para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

Recadación incerta, diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

Intereses devindicados, no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

Axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

Estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.


De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.

Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE, ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico.

En base a esta metodoloxía a necesidade de financiamento que conforma o obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2017 é de 298 millóns de euros que representa o 0,5% do PIB de Galicia

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Ingresos Correntes	8.024	8.124	99	1,2
Gastos Correntes	7.335	7.538	202	2,8
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	689	586	-103	-15,0
Fondo de continxencia	52	36	-16	-30,5
Ingresos de Capital	597	617	20	3,3
Gastos de Capital	1.417	1.472	54	3,8
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-820	-855	-34	4,2
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	-183	-305	-122	66,4
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-47	-49	-2	4,3
Recadación incerta	-32	-33	-1	3,1
Intereses devindicados	0	1	1	
Outros axustes	3	3	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	9	7	-2	-22,2
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-174	-298	-124	71,0
% PIB Galicia			0,3	0,5
PIB Galicia estimado			57.595	59.668

(Millóns de Euros)



ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A resolución do 1 de xullo de 2016 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 6 de xuño do 2016 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde de 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de Estado de Fluxo de Efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, polo miúdo, os

obxectivos que recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2017 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Entidades públicas empresarias

	Explotación	Capital
Portos de Galicia	13.299	6.856
Augas de Galicia	35.799	64.796
Total	49.098	71.651

(Miles de Euros)

Entidades públicas empresarias

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	414	3.741
Augas de Galicia	0	38.897
TOTAL	414	42.638

(Miles de Euros)



CONSORCIOS AUTONÓMICOS

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A Lei 3/2009, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concurren os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se compromete, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

A resolución do 1 de xullo do 2016 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 6 de xuño do 2016 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece os formatos que deberán empregar os consorcios para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Consortios autonómicos

	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.397	2.070
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	64.837	4.536
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.188	22
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	5.032	5
Consortio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	273	12
Consortio para a xestión e expl. Da rede básica de abast. De auga aos concellos de Cervo e Burela	415	
Consortio Casco Vello de Vigo	455	1.980
Total	75.598	8.625

(Miles de Euros)



SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

A resolución do 1 de xullo do 2016 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 6 de xuño do 2016 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir, presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2017 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	8.270	500
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	5.559	4.283
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	728	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	1.900	135
Galicia calidade,S.A.	818	15
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.367	40
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.881	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	14.892	41
Xenética Fontao, S.A.	3.761	369
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	14.261	3.401
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	93.633	2.090
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	12.352	
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA	97.867	4.408
Total	260.290	15.280

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	20.337
Galicia calidade,S.A.	352	320
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	557
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	3.056	0
Xenética Fontao, S.A.	160	50
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	14.546	0
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	105	0
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA	0	250
TOTAL	18.846	21.514

(Miles de Euros)



FUNDACIONES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.


A resolución do 1 de xullo do 2016 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 6 de xuño do 2016 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.273	77
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.459	3.692
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	53.368	
Instituto Galego de Medicina Xenómica	3.950	177
Fundación Galicia Europa	731	10
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.005	5
Fundación Semana Verde de Galicia	1.843	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	689	3
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	2.125	487
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	197	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	503	
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.271	41
Instituto Feiral de A Coruña	390	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	3.296	180
Fundación Rof Codina	1.654	745
Fundación Deporte Galego	3.259	20
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.133	
Fundación Galega Formación para o Traballo	390	39
Fundación Camilo José Cela	280	
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	184	3
Total	88.000	5.479

(Miles de Euros)



DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2017.

Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2017

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OAAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓN PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTÍS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO		
I	2.236.274	0	0	2.236.274		2.236.274					2.236.274		2.236.274		
II	3.226.456	0	0	3.226.456		3.226.456					3.226.456		3.226.456		
III	95.188	35.052	58.050	188.290	19.524	168.766	15.722	15.318	77.643	192.574	470.022	555	469.468		
IV	2.346.613	120.407	3.396.740	5.863.760	3.380.458	2.483.303	72.584	62.525	414	18.831	2.637.656	128.190	2.509.466		
V	4.019	764	4.145	8.928		8.928	76	88	55	1.344	10.491		10.491		
Correntes	7.908.550	156.223	3.458.935	11.523.708	3.399.982	8.123.726	88.381	77.930	78.112	212.749	8.580.899	128.745	8.452.154		
VI	170	0	6.900	7.070		7.070	1	1.760	0	14	8.844		8.844		
VII	599.132	542.567	280.606	1.422.305	812.454	609.850	5.595	4.536	42.638	1.035	663.654	77.559	586.095		
Capital	599.302	542.567	287.506	1.429.375	812.454	616.920	5.596	6.296	42.638	1.049	672.498	77.559	594.939		
VIII	22.180	7.002	655	29.837		29.837	0	0	0	35.037	64.873		64.873		
IX	2.020.665	10.000	0	2.030.665		2.030.665	675			146.144	2.177.483	107.617	2.069.866		
Finanxeiras	2.042.844	17.002	655	2.060.501	0	2.060.501	675	0	0	181.180	2.242.357	107.617	2.134.739		
TOTAL	10.550.696	715.793	3.747.096	15.013.584	4.212.437	10.801.148	94.652	84.226	120.749	394.978	11.495.754	313.921	11.181.833		
ORZAMENTO LIMITATIVO							ORZAMENTO ESTIMATIVO							ORZAMENTO CONSOLIDADO	

(Miles de Euros)

Orçamento de gastos do sector público autonómico 2017

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIONES PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTIS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	1.924.212	93.083	1.597.537	3.614.832		3.614.832	27.196	44.572	11.942	74.262	3.772.803		3.772.803
II	514.973	41.026	1.034.178	1.590.177	19.524	1.570.653	60.060	30.977	36.234	183.128	1.881.052	555	1.880.498
III	234.300	298	150	234.748		234.748	47	2	305	2.900	238.001		238.001
IV	4.680.508	21.816	795.401	5.497.726	3.380.458	2.117.268	698	46	618	0	2.118.630	128.190	1.990.439
Correntes	7.353.993	156.223	3.427.266	10.937.483	3.399.982	7.537.500	88.000	75.598	49.098	260.290	8.010.486	128.745	7.881.742
V	4.500		31.669	36.169		36.169					36.169		36.169
VI	304.792	337.616	163.157	805.565		805.565	5.479	8.625	61.297	15.280	896.246		896.246
VII	1.202.821	164.857	110.855	1.478.533	812.454	666.078	0	0	10.354	0	676.432	77.559	598.874
Capital	1.507.613	502.473	274.012	2.284.098	812.454	1.471.643	5.479	8.625	71.651	15.280	1.572.678	77.559	1.495.119
VIII	94.408	39.100	14.149	147.656		147.656	1.117	4	0	34.832	183.609		183.609
IX	1.590.182	17.996	0	1.608.179		1.608.179	56	0	0	84.575	1.692.810	107.617	1.585.193
Financeiros	1.684.590	57.096	14.149	1.755.835	0	1.755.835	1.173	4	0	119.408	1.876.420	107.617	1.768.803
TOTAL	10.550.696	715.793	3.747.096	15.013.584	4.212.437	10.801.148	94.652	84.226	120.749	394.978	11.495.754	313.921	11.181.833
ORZAMENTO LIMITATIVO						ORZAMENTO ESTIMATIVO						ORZAMENTO CONSOLIDADO	

(Miles de Euros)



O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII. O MARCO XURÍDICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2017

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, recolle para o ano 2017 a recuperación dos conceptos retributivos minorados como consecuencia da Lei 12/2015 do 24 de decembro de orzamentos xerais da comunidade autónoma para Galicia para o ano 2016. No referente á taxa de reposición de efectivos procederá con suxeición aos límites e requisitos da normativa básica que se estableza ao respecto. No resto do capítulo regúlase a

contratación de persoal laboral temporal e de funcionario interino e persoal vinculado ás encomendas de xestión.

No capítulo II, baixo a rúbrica « Dos réximes retributivos », establece para o 2017 a recuperación dos conceptos retributivos minorados pola Lei 12/2015 do 24 de decembro polo que os altos cargos e outro persoal directivo, as persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, o persoal funcionario, do persoal laboral, o persoal ao servizo das institucións sanitarias e o persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza recuperan os seus conceptos retributivos tal e como existían antes da Lei 12/2015 do 24 de decembro.

En cumprimento do disposto na Disposición transitoria décimo segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, incorporouse un fondo de recuperación retributiva que tiña como finalidade recuperar os niveis retributivos dos traballadores do sector público autonómico por un importe global de 106 millóns de euros (92,6 millóns de euros no capítulo I dos orzamentos, 2,5 millóns de euros para as entidades instrumentais do sector público autonómico, 6,8 millóns de euros para as universidades do Sistema Universitario Galego e 4,1 millóns de euros para incrementar os módulos da ensinanza concertada). Nos orzamentos do ano 2017 este fondo se incrementa en 44,5 millóns de euros, ata 150,5 millóns de euros (121,3 millóns de euros no capítulo I dos orzamentos, 4,2 millóns de euros nas entidades instrumentais do sector público autonómico, 13,3 millóns de euros para as universidades do Sistema Universitario Galego e 11,7 millóns de euros para incrementar os módulos da ensinanza concertada) o que permite facer efectiva neste exercicio a recuperación dos niveis retributivos dos traballadores do sector público autonómico

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2017 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. E no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a autorización de convocatorias para a provisión de persoal laboral fixo en casos excepcionais. No ano 2017 establécese a recuperación dos conceptos retributivos minorados como consecuencia da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais para a comunidade autónoma de Galicia. A taxa de reposición respetará a normativa básica estatal.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos relativos a operacións de crédito e afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese para o ano 2017 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 0,5 por cento do PIB rexional, co que se acomoda aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. Respecto ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público contéplase a posibilidade para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2017 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, a fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, a concesión directa de axudas e subvencións, a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, o cal, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e os expedientes de dotación artística e o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados. No que se establece a posibilidade da aceptación pola Administración autonómica de pagamentos a conta para as retribucións do persoal docente do colectivos de empresa do ensino privado, dende o I de xaneiro ata o momento no que asinen as táboas salariais para o 2017.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, desagregándose esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e o fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III de Administración Xeral dende aquel ano ata o 2017. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no 2011.

Tamén se establece a repartición do fondo adicional conforme a participación en procesos de fusión ou incorporación voluntaria a outros concellos e as variables de poboación, maiores 65 anos, superficie, núcleos de poboación e esforzo fiscal dos concellos, no caso dos de menos de 15.000 habitantes.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2016.

No título VI, relativo ás normas tributarias, inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido da Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais regúlase a información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra, a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación, o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, as normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público e no suposto de que se recollese nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para o sostemento dos centros concertados, na nosa comunidade aplicarase o mesmo incremento.

En canto á disposición relativa a prestacións familiares por coidados de fillos menores, establece como requisitos para a súa obtención o cumprimento das condicións que dite a Consellería de Política Social. Introdúcese unha nova disposición adicional que regula o dereito a percibir unha axuda económica de 1.200 euros, a razón de 100 euros anuais, a través da tarxeta benvinda para todas as familias que teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena menor dun ano no 2017.

Finalmente, para o suposto de que mudasen as condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público na normativa estatal básica inclúese unha disposición adicional para a adecuación do réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico ao establecido nesa normativa. Na derradeira disposición adicional establécese as normas para a remisión de información económico-financieiro e o control da desta coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da

Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e consorcios adscritos á comunidade autónoma que deben auditar as súas contas anuais.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do 2016.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2017.

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de Lei e que como precisou o Tribunal Constitucional non deben integrarse nas Leis anuais de Orzamentos Xerais senón en Leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas Leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como Leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Dende esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se explicitan na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade para o ano 2017, e ao obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, o presente anteproxecto de lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, se ben se incorporan outras de carácter e organización administrativa.

II

Esta norma legal, contén catro títulos, o primeiro dedicado as medidas fiscais, o segundo as medidas de carácter administrativo, o terceiro a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros e o cuarto as medidas provisionais de ordenación urbanística. O título I consta de dous capítulos, relativos o primeiro aos tributos cedidos e o segundo aos tributos propios.

O Título II consta de nove capítulos, dedicados, respectivamente, a función pública, medidas financeiras, procedemento administrativo, economía e industria, agricultura, innovación, mar e servizos sociais. O título III consta de catro capítulos dedicados, respectivamente, a o obxecto e réxime de competencias, transporte público regular de uso xeral, integración e coordinación de servizos nunha rede de transporte integrada e ao réxime económico e tarifario dos servizos de transporte. O título IV consta de dous capítulos, o primeiro dedicado as disposicións xerais e o segundo ao procedemento de aprobación do instrumento de planificación. Tamén contén seis disposicións adicionais, dúas disposición transitoria, tres disposicións derogatorias e cinco derradeiras.

Polo que atinxe as medidas fiscais, contempladas no título primeiro, cómpre sinalar as seguintes:

En canto aos tributos cedidos, o capítulo I deste título recolle, dous artigos nos que se modifica o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados e a taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar.

En relación co Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas e Actos Xurídicos Documentados, elimínanse as seguintes deducións e bonificacións:

- A bonificación aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados, ás operacións derivadas do Plan de Dinamización Económica de Galicia previsto para as áreas da Costa da Morte ou dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.
- A dedución aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais, ás concesións ou autorizacións administrativas relativas ás enerxías renovables.
- A bonificación aplicable, na modalidade de actos xurídicos documentados, ás operacións relacionadas con vivendas protexidas ao abeiro da lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con estas derogacións, trátase de adecuar o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos aos cambios normativos e xurisprudenciais acaecidos con posterioridade á aprobación das deducións e bonificacións en cuestión dado que no son de aplicación na práctica.

Nesta mesmo imposto establécese un beneficio fiscal consistente nunha dedución na cota do 100%, có obxectivo de fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopan despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente, cós seguintes beneficios que ilo supón para o entorno. Po reste motivo este beneficio fiscal se aplica ás vivendas que van a ter a condición de habituais para o adquirente, e se aplica a distintos colectivos obxecto de protección, como mozos, familias numerosas e discapacitados. A medida tamén introduce límites con respecto ao patrimonio do adquirente e do valor da vivenda, introducindo así medidas de progresividade e capacidade económica para o seu desfrute.

No que atinxe taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, homoxeneiza as normas de xestión na normativa do xogo no relativo á liquidación e pagamento da súa taxa fiscal no tocante aos pagamentos á conta.

Polo que se refire aos tributos propios, o capítulo II, recóllese en primeiro lugar, artigo dedicado as taxas administrativas onde se establece, por un lado, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa en un 1%, e por outro, as modificacións introducidas na Lei 6/2003 de taxas e prezos, que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación das vixentes. Destacan polo seu impacto económico a elevación da tarifa do canon por obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, que para o ano 2017 ascende a 0,017 €/m³.

Polo que respecta ao canon da auga modifícase o tipo de gravame da parte variable nas augas termais e mariñas destinadas a uso terapéutico.

En canto as medidas administrativas que se recollen no título II, cómpre destacar:

No capítulo dedicado a función pública, modifícanse varios preceptos da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia. Así, a modificación do artigo 89 incorpora a obrigatoriedade de concursar ao persoal funcionario que está desempeñando un posto en adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación dado que o está a ocupar de forma provisional. A modificación do artigo 96 permite maior versatilidade e mobilidade para o persoal funcionario pertencente as escalas, promovendo a promoción deste persoal a outros postos distintos aos da súa escala de orixe. A modificación do artigo 104 ten como finalidade incluír na Lei de emprego público de Galicia a previsión legal contida no artigo 59 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, segundo o cal, o persoal funcionario procedente da fusión dos concellos que se realicen no ámbito da Comunidade Autónoma, se transfiren e se integran na Administración Autonómica, regulando así, un procedemento de adscrición aos corpos e escalas da Comunidade Autónoma. A disposición adicional primeira da lei modifícase para incorporar que, cando se toma como referencia do desfrute dos permisos a localidade, esta veña referida ao termo municipal de residencia do persoal funcionario. Coa modificación da disposición adicional oitava e novena, modifícanse algunha das escalas e especialidades existentes, así como as funcións que ten asignadas e a titulación correspondente para o acceso as mesmas, adaptándoas aos novos graos existentes e, por outra parte, tamén créanse outras novas escalas. A disposición adicional décima modifícase para adaptar as titulacións ao marco español de cualificacións para educación superior das ramas de coñecemento que están reguladas no Real Decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais, creado polo Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro e consolidado a 1 de agosto de 2011. A modificación da disposición transitoria terceira unicamente clarifican a redacción actual da lei. Por último, engádesse a esta lei dúas disposicións transitorias debido a necesidade de manter un réxime transitorio para o persoal laboral temporal que desempeñe funcións de persoal funcionario e para o persoal laboral afectados pola creación de escalas.

Neste capítulo, tamén se modifica a Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, para clarificar que a reserva de posto de traballo unicamente abarca a aqueles que están afectados polos procesos de consolidación de emprego ao amparo do V Convenio Colectivo e o persoal laboral temporal que ocupe postos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005 e só para aqueles postos de persoal laboral.

Tamén, en materia de función pública modifícase a Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público, para regular a integración do persoal laboral fixo das entidades instrumentais como persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a aplicación do convenio colectivo único ao persoal laboral temporal.

Por último, introdúcese na lei un artigo ante a necesidade de que a Consellería de Sanidade poida prover un posto de traballo dunha concreta clase da escala de saúde pública, excepcionalmente e de maneira temporal, mediante unha comisión de servizos voluntaria de persoal funcionario doutra clase da mesma escala, sempre e cando a titulación esixida para o acceso á clase orixinaria sexa a mesma que a requirida para o posto de traballo de que se trate.

No capítulo II, dedicado ao réxime financeiro, divídese en dúas seccións. Na sección primeira “Tesouro” recóllense varias modificacións do título IV do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Estas modificacións teñen por obxecto adecuar o contido desta lei á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia para acadar unha maior control e unha mellor xestión de tódolos recursos financeiros que constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, introdúcese un artigo 91 bis para establecer un mínimo procedemento (resolución que se publica no DOG) para os casos de prescrición dos depósitos en metálico constituídos ante a Caixa Xeral de Depósitos.

A sección segunda “Xestión orzamentaria” recolle unha modificación no artigo 14.2 da Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa finalidade de que non xurdan dúbidas acerca da habilitación normativa suficiente para que se regule por orden da Consellería de Facenda o contido e alcance da memoria que debe acompañar aos expedientes de autorización de investimentos do sector público autonómico, que incorporen unha previsión do gasto corrente.

O capítulo dedicado ao procedemento administrativo divídese en catro seccións, dedicadas, respectivamente á Administración dixital, réxime sancionador e prazos de procedementos administrativos, adecuación normativa e réxime administrativo.

A Sección primeira dedicada a Administración dixital ten como finalidade dar cumprimento a Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O desenvolvemento efectivo destas leis fai necesario avanzar cara a eliminación de compartimentos estancos na información da tramitación administrativa, para acadar un espazo único de información ao cidadán coa súa situación administrativa de xeito claro e transparente, e nomeado nesta proposta como cartafol do cidadán. Fai necesario impulsar a compartición de información e documentos que permitan eliminar redundancias, duplicidades e peticións innecesarias cara o cidadán, e promove o uso das notificacións electrónicas fronte as notificacións en papel, que se materializarán a través do sistema de notificación de Galicia.

A Sección Segunda consta de catro artigos. O primeiro destes artigos, recolle unha modificación do artigo 53 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que introduce unha nova infracción grave en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén modifica a Lei 3/2012, do deporte de Galicia para recoller unha modificación nunha infracción moi grave en materia de deportes. Os restantes artigos regulan os prazos para notificar unha serie de procedementos. Así, os prazos no procedemento sancionador en materia de transportes marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, os prazos para notificar as resolucións dos procedementos de desafuzamento administrativo e de adxudicación de vivendas protexidas de promoción pública e os prazos para notificar as resolucións sancionadoras en materia sanitaria.

A sección terceira “Adecuación normativa” deste capítulo recolle catro artigos.

Os dous primeiros refírense a normativa en materia de medio ambiente. Regúlanse nestes artigos da lei a previsión dun prazo máximo de 6 meses para resolver e notificar os procedementos sancionadores de competencia da Comunidade Autónoma, que rexerá en todas aqueles nos que a súa normativa específica, legal ou regulamentaria, non prevea un prazo concreto. En canto a determinación do inicio do cómputo da prescrición das sancións contidas nos recursos de alzada pendentes de resolución no momento da entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2015, cómpre darlle cumprimento ao establecido no artigo 30.3 da Lei 40/2015, de conformidade co cal, o prazo previsto para a prescrición da sanción comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo previsto para a resolución do recurso, e o anterior tendo en conta o principio de norma máis favorable que rexe no dereito sancionador, unido este ao carácter de normativa básica da lexislación citada, e, en particular, o disposto no artigo 26.2 da lei 40/2015, cando dispón que “As disposicións sancionadoras producirán efectos retroactivo cando favorezan ao presunto infractor o ao infractor, tanto no referido á tipificación da infracción como a sanción e os seus prazos de prescrición, aínda respecto de sancións pendentes de cumprimento ao entrar en vigor a nova disposición”, así como ao principio de seguridade xurídica que debe rexer en todo procedemento administrativo. Igualmente, cómpre incluír unha referencia expresa ao cómputo do prazo de prescrición no que atinxe á reposición da legalidade, dada a relevancia, alcance e autonomía da referida obriga respecto da propia sanción, máis aló da integración de ambas, sanción e restitución, nunha mesma resolución por razóns de economía procesual.

O terceiro dos artigos desta sección modifica a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. A finalidade da regulación proposta, e incorporar unha disposición adicional sexta á Lei 2/2012, co fin de determinar como lei especial a regulación establecida en aquela lei, con dous apartados. O primeiro apartado é o referido referido á Lei 39/2015 con fundamento na previsión da súa Disposición Adicional primeira desta última lei; e o segundo establece a súa relación coa Lei 40/2015, considerando a regulación da Lei 2/2012 como de desenvolvemento das bases no eido da potestade sancionadora da citada Lei 40/2015. En ambos supostos se garante o obrigado respecto á lexislación básica.

O último dos artigos, regula o silencio administrativo en procedementos en materia de persoal.

A última sección deste capítulo consta de tres artigos. O primeiro deles, e de acordo co criterio seguido polo Estado en varios artigos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e en base ás competencias de autoorganización da Administración autonómica, regula a responsabilidade aplicable aos membros dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas autonómicas ou do padroado das fundacións do sector público, designados pola Administración xeral ou polos entes instrumentais, que será asumida directamente por la Administración ou ente designante. O mesmo criterio aplícase aos membros da entidades ou órganos liquidadores dun ente do sector público autonómico. O segundo, regula a ordenación das competencias de execución da Comunidade Autónoma respecto do control metrolóxico de instrumentos en servizo, contemplando a forma de realizar a devandita actividade e as consecuencias na execución do contrato de concesión actualmente existente. O último dos artigos, regula unha modificación na Lei 14/1985, reguladoras dos xogos e apostas de Galicia.

En materia de vivenda, introdúcese unha modificación no articulado da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, prevíndose a posibilidade de que as persoas propietarias ou usufruarias de vivendas que residan no ámbito dunha actuación desenvolva polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e que non sexan compatibles coa nova ordenación podan acceder ás parcelas destinadas ás parcelas destinadas a vivendas unifamiliares ou ás vivendas protexidas resultantes da actuación excepciónándoos do cumprimento dos requisitos de acceso ás vivendas protexidas.

O Capítulo dedicado a "Economía e Industria" consta de tres seccións de minaría, consumo e de comercio interior.

A sección primeira dedicada a Miería regula nun artigo a modificación de varios preceptos da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia. Coa modificación proposta faise efectiva a constitución do Censo Catastral Mineiro de Galicia no Catastro Mineiro de Galicia, ademais de garantir o acceso público ao Rexistro Mineiro, axilizar as tramitacións, permitindo a emisión de certificados telemáticamente, incrementar a seguridade xurídica tanto para concesionarios como para solicitantes.

A sección segunda dedicada ao “Consumo” modifica o concepto de consumidor na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

A sección terceira dedicada ao “Comercio interior” modifica o artigo relativo a composición da Comisión Consultiva prevista na Lei 13/2010, do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia.

O capítulo VI “Agricultura” consta de dúas seccións, unha de montes e outra de estrutura agraria.

Na sección de Montes, modifícanse varios preceptos da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Así, regúlase o aproveitamento dos produtos característicos dos terreos forestais naqueles predios que teñen a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, facilítase a aprobación de deslindamentos entre montes veciñais en man común e propiedades particulares, de xeito que as propiedades queden mellor definidas, permítese que se regulen por decreto as plantacións de eucaliptos e doutras especies, de xeito que se controle a súa utilización nos lugares onde sexa conveniente desde os puntos de vista económico, ambiental e de ordenación do territorio e da paisaxe, clarifícase o concepto de documento de adhesión, de xeito que se acelere a súa implantación nas parcelas forestais de pequena superficie, e que estas melloren canto antes a calidade da súa xestión, clarifícase que o outorgamento de autorizacións administrativas, xa sexan expresas ou presuntas, se concederan sen prexuízo de terceiros propietarios ou titulares de dereitos de aproveitamento, facilítase a cancelación de consorcios ou convenios en montes nos que, pola súa casuística especial, non resulta viable redactar e aprobar un instrumento de ordenación ou de xestión, recoñece a validez dos títulos inscritos no Rexistro da Propiedade e facilita a actualización dos lindeiros dos montes veciñais en man común, de xeito que as propiedades queden mellor definidas e, por último, permítese, de xeito excepcional, o aproveitamento de parcelas situadas no interior de montes veciñais en man común aos particulares que as plantaron a título individual.

A sección dedicada a estrutura agraria, introduce unha serie de modificacións na Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Así, a modificacións teñen por obxecto clarificar o proceso de avaliación dos requisitos necesarios para acadar os criterios recollidos no artigo 2 da lei e da publicidade e consulta a terceiros interesados, fixar con maior claridade o que constitúe a dotación para cada un dos fondos a constituír cos predios que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia xestiona e, por último, incrementar o tempo para que os titulares vexan recollidas no proceso de concentración ou reestruturación parcelaria, os cambios de titularidade que se produzan. Así mesmo, incorpora un artigo na lei para establecer o réxime de propiedade e cesión en precario das fincas da masa común de reestruturación parcelaria, ao carecer de regulación ao respecto, unha disposición adicional para regular as distancias de explotacións gandeiras porcinas a cascos urbanos e unha disposición transitoria, que regula a coordinación catastral.

O capítulo VII dedicado a innovación, regula por un lado, unha modificación na lei de racionalización do sector público autonómico para regular a contratación pública de innovación, para dar visibilidade e impulso ao novo procedemento de contratación recollido na Directiva 2014/24/UE e dirixida a todos os poderes adjudicadores do sector público autonómico galego. Por outro, a participación das empresas, entidades e particulares na investigación en saúde, mediante aportacións económicas, dirixidas á financiación finalista de proxectos de I+D neste ámbito.

O capítulo VIII “ Mar” consta de dúas seccións, a primeira dedicada a materia de portos e a segunda á pesca.

En materia de portos introduce unha nova disposición transitoria na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público de Portos de Galicia para regular a ampliación das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

En materia de pesca introduce unha serie de modificacións na lei de pesca de Galicia.

A primeira, amplía o prazo das duración da concesión ampara para o exercicio da actividade da acuicultura, tanto en zona marítima como en zona marítimo-terrestre a un máximo de cincuenta anos, coa finalidade de adaptala á normativa estatal, e permitir que un titular poida exercer a actividade da acuicultura durante todo o tempo que ostente a concesión para o dominio público marítimo-terrestre .

O segundo, amplía o prazo de vixencia das concesións experimentais na zona marítima e marítimo-terrestre para a realización de proxectos de investigación ou de proxectos que introduzan innovacións substanciais na explotación, nos artefactos e nas especies a 5 anos, xa que o prazo actual de tres anos resulta , en moitas ocasións, unha limitación importante para levar a termino os proxectos.

O terceiro, engade unha disposición adicional a lei de pesca de Galicia, para regular a prórroga extraordinaria dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura, garantindo unha maior seguridade xurídica á actividade da acuicultura e unha maior continuidade aos establecementos produtivos autorizados na comunidade galega.

En materia de servizos sociais, introdúcense dous preceptos. O primeiro establece o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades.

Regúlase un novo modelo de cofinanciamento para a prestación dos servizos de escolas infantís e centros de día que xestiona na actualidade ou que pase a xestionar no futuro o Consorcio de Servizos da Igualdade e Benestar en colaboración coas entidades locais para garantir a sostenibilidade financeira dos servizos e homoxeneizar as súas condicións en garantía da segu-

ridade xurídica, en consonancia co Acordo marco asinado pola Consellería de política Social coa FEGAMP o 11 de maio de 2016.

Todo o anterior, co obxectivo de garantir a sostenibilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades, e homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica.

En segundo lugar, compre modificar o artigo 16 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, ao obxecto de establecer de forma máis clara e precisa o concepto e contido en xeral da Historia Social Única Electrónica. Establécese a obrigatoriedade de incorporar a información necesaria á Historia Social Única Electrónica por parte das distintas entidades que conforman o Sistema galego de servizos sociais.

O título III regula a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes de actualización do sistema de transporte público de Galicia, marcou as actuacións que deberán seguir os poderes públicos para acadar a súa adaptación á evolución das necesidades da sociedade en materia de mobilidade.

Neste sentido, a referida lei configura o Plan de transporte público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa Comunidade Autónoma. E ademais, en relación con este instrumento esencial para a planificación do futuro do sistema de transporte público galego, a propia lei establece o procedemento e prazos para a súa aprobación, así como normas transitorias de garantía da prestación de servizos no período transitorio, é dicir, o que transcorrerá ata a aprobación do plan e a posterior licitación dos servizos de transporte que o dito plan estableza.

Fixado a través desta norma o procedemento, os criterios e os principios que as Administracións deberán seguir cara a modernización e adaptación do sistema de transporte público, procede agora avanzar neste proceso de transformación e completar a dita regulación legal co establecemento de disposicións normativas dirixidas a regular as actuacións que a Administración deberá adoptar para a implantación do novo mapa de servizos de transporte, incluso durante o actual período transitorio.

Cos anteriores obxectivos, na lei incídese na clarificación dos ámbitos de actuación das diferentes administracións públicas galegas, así como, fundamentalmente, no establecemento de actuacións de coordinación, colaboración e cooperación nos seus respectivos ámbitos de actuación, cara a máxima optimización dos recursos dispoñibles e a potenciación das vantaxes do sistema de transporte público para o conxunto da poboación.

Regúlase o réxime de establecemento de novos servizos, non só a través do Plan de transporte público de Galicia senón tamén con antelación á súa propia aprobación e adxudicación

consonte co que establece o Regulamento CE 1370/2007, do 26 de outubro, facilitando así unha transición progresiva e, por tanto, máis doada tanto para os sectores empresariais como para as propias persoas usuarias.

Por outra parte, no ámbito das competencias da Xunta de Galicia a racionalización da actuación dos diferentes departamentos acadará o seu máximo nivel mediante a integración de diferentes servizos de transporte, o que ademais de poñer ao dispor do conxunto da poboación un sistema de transporte público atractivo e habituar na súa utilización aos usuarios do futuro, resulta axeitado para evitar duplicidades de servizos en zonas con escasa demanda, cos conseguintes aforros en custes ambientais e económicos.

Así, configúrase a rede de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral como estrutura básica da contratación que realiza a Xunta de Galicia, e dítanse regras para a progresiva integración dos diferentes servizos nun sistema único de transporte público. Neste sentido, resulta tamén preciso regular un procedemento extraordinariamente áxil que permita ás Administracións responder de xeito inmediato ás novas e imprevisibles demandas de transporte que deberán ser atendidas sen dilación, máxime cando se produzan vinculadas co exercicio de dereitos esenciais como o de acceso á educación.

Por outra parte, en canto ao réxime de tarifas do sistema de transporte público, fíxase unha regulación adaptada ás peculiaridades da nosa Comunidade Autónoma e ás previsións da propia lei en relación coa integración de servizos de transporte público e á previsible concorrencia nun mesmo vehículo e servizo de usuarios con características específicas e atencións especiais. Ademais, tamén neste eido se avanza na coordinación do sistema galego de transporte público mediante a previsión de protocolos técnicos de interconexión dos sistemas de pagamentos e de información que oferten as diferentes administracións.

O último dos títulos, regula as medidas provisionais de ordenación urbanística. Cómpre dotar de certeza e seguridade xurídica á cidadanía, e aos distintos operadores no eido urbanísticos, sen prexuízo do máis absoluto respecto ás resolucións xudiciais. Ante o baleiro legal existente, procede acometer a regulación da forma de proceder nos casos nos que tras a declaración de nulidade do planeamento urbanístico, “reviva” un planeamento anterior que non responde nin ao actual modelo de cidade nin as necesidades urbanísticas existentes, e cuxa aplicación resulta incompatible co logro dos obxectivos de benestar socio-económico que debe impulsar as actuacións públicas.

Impulsar o desenvolvemento urbanístico, habilitando para o efecto a tramitación ad hoc, no caso de anulación do instrumento de ordenación ou da normativa de ordenación provisional, dun procedemento no que, sen eludir as sentenzas recaídas, poda ordenarse a correspondente tramitación procedimental de xeito eficiente, e acurtando na medida do posible os prazos previstos.

O texto conta seis disposicións adicionais. As dúas primeiras relacionadas do sistema de transporte público regular de viaxeiros de Galicia. A primeira regula os instrumentos para a coordinación en materia de transporte público e integración de servizos de transporte. A segunda denominada “vehículos autorizados para a prestación de servizos de transporte”, atende á previsión de implantación progresiva de fórmulas flexibles de explotación adaptadas ás necesidades reais da poboación, resultando preciso que zonas do territorio cun escaso nivel de demanda poidan ser atendidas mediante vehículos de tamaño reducido, especialmente indicados para fórmulas de explotación baixo demanda.

A terceira das disposicións adicionais regula o prazo para a posta en marcha das emisións e pago da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondentes ás adxudicacións transformadas en licenzas. A aparición nestes últimos anos de novas plataformas tecnológicas cunha cota de penetración no mercado de audiovisual cada vez máis significativa, capaces de competir directamente coas televisións tradicionais, van ter un incidencia determinante na repartición publicitaria na medida en que se incrementan os soportes a través dos que se visibilizan os contidos publicitarios, fonte principal de financiamento das televisións autonómicas e locais.

Esta conxuntura de dinamismo tecnolóxico, que ten á imaxe en movemento como elemento vertebrador da información e do entretemento, así como o cambio de circunstancias producido desde o momento do outorgamento dos títulos administrativos e a necesidade de viabilizar e de poñer en marcha o servizo de comunicación audiovisual de televisión aconsella ampliar en catro anos o prazo previsto nos artigos 38 e 40 da lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Esta ampliación permitirá contar cun tempo suficientemente amplo ata que se clarifique o futuro destes servizos de comunicación audiovisual, a fin de non frustrar a súa viabilidade.

A cuarta integra o corpo de letrado do consello consultivo na escala de letrados da Xunta de Galicia.

A quinta regula supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable cujas funcións asumiranse pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A última das disposicións adicionais autoriza a creación da Axencia Galega da Industria Forestal adscrita á consellaría competente en materia de economía.

O texto contén dúas disposicións transitorias. A primeira regula a situación transitoria do persoal funcionario de carreira que ocupe postos de traballo de letrado no Consello Consultivo de Galicia no momento da entrada en vigor desta lei. A segunda a atribución de funcións na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Regúlanse tamén tres disposicións derogatorias. A primeira, derroga o Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de pro-

dución de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A segunda, derroga o artigo 86 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como consecuencia do artigo 68 desta lei que regula o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades.

A terceira, derroga a Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia e dissolve o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia.

Tamén se regulan no proxecto cinco disposicións derradeiras. A primeira delas modifica o artigo 11 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica. O Decreto 89/2016 contempla como ficheiro no que se recolle a información de carácter persoal do sistema de historia social única electrónica o de “xestión de servizos sociais”, do que é titular a consellería competente en materia de servizos sociais. A análise xurídica da cuestión da titularidade e emprego da información da historia social única electrónica recomenda dispor de un ficheiro de datos de carácter persoal específico para a historia social única electrónica. Por último, inclúese unha cláusula de salvagarda de rango para incluír a previsión expresa de conservación da vixencia do Decreto 89/2016 en todo o que non se opoña á lei, para maior seguridade xurídica.

A segunda, modifica o Decreto 130/2013, por un lado o artigo 5 co obxecto de obxectivo e atender e axustar a explotación dos portos deportivos á demanda e ocupación de cada instalación en concreto tendo en conta as tempadas habituais de alta e baixa ocupación/demanda, e por outro, a disposición transitoria primeira ampliando en tres anos máis o prazo de adaptación da concesións administrativas sobre portos ou zonas portuarias de uso náutico-deportivo a este Decreto.

A terceira, modifica a Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia. En concreto modifícase a regulación da Secretaría Xeral e Secretaría do Pleno e Seccións e a regulación referente aos letrados.

A cuarta, modifica a disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, para clarificar o réxime de competencias na adaptación do planeamento, evitar dúbidas aplicativas, garantindo así que se respecte o réxime competencial para a aprobación dos plans que se derivan da dita lei.

A quinta, regula a entrada en vigor da lei.

Remata o proxecto con dous anexos. O anexo I regula o réxime de cofinanciamento para escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa, como consecuencia do artigo 68 desta lei. O anexo II contén unha relación de definicións e clasificacións aplicables ao transporte público, axeitadas

para a correcta interpretación da norma, e nas que se incorpora ao sistema de transporte público fórmulas de prestación tales como o transporte baixo demanda ou os contratos mixtos ou zonais.

